



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

# 4 anos traballando por un novo **Culleredo**

Escolma do traballo  
realizado polo  
grupo municipal  
2019-2023

## O BNG denuncia posíbeis irregularidades nas obras da Urbanización A Ría

25 de xuño de 2019

**Con data de 15 e de 21 de maio o BNG rexistrou dous escritos dirixidos ao Goberno Municipal no que se lle referían as posíbeis irregularidades.**

**A empresa, que tivo que xustificar a súa oferta por ser anormalmente baixa, tería empregado técnicas máis baratas das estipuladas nos pregos de contratación, e agora pódese comprobar que o executado non se axusta ao previsto.**

O BNG de Culleredo detectou posíbeis irregularidades nas obras de rehabilitación do firme da Urbanización A Ría, en Fonteculler, que poderían afectar tanto á execución como ao proceso de adxudicación da mesma.

O voceiro nacionalista, Tono Chouciño, rexistrou xa en maio dous escritos dirixidos ao Goberno Municipal, con datas do 15 e do 21 dese mes, referíndolle esas posíbeis irregularidades detectadas e facéndolle chegar as queixas que xa daquela recibira da veciñanza afectada.

Entre esas irregularidades estaría o emprego de formigón preimpreso, que imita adoquinado, cando se prevía o uso de adoquíns prefabricados, como os xa existentes, que se reutilizarían nun 70% segundo os cálculos previos.

Chama tamén a atención o método empregado para executar as xuntas de dilatación, mediante o corte cunha radial, que diversos técnicos consultados cualificaron de "chapuza" e que traería problemas no futuro, provocando irregularidades na calzada.

Tono Chouciño lembra que a empresa adxudicataria tivo que xustificar a súa oferta por ser anormalmente baixa, "a empresa tivo que xustificar que podería executar o esixido por un prezo anormalmente menor, esa xustificación foi admitida pola mesa de contratación, e agora vemos que o que fixo non se axusta ao estipulado."

## **Viraxe obscurantista do goberno do PSOE de Culleredo**

1 de xullo de 2019

**Cantos veciños van poder asistir aos Plenos á unha e media da tarde?**

**Cantos membros da oposición van poder conciliar os seus traballos coa representación na Corporación?**

**Que proxectos soportan o pase de 4 a 6 dedicacións absolutas e de 1 a 4 dedicacións parciais?**

**Que novas funcionalidades se buscan creando tres postos de confianza con cualificación de alto nivel e retribución, a maiores de subir as retribución ás 2 secretarías do alcalde?**

**Por que se reducen as comisións informativas de 6 a 3?**

O BNG amosa a súa preocupación pola deriva que amosan as primeiras decisións do novo goberno de Culleredo, que auguran a intención de José Ramón Rioboo de aproveitar a súa maioría absoluta para erguer un muro de obscurantismo na xestión municipal.

Así o dá a entender a súa pretensión de trasladar os plenos municipais ás 13.30h., abandonando o horario das 20.00h., o que dificultará enormemente a asistencia aos mesmos do público que poida estar interesado nos temas a tratar en cada sesión e das persoas que forman parte da corporación e que non dispoñen de dedicación exclusiva, como é o caso da oposición.

Para o BNG de Culleredo isto é un paso atrás moi importante nos dereitos de información e de participación da veciñanza nos asuntos públicos municipais, máis propio de partidos da extrema dereita que de un partido que se di de esquerdas.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Tono Chouciño, amosou o seu malestar polas maneiras amosadas neste inicio de mandato polo goberno en funcións. "Tivemos que enterarnos do reparto de responsabilidades a través da prensa e agora atopámonos cunha proposta de horarios que busca dificultar o noso traballo e impedir a asistencia de público aos plenos. Esta actitude non predispón para chegar a acordos a ningún nivel. Parece que o Sr. Rioboo ten moito que ocultar e pretende pasar o rodillo, pero o noso compromiso de botar luz sobre a xestión municipal e democratizala segue intacto e nese sentido continuaremos a traballar."

## **O PSOE aproba as asignacións económicas a pesar dos reparos da Intervención Municipal**

2 de xullo de 2019

**O Pleno de Organización Municipal, que resultou totalmente desorganizado, aprobou cos reparos da Intervención Municipal as asignacións económicas propostas polo Goberno Municipal.**

**Despois dunha suspensión temporal do Pleno, a Interventora decidiu fundamentar os seus reparos na falta dun plan financeiro para cumprir coa regra de gasto.**

**O novo Goberno Municipal amosa a súa intención aplicar a súa maioría absoluta sen pudor en gardar as mínimas formas.**

Nun Pleno de organización municipal totalmente desorganizado, que tivo lugar hoxe en Culleredo, a Intervención Municipal presentou reparos suspensivos ás asignacións económicas aos concelleiros/as por adicacións exclusivas ou parciais, así como pola asistencia a órganos colexiados, ás asignacións aos grupos políticos municipais e ás contías correspondentes ás asignacións do persoal de confianza.

A Interventora baseou os seus reparos, nun primeiro intre, na posíbel falta de crédito para facer fronte aos pagos, e na falta dun plan financeiro para cumprir coa regra de gasto.

O Grupo Municipal do BNG solicitou que se deixara en suspenso a aprobación das asignacións económicas e das características do persoal eventual, para o estudo dos reparos e dar ao Goberno Municipal a posibilidade de modificar as súas propostas.

Finalmente, despois dunha suspensión temporal do Pleno, a Interventora decidiu fundamentar os reparos só na falta de plan financeiro para cumprir a regra de gasto, e o Grupo Municipal do PSOE empregou a súa maioría absoluta para levantar os reparos e aprobar as asignacións.

A actitude do equipo de goberno levou ao voceiro nacionalista, Tono Chouciño, a manifestar que o único que parecía buscar era "repartirse o pastel", sen importarlles os reparos da habilitada nacional.

Para o voceiro nacionalista, "o novo goberno supérase levantando as limitacións que describen os órganos de control e prescriben as leis, acostumados como están a facelo en numerosas ocasións anteriores en canto a pagos de facturas sen someterse ao procedemento de contratación pública e facendo destas decisións unha demostración de por onde vai ir un goberno en maioría absoluta que non ten xa ningún pudor en gardar as mínimas formas."

## **O PSOE retíralle a xestión das concesións administrativas ao Pleno Municipal**

7 de xullo de 2019

**A xestión de concesións administrativas trasládase do Pleno á Xunta de Goberno.**

**Concesións como a da Garrocha ou o do CLT de Ledoño non pasarán agora polo Pleno.**

**Trátase nun chanzo máis na política de ocultación que pretende levar o Sr. Rioboo neste mandato.**

A aprobación desta medida, vai furtarlle o debate sobre as concesións administrativas licitadas polo Concello de Culleredo ao conxunto da Corporación e mesmo ao conxunto do Grupo de Goberno, xa que non todos os seus membros fan parte da Xunta de Goberno.

Hai que lembrar o polémicas e ruinosas que resultaron as concesións administrativas para o erario público municipal en casos coma as instalacións deportivas municipais da Garrocha, pendente aínda da fase de liquidación e cunha débeda acumulada de 326.000€; ou o Centro Loxístico de Transportes, onde houbo que devolver 300.000€ de fianza por non ter reclamado nunca, misteriosamente, os incumprimentos que foron demostrados, e que aínda está pendente de ser recepcionado polo Concello, mentras particulares seguen a xestionar o aparcamento de camións ou os edificios de recepción de visitantes.

Cando se produzan ambos trámites, competencia do Pleno, xa non serán debatidos pola totalidade da Corporación dando pé á participación da oposición e mesmo se fora o caso, de asociacións interesadas en dar a súa opinión ao respecto tal como posibilitan os regulamentos municipais. Agora estes asuntos serán debatidos simplemente pola Xunta de Goberno, composta unicamente por 8 dos 12 representantes do PSOE.

Isto, xunto co cambio de Plenos a horario de mañá e a aprobación de salarios con informes da Intervención en contra, dan lugar a que o BNG non dea por pechadas as posibilidades de esixir rectificacións. O voceiro nacionalista, Tono Chouciño, avanza que "non imos quedar de brazos cruzados vendo como se producen retrocesos nos dereitos da veciñanza. Imos facer todo o posible para que os acordos aprobados o outro día sexan revisados".

## **O BNG recorre as asignacións económicas aprobadas no Pleno Municipal de Organización**

9 de xullo de 2019

**O BNG de Culleredo presentou recurso de reposición contra as asignacións económicas e características do persoal de confianza aprobadas no Pleno de Organización.**

**Foron detectadas eivas que nos levan a solicitar a nulidade de pleno dereito dos acordos aprobados.**

**A documentación achegada ao Pleno continúa imprecisións totalmente inadmisíbeis.**

O BNG de Culleredo presentou recurso de reposición contra as asignacións económicas e as características do persoal de confianza aprobadas no Pleno Municipal de Organización que tivo lugar en Culleredo o pasado martes 2 de xullo.

No escrito presentando, exponse como a Interventora titular enunciou a posíbel existencia de irregularidades na proposta presentada, baseándose na inexistencia de crédito suficiente e dun plan económico financeiro que determinara o cumprimento ou non da regra do teito de gasto.

Logo dunha suspensión temporal do Pleno, a Interventora reafirmou o seu reparo na ausencia de plan económico financeiro, e a maioría do PSOE aprobou as propostas presentadas sen que en ningún momento se lles achegara aos demais concelleiros e concelleiras, que debían votar e decidir sobre o asunto, documentación xustificativa nun ou noutro senso.

O BNG de Culleredo, unha vez feita unha revisión dos puntos en cuestión e das partidas orzamentarias correspondentes, detectou unha serie de eivas que nos levan a solicitar a nulidade de pleno dereito dos acordos aprobados no Pleno de Organización.

Entre esas eivas estaría unha redacción ambigua do informe do Interventor accidental, que dá lugar a equívocos, a ausencia dun cálculo do que van supor as novas asignacións económicas, ausencia de explicación de como se van sacar os fondos para aumentar as partidas iniciais, ou mesmo que as partidas que se nomean non existen no orzamento aprobado no Pleno Municipal.

Para Tono Chouciño, "a documentación achegada ao Pleno, ademais de carecer dun elemento fundamental como é o Plan económico financeiro, incorre en imprecisións que son totalmente inadmisíbeis nun documento co que se pretende xustificar un aumento que, segundo os nosos cálculos, será de máis do 100% con respecto ao que tiñan asignado no pasado mandato os membros do equipo de goberno".

## O BNG interésase pola situación da cuberta do parque infantil do Paseo de Tierno Galván

16 de xullo de 2019

**O BNG recibiu numerosas queixas veciñais polo peche prolongado deste espazo e pola presenza de columnas no espazo de xogos infantís.**

**O 29 de maio o BNG dirixiu un escrito ao Goberno Municipal interesándose polo sistema empregado na execución das unións entre as columnas e a cuberta.**

**O 3 de xuño o Goberno Municipal informou do traslado desa solicitude ao Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras, pero a día de hoxe aínda non temos constancia da elaboración do informe.**

**Unha vez máis en Culleredo estaríamos perante unha obra que se executa dun xeito distinto ao establecido no Prego de condicións técnicas.**

O BNG dirixiuse hai varias semanas ao Goberno Municipal para preguntarlle pola situación na que se atopa o parque infantil do Paseo Tierno Galván, en Acea de Ama, onde recentemente se executou unha cuberta e que, malia o Concello anunciar o mes pasado o remate das obras, segue pechado por un valado perimetral.

O BNG recibiu numerosas queixas veciñais referidas ao peche deste espazo, que é moi utilizado polos residentes na zona, e manifestando dúbidas sobre a idoneidade do deseño, coa instalación de columnas do espazo de xogos infantís.

No seu escrito ao equipo de goberno, Tono Chouciño interesouse polo sistema empregado na execución das unións entre as columnas e a cuberta propiamente dita, realizado mediante cilindros soldados entre os pilares e a estrutura metálica de sección cuadrangular, que non é o que ven definido no Prego de condicións técnicas da obra. Para o voceiro nacionalista, "estaríamos novamente perante unha obra que se executa dun xeito distinto a como está estipulado nos pregos de contratación, algo moi habitual en Culleredo e que neste caso é detectábel a simple vista e sen necesidade de coñecementos técnicos".

Na súa contestación ao escrito rexistrado o 29 de maio, que incluía a solicitude da elaboración dun informe técnico sobre a idoneidade da solución adoptada, que valorase a súa seguridade ou a necesidade de rectificación do executado, o Goberno Municipal afirmou o 3 de xuño ter dado traslado da petición ao Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras, sen que a día de hoxe se teña constancia do resultado da elaboración dese informe.

## **O BNG de Culleredo solicita acceso aos expedientes e licenzas de actividade das atraccións das festas patronais**

3 de agosto de 2019

Os actos ocorridos na pasada semana, coa solicitude de peche dunha atracción instalada nas Festas do Burgo por parte da Axencia Española de Seguridade Aérea, leva ao BNG de Culleredo a considerar necesaria a revisión das condicións nas que estas instalacións adquiren a súa licenza de actividade e os procedementos levados a cabo para facer prevalecer a súa seguridade para a veciñanza de Culleredo e os milleiros de visitantes que se achegan anualmente a elas.

No pasado Pleno Ordinario do Concello de Culleredo, celebrado o venres 26, o BNG de Culleredo preguntou ao Señor Alcalde pola licenza de actividade da atracción que fora paralizada, así como polos expedientes para a licenza de instalación e funcionamento das atraccións instaladas nas Festas e os Plans de Seguridade deseñados para estes eventos. O Sr. Rioboo derivou a resposta ao Concelleiro de Festas, quen non tomou a palabra.

O BNG de Culleredo ven de rexistrar unha solicitude para o acceso aos expedientes abertos para outorgar licenza de actividade ás atraccións instaladas nas Festas de Vilaboa e do Burgo, así como aos Plans de Seguridade deseñados para a protección da veciñanza e visitantes. Unha vez revisada a documentación, o BNG de Culleredo analizará os procedementos polos que se licitan estas actividades e se poñen en práctica os requeridos plans de seguridade para actividades con este volume de público asistente.

O goberno municipal debe supervisar a actividade das Comisións de Festas que, con toda a súa vontade, tempo e esforzo, organizan estas celebracións para que as festas patronais se leven a cabo co cumprimento de todas as medidas de seguridade requeridas. O propio Presidente da Comisión de Festas do Burgo aclarou nunha entrevista que, na súa opinión, "da igual onde se sitúen as atraccións". A infraestrutura humana e loxística requerida para a organización destas celebracións deben asegurar as condicións de seguridade e o respecto á normativa municipal.



## **Campaña informativa do BNG sobre o Plan de Transporte da Xunta**

13 de agosto de 2019

**A primeira das reunións celebrouse o pasado martes en Boedo, á que acudiu moita veciñanza, amosando o interese existente no tema.**

**A próxima reunión terá lugar este martes día 13, ás 19.30h., no Centro Social de Orro.**

**É importante coñecer as demandas reais da veciñanza do noso Concello para dar traslado das mesmas do goberno da Xunta, antes do 21 de agosto, cando remata o prazo de alegacións ao anteproxecto de transporte público.**

O BNG de Culleredo comezou esta semana unha campaña informativa sobre o anteproxecto de servizos de transporte público da Xunta de Galiza, que intentará levar a todas as parroquias do Concello.

A primeira destas reunións tivo lugar o pasado martes en Boedo, con boa acollida e un claro interese da veciñanza que trasladou aos concelleiros do BNG presentes, Tono Chouciño e Bea Pérez, as súas necesidades e demandas en materia de transporte.

Para os representantes do BNG estas reunións deberían estar a ser promovidas polo propio Goberno municipal. Lembran que o Concello ten recursos e órganos de participación veciñal que deberían ser o foro onde se dicutisen e a veciñanza puidese formular solucións aos problemas de mobilidade existentes en Culleredo.

A próxima celebrarase en Orro, no Centro Social, o vindeiro martes 13, ás 19:30 horas, onde o voceiro nacionalista, Tono Chouciño, convida a participar a todas as persoas interesadas. "O prazo de alegacións remata o 21 de agosto e é importante coñecer as demandas reais da veciñanza do noso Concello para dar traslado das mesmas ao goberno da Xunta".

## **Alegacións do BNG de Culleredo ao Plan de Transporte Metropolitano da Xunta**

27 de agosto de 2019

O BNG de Culleredo solicita o mantemento dos servizos ás localidades rurais do noso Concello nas fins de semana e dos servizos da liña de Entrexardíns a Nós a primeira hora da mañá, suprimidos no Anteproxecto presentado. Solicita tamén a mellora da conectividade transversal das liñas que pasan polas poboacións rurais coas liñas supramunicipais, o alongamento dos horarios nocturnos dende A Coruña tanto ao Burgo como a Vilaboa, a ampliación de servizos na zona da Cros, e a revisión das tarifas previstas, xa que o estudo económico do Anteproxecto suxire unha suba de prezos dos billetes coas novas concesións.

Para o BNG de Culleredo o anteproxecto do Plan de Transporte Metropolitano da Xunta non tivo en conta os pasos dados para a constitución dunha área metropolitana na comarca coruñesa, que incluían unha mesa de traballo de transporte con obxectivos compartidos coma "Transitar cara á conformación dunha autoridade única de transporte".

Este esquecemento leva ao Anteproxecto a adoeecer dunha falta de transversalidade a nivel comarcal que permita desprazamentos directos entre as distintas localidades e centros de demanda (polígonos industriais, centros sanitarios...), obrigando ás persoas usuarias a realizar transbordos na cidade da Coruña. Leva tamén ao esquecemento total da intermodalidade, evitando calquera referencia á demanda dun tren de cercanías que aproveite as infraestruturas existentes.

O voceiro nacionalista, Tono Chouciño, amosouse satisfeito coa participación cidadá nas asembleas celebradas polo BNG para a elaboración das alegacións presentadas e lamentou "que non teña sido o Goberno Municipal quen impulsara un proceso participativo aberto, aínda que a última hora afirmaron ter feito enquisas polas parroquias, polas que a veciñanza nos pregunta estrañada, e das que agardamos poder coñecer algún día os resultados".

## 100 días de vacacións, 100 días de parálise en Culleredo

28 de setembro de 2019

**O Concello de Culleredo permanece paralizado, mentras o Goberno Municipal segue "pechado por vacacións" dende as eleccións municipais.**

**Asuntos fundamentais para o futuro de Culleredo seguen paralizados e aínda non se sabe cales son as novas funcionalidades das persoas con dedicacións retribuídas nas áreas de goberno, que aumentaron sensiblemente con respecto ao anterior mandato.**

Despois de 4 meses da celebración das últimas eleccións municipais, que lle deron a maioría absoluta ao PSOE, e cando pasan xa máis de 100 días da constitución do novo goberno municipal, encabezado polo Sr. Rioboo, constátase a súa falta total de iniciativa e espírito de traballo que levan ao Concello de Culleredo á parálise máis absoluta.

Despois de todo este tempo aínda non se sabe cales son as novas funcionalidades das persoas con dedicacións retribuídas nas áreas de goberno. Estas aumentaron sensiblemente con respecto ao anterior mandato, sendo aprobadas co informe desfavorábel da intervención municipal, o que motivou o recurso do BNG, recurso que está pendente aínda de resolver.

Asuntos fundamentais para o futuro do Concello, como a aprobación do PXOM, seguen paralizados, desaparecendo a Comisión Especial que viña existindo nos últimos mandatos, mentras se fan promesas que nunca chegan a materializarse. Outro tanto ocorre coa demanda dun novo Instituto para o rural de Culleredo, petición veciñal remitida a todos os grupos políticos o 23 de xullo pola que o BNG preguntou en repetidas ocasións aos responsábeis do Goberno Municipal sen resposta.

O Concello de Culleredo funciona por inercia mentras o equipo de goberno estivo "pechado por vacacións" dende o día das votacións, segundo afirmou o Sr. Alcalde nunha entrevista á prensa. Moitos veciños e veciñas comezan a prantexarse se era para isto para o que quería o Sr. Rioboo a maioría absoluta.

O portavoz do Grupo Municipal do BNG Tono Chouciño amosou a súa preocupación por este comezo de mandato. "Non parece que a situación de Culleredo sexa tan paradisíaca para que o Goberno Municipal se conceda 4 meses de vacacións. Reclamámoslles que sexan máis conscientes das súas responsabilidades e da confianza que os veciños e veciñas de Culleredo depositaron neles para solucionar os seus problemas, e se poñan a traballar para solventar a situación de total abandono na que se atopa o Concello."

## **O Goberno de Culleredo concede 3 anos máis a EMALCSA para rematar o depósito de Almeiras**

5 de outubro de 2019

**A obra iniciouse o 19 de xuño de 2017 e tiña un prazo de execución de 6 meses.**

**EMALCSA ten tamén paralizadas as obras na Avenida de Ribados, por carecer de licenza municipal.**

**O BNG demanda saber cal é a situación actual das obras e as compensacións solicitadas á empresa e ao Concello da Coruña.**

O Goberno socialista de Culleredo ven de conceder á Empresa Municipal de Augas da Coruña (EMALCSA) unha prórroga de 3 anos para rematar a construción do depósito que esta empresa comezou en Almeiras o 19 de xuño de 2017, e que contaban cun prazo inicial de realización de 6 meses.

Para o BNG e Culleredo esta ampliación supón a "bendición" do equipo do Sr. Rioboo de todas as demoras que acumula o proxecto, prolongando sine die unha situación perigosa para a veciñanza e de deterioro severo do entorno, situación que se repite nas obras desta mesma empresa na Avenida Ribados, paralizadas por carecer de licenza municipal.

O voceiro do BNG de Culleredo, Tono Chouciño, lembra que o goberno local asegurou antes das últimas eleccións que a situación era "indignante", e o Sr. Alcalde afirmou que o Concello estudiaría a paralización da obra de Almeiras e a reposición dos terreos ao estado inicial, así como que EMALCSA debería "pagar el canon por ampliación del plazo de ejecución, que revertirá en la posterior humanización da la zona".

"A veciñanza de Culleredo, e a de Almeiras por ser a directamente afectada, merece saber cal é a situación actual das obras, que xestións se levaron a cabo dende o Goberno municipal para asegurar o remate das mesmas, e as compensacións demandadas tanto perante a propia empresa como perante o Goberno Municipal da Coruña, do que depende esta empresa pública, que parece ter carta branca no noso Concello".

## O BNG demanda axilidade e transparencia na tramitación do novo PXOM

22 de outubro de 2019

**O BNG demanda ao Goberno Municipal que se tome a tramitación do novo PXOM coa seriedade que se merece, xa que marcará o futuro de Culleredo durante varias décadas.**

**Moitos dos anuncios realizados estes días na prensa correspóndense con demandas que o BNG viña realizando dende hai tempo, como o cálculo aberrante do crecemento poboacional ou o exceso de creación de vivendas.**

**Despois de afearlle o BNG no Pleno de Organización a desaparición da Comisión Especial do PXOM, o Alcalde anunciou a súa creación, pero 4 meses despois segue sen constituírse.**

O BNG de Culleredo manifesta a súa sorpresa logo das últimas novas aparecidas na prensa sobre a tramitación do proxecto do novo PXOM e a redacción dun "documento alternativo", dada a ausencia absoluta de información oficial dende o Goberno Municipal.

Tono Chouciño, voceiro do Grupo Municipal do BNG, demanda a convocatoria urxente da Comisión Especial do PXOM, desaparecida do organigrama municipal. Lembra que no Pleno de Organización, celebrado o 2 de xullo, o Sr. Alcalde de Culleredo anunciou a súa creación, despois de afearlle o BNG a súa desaparición "pero despois de case 4 meses segue sen constituírse. Seica ía haber "transparencia" e ían "tender pontes" coa oposición, pero todo o que atopamos é propaganda pagada cos nosos impostos".

Estes anuncios do Goberno Municipal a través da prensa supoñen o recoñecemento das demandas que o BNG ven facendo con insistencia desde hai tempo (supresión de urbanizábeis illados, cálculo aberrante de crecemento poboacional, exceso de creación de vivendas,...) e que xa se recollían no boletín especial editado en xaneiro de 2018.

O Grupo Municipal do BNG demanda ao Goberno Municipal que se tomen coa seriedade que se merece un asunto que marcará o futuro de Culleredo durante varias décadas, e que debería xestionarse en busca de acordos, procurando a unanimidade.

"Isto é difícil (remarca Tono Chouciño) cando dos 10 membros do goberno con algún tipo de dedicación remunerada, nengún é o responsábel de Urbanismo, como sería preciso nesta situación, cando hai un Proxecto de modificación do Plan Director do Aeroporto que pode alterar todo o marco normativo en que se basean os traballos feitos até este momento, e cando aínda teñen sen contestar as case 1200 alegacións presentadas polos veciños e veciñas. Traballo non lle falta".

## O BNG de Culleredo propón melloras nas obras da Avenida de Rutis

28 de outubro de 2019

**A obra está parada desde hai varios días.**

**Preséntase unha oportunidade para mellorar a mobilidade e seguridade viaria da contorna.**

**A limitación de velocidade a 30 Qm/h, debería ser o inicio dunha nova mobilidade nun entorno escolar e sanitario.**

As obras da Avenida de Rutis, onde se está a renovar o pavimento, están desde hai varios días paradas, quedando un pano fresado pero sen asfaltar. As máquinas desapareceron de alí e non hai cartel que nos indique cando van rematar nen hai noticias sobre o porqué desta situación. Desde a Corporación Municipal debemos esixir a finalización e as explicacións de por que se deixa unha obra a medias.

Malia isto, pode ser unha oportunidade para mellorar a mobilidade e seguridade viaria da contorna, e entendemos que cómpre aproveitala. Así pois, demandamos á Deputación da Coruña que remate a obra (na actualidade parada) sen máis demora. Pero debee aproveitarse para unha nova sinalización viaria e a limitación da velocidade nesa vía a 30 Qm/hora, de forma que se inicie un novo tratamento da mobilidade que priorice o tránsito peonil, principalmente nun punto delicado como é a entrada ao recinto deportivo de Acea de Ama, que se usa tamén para acceder ao IES Rego de Trabe e á Universidade Laboral. Un punto con moita densidade de tráfico, pois tamén está nas proximidades dunha zona comercial e do Centro de Saúde de Acea de Ama.

Para iso, entre outras, propónse trasladar o paso de peóns a diante do acceso peonil ao recinto da Secretaría do Deporte da Xunta, de forma que quedaría mesmo en fronte do acceso peonil ao recinto de Acea de Ama, fomentando así o uso da única acera que hai nesa costa de subida. (agora a xente entra maioritariamente, polo acceso dos coches e xa sube por medio da vía rodada).

Propónse tamén solicitar da Xunta de Galiza, como emenda aos orzamentos da Xunta 2020, unha partida para acondicionar a mobilidade dentro do recinto, en particular as beirarrúas propostas no Plan Especial da Laboral, redactado e aprobado e dispoñible para consulta no Concello de Culleredo.

## **Aprobadas as propostas do BNG para a mellora do acceso peonil ao Parque da Laboral**

3 de novembro de 2019

**O Pleno Municipal aproba por unanimidade as propostas do BNG de Culleredo para a mellora dos accesos a través da Avenida de Rutis.**

**Solicitarase da Xunta a apertura do acceso peonil durante todo o horario.**

**Unha máis adecuada posición do cruce peonil e da parada de autobús procurarán fomentar o acceso a través da única beirarrúa no recinto.**

O Pleno Municipal aprobou por unanimidade a proposta do Bloque Nacionalista Galego para mellorar o acceso peonil ao Parque de Acea de Ama a través da Avenida de Rutis, aproveitando as obras no firme que se están levando a cabo. O goberno do PSOE non deu resposta nin explicación trala pregunta dos nacionalistas pola causa da parálise da obra.

O acordo promovido polo BNG solicita da Xunta de Galicia a construción das beirarrúas proxectadas no Plan Especial de urbanización do recinto, que permitirían aos peóns dispoñer de espazo sen invadir a vía para vehículos. Do mesmo xeito solicitamos a apertura do acceso peonil ao recinto a través da Avenida de Rutis durante a totalidade do horario de funcionamento das instalacións.

Os nacionalistas solicitan tamén a través da súa moción o traslado do cruce peonil existente actualmente para que coincida diante do acceso peonil ao recinto, co fin de fomentar o uso deste acceso e da única beirarrúa no seu interior. Por último, as propostas do BNG inclúen a solicitude ás autoridades competentes da reubicación da marquesina e parada dos autobuses que percorren o acceso ao Parque da Laboral, para que pase a estar a carón da área de acceso peonil ás instalacións, de xeito que os seus usuarios non teñan que cruzar as áreas de acceso rodado.

## O BNG reclama que se informe públicamente do proxecto para ampliar a AP9 a oito carrís en Culleredo

10 de novembro de 2019

**O BNG solicitou a exposición pública da "mochila" do proxecto para o Vial 18. Existe desde 2008 un proxecto para ampliar a AP9 a 8 carrís ao seu paso por Culleredo.**

**PSOE e PP rexeitaron a proposta.**

**No último Pleno Municipal do pasado 31 de outubro, o BNG de Culleredo propuxo demandar ao Ministerio de Fomento información pública acerca do proxecto de ampliación da autoestrada AP9 a catro carrís por sentido ao seu paso por Culleredo: desde a área de servizo do Burgo en Almeiras, até a Xeca, na Corveira, onde se pretende enlazar co Vial 18.**

Fomos coñecedores deste proxecto ocultado polo Ministerio nunha reseña da documentación do anteprojecto do Vial 18, onde aparece como "proxecto relacionado" ao Vial 18 e que condiciona o seu deseño. Segundo este documento "Se diseña un tramo de ampliación de la plataforma a cuatro carriles [por sentido] desde el futuro enlace en A Corveira hasta el enlace del área de servicio. Así desde el enlace de A Corveira hasta el siguiente enlace, el enlace del área de servicio de O Burgo, se ha proyectado el trazado con cuatro carriles". Afírmase nesta publicación oficial que leva redactado desde 2008 e que nunca foi sometido a exposición pública, pero que está preparado para facelo no momento en que o demande "la superioridad".

Desde o BNG de Culleredo consideramos inconcebible que un proxecto desta magnitude e implicación territorial nun núcleo tan densamente poboado, leve oculto 11 anos sen que coñezamos os termos exactos en que vai afectar ao territorio do noso municipio. Cabe lembrar as reticencias que puxo o goberno municipal para presentar alegacións á exposición pública do Vial 18 hai uns meses, cando se trataba xa da segunda presentación do proxecto tras ser retirado polo Ministerio de Fomento dadas as alegacións veciñais en 2015. Agora, o goberno municipal do PSOE xunto ao PP, rexeitaron esta proposta de información pública levada a Pleno polo BNG.



## **O BNG de Culleredo reclamará en Pleno impulsar a contratación do subministro de auga**

27 de novembro de 2019

**O servizo préstase sen contrato desde 2015, sen que o goberno municipal reclame contraprestacións polas deficiencias no subministro.**

**O BNG presentará en Pleno unha moción para rematar con estas irregularidades.**

**Rioboó incumpliu varias veces nos dous últimos anos as súas promesas de sacar novamente a contratación o servizo.**

**O BNG presentará no vindeiro pleno municipal unha moción para solicitar ao goberno municipal o impulso do procedemento de contratación do servizo de auga potábel, paralizado trala aprobación dos pregos de contratación pola anterior corporación.**

A xestión da auga en Culleredo leva desde xuño de 2014 en precario, despois de que se aprobara polo Pleno unha prórroga dun ano que foi declarada pola Secretaria do Concello como ilegal, por terse esgotados todos os prazos de prórroga á empresa adxudicataria desde o ano 1989. Desde a fin da última prórroga descoñecemos as obrigas e dereitos de Gestagua, empresa adxudicataria do servizo. Vale a pena lembrar que os pregos de contratación recollían unha poxa para pagar un canon ao Concello dun mínimo de 50.000€ por xestionar o servizo de auga durante 5 anos. Esta é a cantidade que a empresa concesionaria do servizo en Culleredo está aforrando mentres se continúa a dilatar o proceso de contratación do servizo. Máis alá de que a empresa concesionaria non estea obrigada a pagar un canon ao Concello polo seu negocio, non se está a aplicar ningún tipo de desconto ou contraprestación por fallos no servizo que requiren de aviso previo e pronta solución. Os fallos no servizo dos últimos anos seguen sen solución nin información clara sobre as súas causas.

Desde hai case xa dous anos véñense repetindo con moita asiduidade problemas pola turbidez da auga da traída, orixinando graves problemas á veciñanza do noso concello. Desde o BNG de Culleredo levamos trasladando ao goberno municipal a necesidade de pór finalmente remedio ao deficiente servizo de subministro de auga, comezando pola regularización definitiva do contrato de subministro, para que toda a veciñanza poda coñecer as responsabilidades da empresa adxudicataria. Rioboó prometeu na súa chegada á Alcaldía hai dous anos resolver esta situación irregular (como a de outros moitos servizos sen contrato no noso concello) en poucos meses. Máis tarde dixo que estaría resolto no pasado mes de setembro de 2019... Unha e outra vez incumple as súas palabras e deixa clara a ineficencia na súa xestión.

## O BNG de Culleredo reclama a convocatoria do Consello Escolar Municipal e solicita deseñar un Mapa Escolar do concello

5 de decembro de 2019

**Diante da intención amosada pola Consellería de Educación de eliminar os estudos de Bacharelato do IES Universidade Laboral e usar as súas instalacións para a ampliación do número de aulas do IES Rego de Trabe.**

**O BNG ven de solicitar os últimos informes de escolarización municipal para avaliar a saturación nos centros educativos do municipio.**

**O BNG de Culleredo reclamou no pasado Pleno ao Sr. Rioboó, na súa condición de Presidente do Consello Escolar Municipal, a súa convocatoria extraordinaria para acometer a avaliación das últimas novas chegadas da Consellería de Educación nas que adianta a súa intención de eliminar os estudos de Bacharelato do IES Universidade Laboral e empregar as súas instalacións para ampliar o número de aulas da ESO do IES Rego de Trabe.**

O Consello Escolar Municipal reúne a representantes de toda a comunidade educativa do concello: estudantes, nais, pais, profesorado e representantes municipais; e a súa convocatoria depende do goberno municipal. Desde o BNG de Culleredo consideramos que o Concello de Culleredo debe interesarse porque se dea unha solución firme, con sentido común e vocación duradeira, ao déficit estrutural de crónico do mapa educativo de Culleredo, que non se da resolto pola falta de planificación, a pesar da construción de novos centros. Existe ademais unha proposta veciñal que demanda un novo centro de ensinanza secundaria no ámbito rural do noso concello que aínda non conta con resposta do goberno municipal e que axudaría a resolver moitos dos problemas da escolarización no noso municipio.

O BNG de Culleredo ven de solicitar os últimos informes de escolarización municipais para contar con toda a información necesaria para avaliar o número de aulas con ratios por encima do límite legal e o estado de saturación dos centros escolares do noso concello. "É ineludible que se acometa de inmediato unha planificación do Mapa Escolar do noso concello", sinala Tono Chouciño, voceiro dos nacionalistas na corporación municipal. "A nosa poboación continúa a medrar, tal e como indican as cifras do padrón e tal e como o goberno municipal plantexa no proxecto de PXOM, e precisamos dar solucións a longo prazo para dispor da mellor oferta educativa no noso municipio".

**Esta é a oportunidade para que a túa asociación faga realidade as súas propostas!**

10 de decembro de 2019

Na tarde de hoxe, Martes 10 de Decembro, constituiranse os Consellos Sectoriais de Participación Cidadá aos que a túa asociación debeu ser convocada polo Concello de Culleredo.

A través dos Consellos Sectoriais, a túa asociación pode presentar propostas ao goberno municipal para que sexan incorporadas ao orzamento para o ano 2020 e que, polo tanto, se fagan realidade no vindeiro ano. Unha vez presentadas as vosas propostas serán elevadas ao Consello Xeral de Participación Cidadá para a súa avaliación antes de que pasen ao Pleno Municipal para a súa aprobación como parte do Orzamento.

Desde 2008, e polo esforzo e insistencia do BNG, está recollido no Regulamento Municipal a existencia do Consello Xeral de Participación Cidadá coa capacidade de elevar propostas ao orzamento por valor do 25% dos investimentos do Concello.

Tomando como referencia o orzamento para 2018, falamos dunha cantidade de aproximadamente 1.200.000 euros, que é obrigado destinar anualmente a propostas realizadas pola veciñanza, a través de calquera asociación, que deben ser informadas e valoradas por técnicos municipais e aprobadas polo Consello Xeral de Participación Cidadá antes de ser incluídas nos Orzamentos Municipais e ser aceptadas polo Pleno da Corporación.

Nestes anos pasados o Goberno Municipal do PSOE optou pola manipulación, e en lugar de informar, fíxo pasar por veciñais propostas nas que o goberno tiña interese. É moi importante que a cidadanía de Culleredo bote a andar pola senda da participación para acadar a dignidade e o respecto que merecemos. Se precisas de axuda para que a túa proposta forme parte deste procedemento non dubides en poñerte en contacto co BNG de Culleredo.

## O BNG de Culleredo reclama a convocatoria do Consello Escolar Municipal e solicita deseñar un Mapa Escolar do concello

12 de decembro de 2019

**Diante da intención amosada pola Consellería de Educación de eliminar os estudos de Bacharelato do IES Universidade Laboral e usar as súas instalacións para a ampliación do número de aulas do IES Rego de Trabe.**

**O BNG ven de solicitar os últimos informes de escolarización municipal para avaliar a saturación nos centros educativos do municipio.**

O BNG de Culleredo reclamou no pasado Pleno ao Sr. Rioboó, na súa condición de Presidente do Consello Escolar Municipal, a súa convocatoria extraordinaria para acometer a avaliación das últimas novas chegadas da Consellería de Educación nas que adianta a súa intención de eliminar os estudos de Bacharelato do IES Universidade Laboral e empregar as súas instalacións para ampliar o número de aulas da ESO do IES Rego de Trabe.

A día de hoxe o Sr. Alcalde continúa sen considerar a importancia de convocar a reunión deste organismo no que escoitar a opinión de toda a comunidade escolar. Polo contrario, a comunidade educativa cullerdense está alarmada polo anuncio do peche dos estudos de bacharelato no IES Universidade Laboral e tanto alumnos como nais, pais e profesores están a organizar actividades de información e reivindicativas.

O Consello Escolar Municipal reúne a representantes de toda a comunidade educativa do concello: estudantes, nais, pais, profesorado e representantes municipais; e a súa convocatoria depende do goberno municipal. Desde o BNG de Culleredo consideramos que o Concello de Culleredo debe interesarse porque se dea unha solución firme, con sentido común e vocación duradeira, ao déficit estrutural de crónico do mapa educativo de Culleredo, que non se da resolto pola falta de planificación, a pesar da construción de novos centros. Existe ademais unha proposta veciñal que demanda un novo centro de ensinanza secundaria no ámbito rural do noso concello que aínda non conta con resposta do goberno municipal e que axudaría a resolver moitos dos problemas da escolarización no noso municipio.

# Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

O BNG de Culleredo ven de solicitar os últimos informes de escolarización municipais para contar con toda a información necesaria para avaliar o número de aulas con ratios por encima do límite legal e o estado de saturación dos centros escolares do noso concello. "É ineludible que se acometa de inmediato unha planificación do Mapa Escolar do noso concello", sinala Tono Chouciño, voceiro dos nacionalistas na corporación municipal. "A nosa poboación continúa a medrar, tal e como indican as cifras do padrón e tal e como o goberno municipal plantexa no proxecto de PXOM, e precisamos dar solucións a longo prazo para dispor da mellor oferta educativa no noso municipio".

## **O BNG de Culleredo propón manter o Bacharelato na Universidade Laboral e que se imparta ESO no rural**

21 de decembro de 2019

**A Xunta de Galiza, a través da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación, vén de trasladar a súa intención de eliminar o Bacharelato do IES Universidade Laboral para o vindeiro curso.**

**O BNG propoñerá á corporación municipal a esixencia á Xunta de Galiza do cese na proposta de eliminación de Bacharelato na Universidade Laboral e que se proceda a equipar os IES das instalacións mínimas establecidas por Lei.**

**Os nacionalistas de Culleredo acordaron tamén, xunto co grupo socialista, a presentación dun texto conxunto, consensuado coa plataforma Somos Rural, demandando á Xunta un centro de Educación Secundaria na área rural do concello.**

O BNG de Culleredo vén de rexistrar unha moción a debater no vindeiro Pleno Municipal, convocado para o Xoves 26 de decembro ás 13:30 horas, na que propón demandar que a Xunta de Galicia dea marcha atrás na súa intención de eliminar os estudos de Bacharelato do IES Universidade Laboral, sumándose ao rexeitamento da proposta por parte da comunidade educativa. Esta eliminación suporía a finalización da excelente traxectoria da sección dun centro polo que pasaron milleiros de estudantes e que conta cunhas instalacións únicas na comarca, sendo un dos poucos centros que cumpre as esixencias do art. 26 do Real Decreto 1004/1991, de requisitos mínimos nos centros de Educación non Universitaria. Cómpre lembrar que o IES Universidade Laboral acadou neste ano o Premio Nacional de Boas Prácticas Docentes do Ministerio de Educación.

A decisión tomada pola Xunta de Galicia, sen contar coa opinión da comunidade educativa, alumnado, familias nin profesorado, suporá o desmantelamento das instalacións actualmente dedicadas a ciclos formativos da área marítimo-pesqueira, con servizos tan importantes como a reprodución da sala de máquinas. Asemade, os alumnos de Bacharelato quedarían sen espazo para servizos construídos con moito traballo ao longo dos anos como os clubs de ciencias, lecturas, cine, voluntariado... A falta de planificación da Consellería de Educación no mapa escolar cullerdense, un municipio dos poucos que continúa a medrar en poboación, ten un efecto moi nocivo no desenvolvemento educativo dos nosos mozos e mozas e nos servizos cos que contan na actualidade.

O BNG de Culleredo consensuou ademais co grupo socialista presentar unha moción aberta á incorporación do resto de grupos municipais representados na corporación, que procura que se imparta Ensino Secundario Obrigatorio na zona rural de Culleredo, ben nun centro novo, ben nun Centro Público Integrado a partir do existente. Nesa proposta, trasládase á Xunta de Galicia a vontade do Concello de

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

Culleredo para poñer á súa disposición os terreos necesarios para a construción dun centro de Educación Secundaria na área rural do municipio, se for a opción escollida. A proposta foi traballada e consensuada coa plataforma veciñal que leva reivindicando e traballando varios meses para acadar o obxectivo de que a poboación das parroquias rurais de Culleredo conte coas mesmas oportunidades no acceso á educación obrigatoria, rematando co agravio comparativo que sofre polo afastamento dos centros de Educación Secundaria.

## **O BNG demanda celeridade para asegurar a estabilidade dos terreos na Fonte da Balsa**

31 de decembro de 2019

**Tono Chouciño pide celeridade polo risco de novos esborallamentos e a publicación dos estudos xeotécnicos realizados.**

**O Goberno Municipal ten unha débeda moral cos veciños e veciñas de Fonte da Balsa, que levan meses esperando ser recibidos para falar deste problema.**

**En 2013 o actual alcalde, daquela concelleiro de Obras, afirmaba que a obra se ía realizar "da forma máis breve posíbel". Durante as últimas eleccións municipais depositáronse materiais de obra na zona, que despois foron retirados.**

O BNG de Culleredo demandou no último pleno, celebrado o pasado xoves, unha solución aos problemas de estabilidade dos terreos de Fonte da Balsa, onde debido ás choivas pasadas produciuse un esborallamento sobre unha zona de aparcamento de vehículos.

Tono Chouciño lembrou que o aseguramento dos taludes é unha demanda dos veciños e veciñas da zona, que sufren dende hai tempo desprendementos e a entrada de lama nos seus garaxes, e que hai meses rexistraron un escrito sobre este tema sen conseguir aínda ser recibidos polo goberno municipal.

O voceiro nacionalista lembrou tamén como xa en 2013 o actual alcalde, daquela concelleiro de Obras, afirmaba que a obra se ía realizar "próximamente", "da forma máis breve posíbel", e como este ano, durante as eleccións municipais, se depositaron na zona materiais de obra que, pasadas as eleccións, foron retirados ao tempo que se afirmaba que se tramitaba a adquisición dos terreos e que polo momento "só se realizaron estudos xeotécnicos".

Tono Chouciño pediu ao Goberno Municipal celeridade na aplicación das potestades da Administración para a realización dunha obra que ten carácter urxente, polo risco máis que evidente para a seguridade cidadá de novos esborallamentos, así como a publicación dos estudos xeotécnicos realizados.

"O Goberno Municipal ten unha débeda moral cos veciños e veciñas de Fonte da Balsa, e debe dispor dos medios técnicos e económicos para evitar que algún día ocorra unha desgraza maior".



## O Concello de Culleredo arrinca 2020 sen orzamentos

18 de xaneiro de 2020

**O goberno do PSOE en Culleredo, con maioría absoluta, non foi quen de cumprir coa súa obriga de aprobar os orzamentos antes do remate do ano.**

**O goberno local de Culleredo incumpre os regulamentos de participación cidadá, preceptivos para a tramitación dos orzamentos, ao non admitir propostas veciñais nin a intervención dos seus membros durante a sesión do Consello Xeral de Participación Cidadá.**

**Outros concellos da Comarca, como Cambre ou Sada, sen maiorías absolutas no goberno, xa aprobaron as súas contas para 2020.**

A parálise do goberno local cullerdense liderado por José Ramón Riobóo impide que os orzamentos municipais para o ano 2020 sexan aprobados en tempo e forma. Mentres outros concellos da nosa contorna como Cambre ou Sada, sen gobernos con maioría absoluta, aprobaron xa os orzamentos para este ano, ou A Coruña que os aprobará o vindeiro xoves tralo acordo acadado con grupos da oposición, o goberno do PSOE en Culleredo, con maioría absoluta, non foi quen de aprobar os orzamentos antes do remate do ano. Nin sequera se trasladou aínda a documentación ao respecto aos grupos na oposición, nin se convocou a Comisión que debe dictaminar a tramitación do proxecto de orzamentos antes de chegar ao Pleno.

Mención aparte merece a xestión preceptiva para a aprobación dos orzamentos das propostas veciñais realizadas a través dos Consellos de Participación Cidadá, dos que só se convocaron as sesións de constitución. O regulamento dos Consellos Sectoriais de Participación sinala que deben ser estes organismos os que trasladen as propostas realizadas polas asociacións do concello ao Consello Xeral de Participación. A día de hoxe, ningunha asociación de Culleredo recibiu un convite a presentar propostas para o orzamento de 2020.

O goberno local decidiu dinamitar o proceso de participación veciñal sen ter avisado a tódalas asociacións do concello da constitución dos Consellos de Participación e presentando como "propostas veciñais" un listado de intervencións que non se tiñan aprobado anteriormente en ningún Consello Sectorial, tal e como marca o regulamento. As asociacións de Culleredo aínda non recibiron nin sequera o listado aprobado no Consello Xeral, tal e como reclamaron os seus representantes neste organismo. O Sr. Riobóo, exercendo como Presidente do Consello Xeral, negou ademais a posibilidade de intervir no debate das "propostas" aos membros do Consello Xeral, polo que todas as súas reclamacións e solicitudes tiveron que quedar fóra da acta.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

Culleredo  
Merece  
Máis!

"É inadmisibile que a incapacidade do goberno municipal leve á actual parálise do concello de Culleredo. Non caben excusas para que un goberno en maioría absoluta non sexa quen de aprobar os orzamentos en tempo e forma, e incorporando as propostas veciñais." indicou o voceiro nacionalista, Tono Chouciño.

## O BNG leva ao Parlamento de Galiza a defensa do Bacharelato no IES Universidade Laboral de Culleredo

21 de xaneiro de 2020

**O vindeiro martes 21 de xaneiro, o Deputado nacionalista Xosé Luis Rivas "Mini" presentará na Comisión do Parlamento unha Proposición Non de Lei esixindo á Xunta de Galiza o cese na súa proposta de eliminar os estudos de Bacharelato na Universidade Laboral.**

**A iniciativa inclúe propostas para crear un novo centro de Educación Secundaria na área rural de Culleredo e dotar o IES Eduardo Blanco Amor e o IES Rego de Trabe das instalacións precisas e establecidas por Lei para dar cobertura ao alumnado actual e futuro.**

O Bloque Nacionalista Galego levará a vindeira semana ao Parlamento de Galiza a defensa dos estudos de Bacharelato no IES Universidade Laboral e a mellora das instalacións dos centros de educación secundaria no Concello de Culleredo. O Deputado do BNG Xosé Luis Rivas "Mini" presentará o vindeiro martes na Comisión de Educación e Cultura do Parlamento de Galiza unha Proposición non de Lei solicitando á Xunta de Galiza "desistir da súa proposta de eliminación do Bacharelato na Universidade Laboral". O texto inclúe ademais propostas complementarias para que se dote á zona rural de Culleredo dun centro que imparta a Educación Secundaria Obrigatoria, e que se proceda a equipar os IES do noso municipio das instalacións establecidas polo Real Decreto 1004/1991, de requisitos mínimos nos centros de Educación non Universitaria.

A decisión tomada pola Xunta de Galicia, sen contar coa opinión do Consello Escolar Municipal, suporá o desmantelamento dunha liña educativa que vén de ser galardoada polo Ministerio de Educación co Premio Nacional ás Melloras Prácticas Docentes. A falta de planificación da Consellería de Educación no mapa escolar cullerdense, un municipio dos poucos que continúa a medrar en poboación, ten un efecto moi nocivo no desenvolvemento educativo dos nosos mozos e mozas e nos servizos cos que contan na actualidade.

Os datos demográficos do Instituto Galego do Estatística e do propio proxecto de PXOM do Concello de Culleredo desminten que esteamos diante dun "pico" de poboación en idade escolar. Ao contrario, Culleredo ten previsto medrar en poboación nas próximas décadas e "precisamos equipar de inmediato aos nosos centros educativos públicos para ofertar a mellor calidade aos nosos mozos. Precisamos máis e mellores centros educativos, non pechar aqueles que funcionan." declarou Tono Chouciño, voceiro nacionalista no Concello de Culleredo.

## O BNG solicitará en Pleno a creación da Comisión Especial do PXOM

28 de xaneiro de 2020

**O BNG de Culleredo presentou unha moción reclamando a constitución inmediata da Comisión Especial de seguimento do novo proxecto de PXOM despois de que o goberno municipal leve máis de 7 meses prometendo a súa creación.**

**Este organismo, que xa fóra convocado na anterior lexislatura a petición do BNG, é o foro de información para todos os grupos políticos da corporación sobre os avances na redacción do proxecto.**

O BNG de Culleredo vén de presentar unha moción solicitando a creación e constitución inmediata da Comisión Especial de seguimento do proxecto de PXOM. O texto será debatido e votado no vindeiro Pleno Municipal. O BNG ten reclamado a posta en marcha deste organismo desde que, para sorpresa dos nacionalistas, o goberno municipal non incluíse a Comisión Especial do PXOM entre as creadas no Pleno de Organización da nova corporación, tralas eleccións municipais do mes de Maio. O Señor Alcalde anunciou naquel momento, tras ter o BNG denunciado a súa supresión, a creación desta comisión especial pero, pasados xa máis de 7 meses, segue sen constituirse.

Esta comisión, que xa fóra convocada na pasada lexislatura a solicitude do BNG, é o organismo no que todas as forzas políticas da corporación poden facer un seguimento dos avances na redacción do novo proxecto de PXOM, coa asistencia do equipo redactor e técnicos na materia. As informacións publicadas en distintos medios de comunicación sobre as modificacións realizadas no novo plan urbanístico, sen partillar nen dar acceso á información a ningún dos grupos da oposición, falan do obscurantismo co que o goberno municipal liderado por Riobóo pretende tramitar o novo PXOM. Dos 12 anos de vixencia que plantexaba o texto inicial, levamos perdidos 8 no periodo de tramitación, con continuas promesas do goberno municipal desde hai anos para a súa aprobación provisional que nunca se levan a cabo.

Mentres tanto, a veciñanza de Culleredo segue agardando desde a súa exposición pública en 2013, a resposta ás súas alegacións ao texto. O Grupo Municipal do BNG demanda ao goberno municipal que trate o proxecto de PXOM coa prioridade que merece un texto que marcará o futuro de Culleredo durante varias décadas, e que debería xestionarse procurando acordos e unha aprobación por unanimidade. "Sacar adiante un documento de planificación desta transcendencia require de transparencia, diálogo e consenso. O goberno do Señor Riobóo está demostrando que a promesa de transparencia coa que chegou á Alcaldía non era máis que un feixe de palabras baleiras", destaca Tono Chouciño, voceiro dos nacionalistas en Culleredo.

## **O Concello de Culleredo elude aclarar se existe investigación sobre os destrozos de 4x4 no monte Xalo**

29 de febreiro de 2020

O BNG de Culleredo reclamou en pleno que o concello apoie á Comunidade de Montes Xalo e denuncie os graves estragos sufridos no enclave forestal, despois dunha carreira de vehículos todoterreo, no que participaron decenas de coches. O goberno local non quixo responder e limitouse a inconcrecións como que lle falta información ou a competencia sobre a materia non é súa. Incidentes coma este fan que as comunidades de montes queden soas na defensa do monte ante a habitual ausencia de resposta.

Ademais, o grupo nacionalista tamén pediu que o goberno local tratase na Xunta de Seguridade a problemática reiterada que supoñen os vehículos que circulan polo monte, o abandono de lixo e outras agresións sobre o patrimonio forestal e medioambiental.

A Comunidade de Montes Xalo, de Celas, denunciou polas vías xudicial e administrativa que o monte fora gravemente danado despois da celebración dunha actividade con coches 4x4 nesa contorna, hai unhas semanas, cando apareceron árbores a plantas rotas, grandes movementos de terra e rastros notables de aceites de motor. Aínda non hai desenlace para esta denuncia.

O BNG de Culleredo apoia á Comunidade de Montes Xalo nesta denuncia e reitera o seu compromiso co monte e o medio ambiente animando ás comunidades de montes a denunciar publicamente os abusos e agresións que reciben.

## O BNG de Culleredo lamenta a decisión de Educación ao desestimar o recurso contra a eliminación do bacharelato da Laboral

18 de marzo de 2020

**A Consellería limítase a responder que ten poder para facelo, sen resolver as dúbidas do colectivo afectado.**

**O BNG de Culleredo recibiu resposta da Consellería de Educación que vén de desestimar os recursos contra a eliminación do bacharelato do I.E.S. Universidade Laboral, presentados polo voceiro municipal así coma outros membros da comunidade educativa do concello, e desoe os argumentos que lle foron trasladados.**

**O escrito segue sen responder a cuestións chave sobre o proxecto, como prazos e orzamentos para transformar o edificio as Mariñas para acoller o bacharelato, ou onde e como consultalo, e limítase a dicir que garantirá a escolarización do colectivo afectado, sen aclarar detalles.**

O BNG de Culleredo lamenta o escurantismo e a nula intención de diálogo amosada pola Consellería de Educación neste caso, ignorando completamente á comunidade educativa, insistindo nunha decisión que non ten apoio social que é rexeitada polo colectivo afectado; o cal se reflicte perfectamente no escrito de desestimación, onde o primeiro argumento simplemente é que “O secretario xeral técnico da Consellería de Educación [...] é competente para resolver o presente recurso”, ou “que a orde impugnada é unha disposición de carácter organizativo, que entra, polo tanto, no ámbito da potestade de autoorganización da administración.

O I.E.S. Rego de Trabe acollerá a todo ese alumnado de bacharelato, mais só administrativamente, xa que por motivos de sobrepoboación do centro, terán que continuar os seus estudos en instalacións do I.E.S. Universidade Laboral, concretamente no edificio de “Mariñas”, onde se viñan impartindo ensinanzas profesionais da familia marítimo-pesqueira, que serán trasladadas a outras dependencias dentro do propio centro.

O BNG de Culleredo insiste, unha vez máis, en que se tome en serio a organización educativa no concello de Culleredo e que se deixen de aplicar parches e solucións que só van a servir temporalmente, mentres os problemas de fondo -como o dos centros desbordados ou a falta crónica de solucións reais para ensino no rural- seguirán enquistándose.

## O BNG de Culleredo achega propostas ao Goberno Municipal fronte á afectación do coronavirus

25 de marzo de 2020

A crise sanitaria provocada polo coronavirus esixe colaboración e firmeza desde todos os medios, incluso no ámbito local. O grupo municipal do BNG en Culleredo ofreceuse ao goberno municipal e achegoulle varias propostas para enfrontar os efectos do virus, sobre todo para os que máis o necesitan, con especial atención para os servizos sociais.

Para mellorar a atención á veciñanza máis afectada por esta situación excepcional, o BNG considera de urxente necesidade que se reforcen as canles telefónicas e telemáticas do concello para atender á cidadanía que o precise. É posible que o confinamento obrigado agudice problemáticas de violencia machista, pobreza (especialmente infantil) ou saúde mental, polo que se propón unha atención intensiva dos protocolos, para garantir a efectividade dos servizos sociais. Ademais tamén se inclúe a proposta de crear un plan de voluntariado telefónico para tratar de acompañar a quen está confinado en soidade, sobre todo xente maior.

Para apoiar ao persoal que traballa nas contornas hospitalarias, o BNG propón que o concello coordine pisos voluntariamente cedidos para a ocasión cos traballadores que prefiren non voltar cada día coas súas familias para evitar posibles contaxios mentres dure a situación de alerta.

Por outra banda, o concello debe ver de axudar ás vítimas económicas desta crise e para iso, o BNG de Culleredo suxire a posibilidade de suspender ou condonar os recibos do subministro de auga mentres dure o estado de alarma.

Por último, tamén se pide anticiparse á posible xeneralización de desinfección e baldeo das rúas, buscar a ampliación do equipo da Policía Local de Culleredo, a través de listas de aprobados sen praza, ou o establecemento dun plan de aprendizaxe desta crise, que axude a mellorar protocolos e métodos de actuación.

## O BNG de Culleredo achega unha nova xeira de propostas ao goberno municipal para a xestión da crise do coronavirus

25 de abril de 2020

**O grupo municipal do BNG de Culleredo rexistrou esta mañá un novo conxunto de propostas para colaborar na procura de solucións aos problemas sanitarios, sociais e económicos ocasionados pola crise do COVID-19.**

**As propostas inclúen melloras na administración electrónica, na xestión do voluntariado e na convocatoria dos órganos de representación.**

**Solicitamos da Xunta e do goberno municipal un sistema claro, seguro e xusto de distribución de mascarillas.**

O Bloque Nacionalista Galego presentou hoxe no rexistro municipal, un novo conxunto de propostas para colaborar co goberno municipal de Culleredo na procura de solucións aos problemas sanitarios, sociais e económicos que a nosa veciñanza confronta durante esta crise provocada polo COVID-19. Estas achegas foron recollidas e elaboradas en colaboración coa veciñanza de Culleredo, que contactou co BNG para achegar as súas ideas e propostas.

Tras un primeiro grupo de propostas presentadas polo BNG ao goberno municipal hai un par de semanas, esta segunda xeira inclúe propostas para mellorar a administración electrónica no Concello de Culleredo. Vimos advertindo desde hai anos que o Rexistro Electrónico, única canle neste momento para a presentación de documentación por parte da veciñanza, esixe o uso de navegadores obsoletos e que a propia administración do estado pide evitar. En diferentes ocasións, e agora con urxencia, temos reclamado a adopción das ferramentas coas que a Deputación da Coruña provee aos concellos, moito máis avanzadas que as implementadas en Culleredo. Reclamamos ademais a convocatoria inmediata dos órganos colexiados do Concello, que xa foi autorizada polas administracións estatais. Trátase dun requerimento mínimo para cumprir co principio de representatividade de toda a veciñanza nas decisións tomadas pola corporación municipal. É de lei.

Tal e como se ten feito desde outras moitas administracións locais, provinciais e nacionais, o Concello de Culleredo debería recoller na súa páxina web un apartado adicado en exclusiva a información importante en referencia á xestión da crise do coronavirus, incluíndo teléfonos de contacto, medidas de seguridade e protección, servizos do Concello, actividades de lecer... Asemade, o grupo municipal nacionalista propón ao goberno municipal unha xestión máis efectiva das actividades voluntarias que a veciñanza está a promover nestas semanas. Deberíase promover unha comunicación clara das actividades nas que a veciñanza pode colaborar e na que as veciñas e veciños podan facer novas



# Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

propostas de colaboración. Todo isto promovido e coordinado pola Oficina de Voluntariado que posúe o Concello de Culleredo.

O grupo municipal do BNG convida ademáis ao goberno municipal a presentar un sistema claro, seguro e xusto de reparto das mascarillas distribuídas polos organismos públicos, que aínda non foi comunicado polo Concello de Culleredo. Os nacionalistas reclaman da Xunta de Galiza o establecemento dun sistema que asegure o mellor uso posíbel dos materiais de protección dos que se dispón.

## **O BNG de Culleredo reclama a normalización na representación da veciñanza no Concello**

2 de maio de 2020

**Varios concellos da Comarca, así como a propia Deputación recuperaron xa o funcionamento habitual de plenos e comisións.**

**A Deputación da Coruña pon ferramentas informáticas a disposición dos concellos para convocar órganos de representación con toda seguridade e legalidade.**

**A 3 de Maio o goberno municipal de Culleredo segue sen presentar a documentación para aprobar os orzamentos de 2020.**

A dinámica da representación municipal no Concello de Culleredo leva detida no arredor de mes e medio que levamos de confinamento. Os órganos municipais nos que se ve representada toda a veciñanza levan dous meses sen convocarse. Por todo isto, o BNG de Culleredo vén de rexistrar unha solicitude ao goberno municipal para que se convoquen de inmediato Plenos, Comisións Informativas e calquera outro órgano que a Corporación Municipal considere necesario.

Desde un primeiro momento, o Bloque Nacionalista Galego de Culleredo foi comprensivo coa situación e puxo da súa parte, ofrecendo a súa axuda e promovendo medidas para aliviar as consecuencias da crise provocada pola pandemia do coronavirus. Moitas desas ideas foron aplicadas polo goberno local.

Mais varias cuestións trascendentes están agardando á recuperación da normalización no funcionamento da corporación. Inexplicablemente, Culleredo está a día de hoxe sen orzamento para o 2020, que debería estar aprobado antes de finalizar o 2019 e que nos permitiría estar dispoñendo de recursos para poñer en marcha medidas de apoio económico e social á veciñanza como as que estamos vendo noutros concellos da contorna. A liquidación do orzamento de 2019 tamén está pendente, o que nos permitirá determinar se existe superávit que proporcione máis recursos económicos.

A Deputación da Coruña ofrece unha ferramenta para que os concellos convoquen os órganos oficiais, de forma que se poida avanzar en cuestións moi relevante e que foron adiadas todo este tempo. O BNG demanda a reactivación da actividade municipal e o cumprimento das obrigas democráticas por parte dos representantes institucionais.

## O BNG de Culleredo solicita a apertura de xardíns da contorna urbana

6 de maio de 2020

### **As meirandes zonas verdes permanecen pechadas arredor dos núcleos máis poboados.**

A apertura do Xardín Botánico do Burgo, do recinto deportivo de Acea da Ama ou da finca de Villa Melania sería de moita axuda para aliviar as aglomeracións de xente nas rúas a horas puntas e, así, facilitar o cumprimento das medidas de distanciamento social. É por isto que o BNG de Culleredo solicitou ao goberno municipal que permita o paso polos seus parques agora pechados e solicite o propio á Xunta de Galicia para o caso do espazo deportivo de Acea de Ama.

Todos estes recintos están situados na zona de maior densidade de poboación de Culleredo, é dicir, onde vive máis xente e, á vez, é máis notoria a escaseza de lugares polos que pasear; polo que a súa apertura sería ben acollida. Esta medida é compatible co decreto de estado de alarma e as súas modificacións, agás nos casos dos parques infantís que se atopan nesas zonas, que deberían manterse precintados como está o resto.

No caso dos lugares máis concorridos, como é o caso do paseo marítimo no Burgo, o BNG propón que se artelle unha fórmula para regular a circulación de peóns e bicicletas, tal e como establece a Orde SND/380/2020, de 30 de abril, "Para posibilitar que se mantenga la distancia de seguridad las entidades locales facilitarán el reparto del espacio público a favor de los que caminan y de los que van en bicicleta, en ese orden de prioridad."

## O BNG propón axudas económicas directas para autónomos e pemes en Culleredo

12 de maio de 2020

**Os orzamentos municipais son imprescindibles para estas medidas, polo que se pide apremio na súa presentación.**

Manter e promover o tecido empresarial é fundamental á hora de superar a crise do coronavirus. Boa parte do tecido económico e social de Culleredo depende da existencia e capacidade do pequeno comercio, autónomos e pemes. Por isto, o BNG reclama a posta en marcha dun plan de axudas directas para estes colectivos ao goberno municipal.

Sería imprescindible contar co orzamento 2020 aprobado para poder dispoñer de fondos que garantirían a viabilidade da liña de axudas. Levamos máis de catro meses de demora na súa tramitación e aínda non temos novas de que poidan ser presentados de xeito inminente e se contarán coa nova realidade, condicionada pola existencia do coronavirus.

Moitos negocios levan case dous meses pechados por obriga e outros tiveron que adaptarse ás medidas esixidas para garantir a seguridade e desinfección. Comeza a transición entre fases da desescalada e continúa a incerteza sobre como será á incorporación á “nova normalidade”.

Os orzamentos son necesarios e han de estar á altura das circunstancias para axudar á cidadanía nestes momentos de dificultade. Ten que ser convocado o órgano encargado con todos os grupos municipais para debater e impulsar unha proposta que sexa o máis útil e representativa posible. Despois de dous meses de parón, é urxente a reactivación da vida institucional a nivel local.

## **O BNG de Culleredo denuncia a viraxe antidemocrática do goberno local, que segue sen convocar a reunión de órganos oficiais**

22 de maio de 2020

**Culleredo é o único concello da contorna que segue sen celebrar reunións de órganos oficiais de representación veciñal, como Comisións Informativas e Plenos.**

**O BNG chama a restituir o principio de representatividade na Corporación Municipal de toda a veciñanza de Culleredo.**

**Entrando xa no mes de xuño, o goberno local segue sen presentar os orzamentos de 2020, polo que se corre o risco de perder os 4 millóns de euros dos fondos europeos EDUSI.**

O BNG ten demandado reiteradamente a convocatoria dos órganos municipais para normalizar a vida municipal despois dun período de espera que xa supera os dous meses. Unha vez máis, os nacionalistas solicitaron ao Alcalde este pasado mércores a convocatoria de Comisións Informativas e Plenos, e como tantas veces, a resposta do Alcalde chega pola prensa. A falta de vontade do Alcalde para convocar Comisións Informativas e Plenos representa un ataque ao principio fundamental de representatividade de toda a veciñanza na Corporación Municipal.

En todos os concellos da contorna téñense celebrado convocatorias de órganos colexiados por vía telemática ou mesmo presencial, poñendo as condicións de seguridade necesarias. Riobóo non é quen de facer funcionar o Concello e convocar un Pleno telemático como temos visto en tantos sitios, mesmo na Deputación da Coruña da que el é representante. Como Deputado Provincial ten participado en Plenos da Deputación a través dunha aplicación da que agora di dubidar da súa seguridade.

Neste momento no que son tan importantes as achegas e propostas para deliberar e consensuar as accións precisas para a saída da crise sanitaria, social e económica provocada pola COVID-19; o Alcalde considera a publicidade máis importante que a aprobación dos orzamentos municipais que, entrando xa no mes de Xuño, continúan pendentes. Non só pendentes de aprobar, senón mesmo pendentes de presentar aos grupos políticos municipais para o seu estudo, avaliación, e presentación de propostas.

Os alcaldes do mandato anterior botaban a culpa á oposición, nomeadamente ao BNG, de que os orzamentos non estiveran nunca en prazo. O actual Alcalde fartouse de dicir que precisaba maioría absoluta para poder ter en tempo os orzamentos anualmente. Non houbo outro ano antes en que a estas alturas non estiveran aprobados os orzamentos, malia que o goberno está en maioría absoluta.

# Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

Poden estar en perigo os 4 millóns de fondos europeos EDUSI, tan necesarios para poñer en marcha bens e servizos demandados pola veciñanza e que contribúan na dinamización económica. O BNG avalía emprender accións por varias vías para restituír a normalidade democrática e que a institución municipal estea á altura do que precisa e demanda a veciñanza.

## **O BNG de Culleredo lembra ao Alcalde demandar os fondos POS da Deputación**

25 de maio de 2020

**A Deputación convoca axudas de cobertura social pola Covid-19.**

**O prazo remata esta semana e o goberno non informou de se está tramitando estas axudas.**

**Non se convocou aos membros da corporación para a tramitación.**

**Noutros concellos da comarca xa teñen convocados os Plenos para facelo.**

A Deputación da Coruña vén de ofrecer novos fondos POS aos concellos coa finalidade de minimizar as consecuencias da pandemia do coronavirus, tanto como para cubrir gastos sociais extraordinarios, como para e investimentos. Só fai falla pedilos.

Culleredo ten dereito a 81.771,60€ para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados da COVID-19 (POS+ADICIONAL 1/2020) e 306.643,49€ para investimentos no POS+ADICIONAL 2/2020. A cuberta da polideportiva de Ledoño e a mellora do carril bici do paseo marítimo están pendentes desas achegas da Deputación.

En Culleredo, o goberno municipal non informou á oposición se está tramitando estas liñas de axudas, nin a celebración do pleno preceptivo, malia que o venres 29 remata o prazo para a súa solicitude.

Varios concellos lindeiros, como Oleiros e Cambre convocaron xa os órganos encargados de informar para a solicitude destes fondos adicionais da entidade provincial e celebrarán o pleno necesario para a súa aprobación esta mesma semana.

Non están os tempos para deixar todo pendente para o último momento. A oposición ten dereito a estar ao tanto da tramitación de cuestións de gran importancia como son estas axudas tan necesarias para contribuír a axudar a saír da crise mediante as achegas e investimentos que colaboren na dinamización económica.

## O BNG de Culleredo reclamou ao goberno local explicacións por non pedir axudas provinciais destinadas a servizos sociais

5 de xuño de 2020

**De dúas convocatorias de fondos, só foi a refrendar, unha. Ambas solicitudes eran compatibles e non excluíntes entre si.**

**O Concello de Culleredo só incluíu na orde do día, os fondos destinados a investimentos e obras do plan POS da Deputación.**

**Os servizos sociais serían os grandes prexudicados de non pedir en forma e prazo os 81.000€ á Deputación.**

O Concello de Culleredo non levou ao Pleno o trámite dos fondos POS-1, para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios ocasionados pola COVID-19 e que alcanzan os 81.771,60€; a pesar de si ter movido os trámites necesarios para solicitar os fondos correspondentes ao POS-2, destinados a investimentos e que sumarían 306.643,49€.

As prestacións que non accederían a ese financiamento son principalmente sociais e de coidados, como a atención domiciliaria, nomeadamente de persoas maiores, dependentes ou con capacidades diversas; o investimento en dispositivos de teleasistencia ou os de atención a persoas sen fogar; os servizos de rehabilitación, terapia ocupacional e hixiene a domicilio; o reforzo de persoal nos servizos sociais, a adquisición de equipos de prevención individual (EPIs) ou os fondos destinados a cubrir as necesidades básicas das familias.

O BNG reclamou explicacións de por que, unha vez máis, sexan os máis débiles e vulnerables os que se ven prexudicados pola pasividade ou neglixencia do goberno municipal, que non é quen de facer en tempo e forma unha solicitude á Deputación malia ter dez cargos políticos con dedicación remunerada ao Concello, e que debían atender á cidadanía de Culleredo, como é a súa obriga.

Con respecto ao plan POS-2 para o que si se pediron os fondos, o BNG fixo ver que eses fondos deixan de financiar a cuberta da pista polideportiva de Ledoño, que é unha promesa reiterada durante unha década, e que sería útil sobre todo para a escola infantil da parroquia, para destinalos a encher o saco do fondo corrente co que o Sr. Rioboo quere dispoñer para gastos sen planificación algunha.



## **O BNG de Culleredo reclama a convocatoria do CEM para informar do próximo curso**

8 de xuño de 2020

**O BNG reuniuse con ANPAS e percibiu intranquilidade nas familias sobre o inicio do curso en Setembro.**

**O CEM sería o órgano acaído para ter información da representante da Consellería de Educación.**

**O Goberno Municipal, que preside o CEM, pode convocar un Consello extraordinario dese órgano.**

A comunidade escolar está moi preocupada por como vai ser o inicio e desenvolvemento do inicio do próximo curso escolar. Así nolo trasladaron ao BNG na xuntanza telemática que tivemos estes días.

A Ministra de Educación estableceu un requisito que determinará todo o entorno escolar. En Setembro, no inicio dos cursos escolares, non poderá haber máis de 15 nenos e nenas por aula. Esta premisa altera todo o desenvolvemento ordinario do funcionamento dos centros; os espazos de aulas, os patios, os servizos, os autobuses, a dispoñibilidade de profesorado, do comedor etc...

Desde o BNG entendemos que o órgano acaído para que a comunidade poida recibir e contrastar información oficial da Consellería de Educación, é o Consello Escolar Municipal, que preside a Concelleira de Educación Municipal de Culleredo. Por iso temos presentado escrito por rexistro demandando a convocatoria extraordinaria do CEM e que se faga antes de finalizar o actual curso do que só quedan unhas semanas.

Non pode ser que faltando menos dun mes para finalizar este curso, as familias non saiban que van atopar a primeiros de setembro cando a rapazada teña que volver ás aulas no próximo curso. Precísase toda a información para tranquilizalas e que non se perdan xornadas por culpa de improvisacións.

## **Vergonza e bochorno ante a xestión do goberno municipal nos orzamentos 2020**

20 de xuño de 2020

**Culleredo é o único concello da comarca sen aprobar os orzamentos 2020, na metade do exercicio.**

**O proxecto de orzamentos foi presentado en Comisión Informativa e ditaminado para ser aprobado inicialmente no Pleno Municipal do vindeiro xoves, mais o goberno municipal decidiu non incluílo na orde do día finalmente.**

**O goberno municipal do PSOE, aínda contando con maioría absoluta, evidencia día tras día a súa incapacidade para sacar adiante calquera iniciativa.**

Vergonza e bochorno son as únicas palabras que poden describir a xestión do goberno municipal cullerdense para sacar adiante os orzamentos de 2020. Rematando xa o mes de xuño, Culleredo é o único concello da comarca da Coruña que non aprobou o seu orzamento para o vixente exercicio.

O pasado xoves, día 18, o proxecto de orzamentos foi presentado en Comisión Informativa, quedando ditaminado para a súa inclusión, debate e aprobación inicial no Pleno Municipal do vindeiro xoves 25 de xuño. Mais a orde do día para o Pleno non inclúe este punto. O goberno municipal di agora que falta un trámite para incluír unha modificación da Relación de Postos de Traballo.

Noutras ocasións temos escoitado de voz do alcalde e outros membros do gabinete municipal que traballar en minoría dificultaba presentar os orzamentos en tempo e forma. O equipo de goberno, con maioría absoluta, ofreceu unha ampla variedade de escusas nos últimos meses: a necesidade de incluír fondos europeos, a dificultade para estimar os importes destinados aos servizos que continúan sen licitar... Mais, xa só con medio ano por diante, o Concello de Culleredo corre co risco de perder centos de miles de euros dos fondos EDUSI ao non chegar a licitar os proxectos aos que ían destinados. E con toda seguridade tampouco se poderán licitar este ano servizos sen contrato tan importantes como a xestión da auga potábel ou a limpeza viaria.

Esta semana temos nova escusa: a necesidade de incluír un novo arquitecto na Relación de Postos de Traballo do Concello. Esta decisión chega despois de ter criticado o BNG no pasado pleno a aprobación da nova Mesa de Contratación, con informe desfavorable da Secretaria Municipal, ao incluír traballadores municipais que non contan coa especialización precisa para formar parte deste órgano, mentres o actual arquitecto municipal quedaba excluído do mesmo.

## **O BNG de Culleredo consegue o apoio unánime da corporación para tres grandes reivindicacións sociais**

27 de xuño de 2020

**O BNG acadou o compromiso da corporación para reclamar a suspensión do anteproxecto do Vial 18 ao non contemplar a ampliación da AP9 a catro carrís por sentido.**

**O vindeiro curso escolar é unha incerteza en canto a medidas de seguridade e calidade educativa, polo que se solicita á Consellería de Educación unha normativa urxente.**

**Apoio unánime para as reivindicacións das persoas LGTBIQ+ con motivo da celebración do Orgullo.**

O Concello de Culleredo aprobou, por unanimidade, as tres propostas presentadas polo BNG ao pleno ordinario deste mes de xuño. Isto tradúcese, por un lado, no apoio ás alegacións da veciñanza afectada polo Vial 18; tamén, a favor das reivindicacións do colectivo educativo ante a falta de información cara ao novo curso; e, por último, a adhesión á petición polos dereitos das persoas LGTBIQ+.

A tramitación do anteproxecto para a construción do Vial 18 que conecta a autoestrada coa Terceira Rolda a través da Laxe non contempla o proxecto na súa totalidade. Agocha o que será o proxecto principal e con maior afectación, a ampliación da AP9 a catro carrís por sentido, que no propio anteproxecto e estudo medioambiental se menciona como parte fundamental para levar a cabo a construción do Vial 18. O BNG de Culleredo acadou o apoio unánime á súa moción para reiterar as alegacións presentadas ao proxecto e a solicitude da súa retirada ao Ministerio para a Transición Ecolóxica y Reto Demográfico, quen recibiu o estudo de impacto ambiental o pasado 4 de xuño para o seu estudo. A documentación enviada ao Ministerio deberá ser difundida por medios municipais.

A comunidade escolar mantén a incerteza en relación o novo curso que se aproxima. O BNG conseguiu con esta iniciativa que o Concello de Culleredo esixa á Consellería de Educación a publicación inmediata da normativa que permita a volta ás aulas asegurando unha educación de calidade coas medidas de seguridade precisas e a convocatoria urxente do CEM.

Por último, e co gallo da celebración do Orgullo LGTBIQ+, a Corporación Municipal adheriu, por unanimidade dos seus grupos, á iniciativa do BNG para rexeitar a calquera forma de discriminación por orientación sexual ou identidade de xénero e para respectar os dereitos humanos das persoas LGTBIQ+.

## O BNG insta ao goberno estatal a escoitar as reclamacións polo Vial 18 e a ampliación da AP-9

30 de xuño de 2020

**Tanto no Congreso, como na Xunta e, por suposto, no ámbito municipal, o BNG insiste en escoitar aos veciños afectados por este mega proxecto.**

Néstor Rego, deputado do BNG, leva o debate sobre o Vial 18 ao Congreso español co obxectivo de que se teñan en conta as alegacións presentadas pola veciñanza afectada por este proxecto. A intervención tamén incluírá a pregunta sobre se se considerará en conxunto esta obra coa ampliación da AP-9 a catro carrís ao seu paso por Culleredo, tal e como solicitan os veciños tamén.

Lembremos que o proxecto do Vial18 agocha unha “mochila” que constitúe a parte principal do proxecto: a ampliación da AP-9 a catro carrís ao seu paso polo municipio de Culleredo é unha parte, dependente do anterior (segundo o propio anteprojecto do mencionado Vial 18), que está envolta no escurantismo, xa que non se coñece ningún dato técnico nin afectación, alén da idea xenérica. Deste xeito, preténdese arrefriar o rexeitamento social á mega infraestrutura ofrecendo unha pequena parte, menos agresiva, que é o Vial 18, mais que apenas serve sen o golpe da ampliación da A9 ao paso por Culleredo, que traerán como irremediable e sen alternativa.

O BNG de Culleredo levou, precisamente, este tema ao pleno ordinario deste mes de xuño, cando solicitou a suspensión do anteprojecto do Vial 18 mentres non se corruxisen os erros de forma, xa que non presenta a totalidade da afectación. A corporación municipal votou a favor de xeito unánime á proposta que tamén inclúe a petición da documentación relacionada co proxecto e que sexa difundida polos medios municipais.

## **O BNG reclama transparencia sobre a condena ao Concello de Culleredo a reparar a praza de Galicia**

3 de xullo de 2020

**A sentenza, de hai máis dun ano, obriga a reparar defectos de construción, que vén danando o subsolo ao longo de 20 anos.**

**O alcalde fala dun proxecto en prensa, aínda que non está previsto no proxecto de orzamento presentado.**

**A praza do Burgo é unha zona pública con parque que filtra auga por defectos de construción, desde hai 20 anos, cara ao garaxe subterráneo situado no seu subsolo. Ten inutilizada unha planta e causou graves danos ao longo deste tempo en varios vehículos que estacionan na instalación.**

O BNG reclama transparencia e que se informe sobre a sentenza firme que condena ao Concello de Culleredo a reparar a praza de Galicia do Burgo, ditada hai máis dun ano, e que explique publicamente os plans que declara a través da prensa. Non se coñecen nin cifras, nin prazos nin ningún outro detalle. O goberno municipal non informou aos grupos da oposición nin sobre este feito nin como o arranxará, aínda que a prensa publica que existe un proxecto para cumprir o esixido por esta sentenza.

O alcalde de Culleredo trasladou á prensa que o proxecto de remodelación está preparado, mais sen dar detalles, e engadiu que formará parte dos orzamentos de 2020, mais non figuraba na documentación previa. Lembramos que o documento económico máis importante do concello, aínda sen aprobar neste 2020, acumula xa sete meses de atraso sen xustificación; é dicir, estamos máis próximos á data aprobación teórica dos orzamentos para 2021 e levamos máis de medio ano sen presuposto, algo polo que o BNG pediu explicacións en reiteradas ocasións.

## O BNG chega á veciñanza a oportunidade para presentar alegacións aos orzamentos 2020

8 de agosto de 2020

**Desde a aprobación inicial do orzamento para o exercicio en curso, o BNG de Culleredo ten celebrado varias reunións informativas en diversas parroquias do concello.**

**Realiza así unha labor de información do orzamento e de acceso á participación veciñal que debería realizar o goberno local, quen incluso negouse a publicar os orzamentos na web municipal.**

**As novas restricións de mobilidade e reunión provocadas pola COVID19 frearon as reunións informativas do BNG, mais quedan a disposición da veciñanza para axudala a presentar alegacións ao orzamento.**

O BNG de Culleredo vén celebrando nas últimas semanas reunións informativas por todo o territorio do concello para achegar o orzamento 2020 á veciñanza e informar sobre as posibilidades de participación veciñal na súa confección, a través da presentación de alegacións. O orzamento para o ano 2020 aprobouse inicialmente o pasado 22 de xullo, con 7 meses de retraso, e trala súa publicación no BOP, queda aberto o prazo de presentación de alegacións até o vindeiro día 13. E por iso que o BNG tense achegado ás asociacións, veciñas e veciños de Culleredo que teñen amosado o seu interese polo desenvolvemento de diferentes proxectos e melloras nas súas parroquias, para informalas da posibilidade neste momento de presentar alegacións que permitan incluír as súas reivindicacións nos orzamentos.

Os nacionalistas reclamaron ao goberno local no pasado pleno do mes de xullo un exercicio de transparencia coa publicación do orzamento na web municipal, para que a veciñanza poida ter acceso e información sen ter que achegarse á Casa do Concello, evitando desprazamentos e visitas innecesarias nos tempos que vivimos e evitando aumentar a saturación dos servizos públicos. O alcalde negouse a facelo. O BNG de Culleredo ve imprescindible realizar unha labor que permita achegar á veciñanza este documento, fundamental para o desenvolvemento de Culleredo.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

Tras un par de semanas cheas de reunións coa veciñanza, nas que desde o BNG prestouse axuda na redacción de alegacións e no acceso ao documento dos orzamentos, as novas restricións provocadas pola COVID19 teñen obrigado á cancelación dos restantes actos programados até o día 12. Malia todo, o BNG de Culleredo queda ao servizo das veciñas e veciños que precisen de calquera axuda para presentar unha alegación ao orzamento. A través do enderezo electrónico [culleredo@bng.gal](mailto:culleredo@bng.gal) poderase solicitar colaboración para analizar o orzamento ou modelos para a presentación de alegacións individuais ou colectivas. Desde o BNG estaremos encantados de axudar e achegarnos a calquera veciño que así o precise.

## O Goberno Municipal de Culleredo substitúe o funcionamento das institucións pola propaganda

29 de agosto de 2020

**Non convocou o Pleno Ordinario de Agosto.**

**Agosto vai pechar sen aprobación de Orzamento.**

**Non informan de como se colaborará o Plan de apoio a autónomos e microempresas da Deputación (PEL-Reactiva).**

O Goberno Municipal de Culleredo non convocou o pleno ordinario de agosto, tal como está establecido nas normas, malia estar nun momento no que é máis necesario que nunca debatecr propostas para a situación que todos vemos vir.

Sería boa cousa que entre todos avaliáramos se é boa idea ofertar un edificio que non é municipal, sen acondicionar, nun polígono industrial, e sen que saibamos se o fixo formalmente diante da Consellería, ou se debemos centrámonos en esixir que se busque a forma de redistribuír ao alumnado de primaria e infantil entre os colexios saturados e o novo colexio que ten case unha liña enteira dispoñible.

A estas alturas seguimos sen ter un orzamento para 2020, sen que saibamos nada de como van refacer o proxecto que se aprobou inicialmente coas alegacións presentadas por persoas e colectivos veciñais. Deberíamos estar avaliando entre toda a corporación como facer valer o Plan da Deputación para apoio a autónomos e microempresas diante da crise e que o Concello debería estar publicitando e divulgando. Todo isto non puido ser en Agosto por que o Goberno de Culleredo prefire lanzar ocorrencias aos medios de comunicación.



## O BNG de Culleredo propón medidas para unha volta segura ao ensino

7 de setembro de 2020

**O BNG de Culleredo propón medidas para un inicio de curso seguro.**

**Súmase á demanda das familias para non eliminar aulas e restituír as eliminadas en cursos pasados.**

**Presentará unha moción na Xunta de Voceiros deste luns para incluír no próximo Pleno.**

A Consellería de Educación decidiu eliminar unha aula do colexio Sofía Casanova ao quedar con un alumnado de 24 cando o ratio é de 25, decisión que, se é en calquera momento rexeitable por non facer un desdobre que beneficiaría á calidade do ensino, en plena pandemia de COVID e con indicacións das autoridades sanitarias de evitar aglomeracións, converte a decisión en absolutamente absurda.

Pedirá o apoio da corporación ás familias que solicitan que o alumnado de infantil nos centros de Culleredo non supere os 20 alumnos e que se rescaten as aulas eliminadas no pasado noutros centros para acadar ese obxectivo, posto que existen aulas dispoñibles nos centros.

Acabamos de saber que en Oleiros, unha situación similar de eliminar unha aula por que a matrícula para ese curso baixaba de 25 alumnos foi cancelada pola demanda da comunidade escolar. A mesma demanda consta nos rexistros da Xunta desde hai meses para que non se elimine un aula no colexio Sofía Casanova de Vilaboa.

Non pode aceptarse que a Consellería se retracte en Oleiros da decisión de suprimir aulas para concentrar alumnos e que en Culleredo non o faga.

Tamén se solicita o financiamento por parte da Xunta dos custos do Plan extraordinario de limpeza e mantemento dos centros e apoiar as reivindicacións das ANPAS galegas para abrir un diálogo para resolver os problemas que impedirían o desenvolvemento do Plan Madruga, dos comedores e actividades escolares do curso 2020/21.

O BNG de Culleredo ven de rexistrar unha proposta para que a xunta de voceiros a inclúa na orde do día do próximo Pleno para trasladar esas demandas á Xunta de Galiza.

## **Mercedes Queixas levará as demandas das ANPAS de Culleredo sobre o inicio do curso ao Parlamento galego**

12 de setembro de 2020

### **Na xuntanza concluíuse a necesidade urxente de revisar o mapa escolar municipal.**

Mercedes Queixas, deputada do BNG no Parlamento galego e docente tradicionalmente comprometida coas reivindicacións educativas, reuniuse con representantes de nais e pais do alumnado de Culleredo para tratar o inicio do curso e as súas condicións, marcadas polo contexto da pandemia da COVID-19, a falta de planificación e a improvisación do goberno galego, para trasladar as demandas concordadas polo colectivo á Xunta de Galiza. Entre esas medidas estaría a diminución da ratio de estudantes por aula na educación infantil, para a que existen espazos dispoñibles nos propios centros. Como exemplo, piden recuar na supresión dunha liña de infantil no colexio Sofía Casanova que acaba de anunciarse, precisamente con este debate activo.

Na xuntanza, que se celebrou nos arredores do instituto Blanco Amor, tamén participou a plataforma Somos Rural, que reclama que a ESO sexa impartida no rural, para garantir o acceso equitativo ao ensino do estudiantado que vive nesa zona, e cuxas propostas servirían para atallar moitos problemas ocasionados pola deficiente organización escolar do concello de Culleredo.

O eixo de fondo do encontro foi a necesidade de mellorar o mapa escolar no concello de Culleredo, que sempre foi problemático, que segue sen importar á Consellería de Educación, despois de lustros de parches e solucións temporais. Agora a pandemia provoca que sexa imposible aplicar as medidas de prevención sanitarias e urxe unha revisión global da organización do ensino no municipio.

## **O BNG esixirá responsabilidades pola rotura da cuberta do parque das Brañas**

4 de outubro de 2020

**A obra rompe antes de recibila pero está pagada nun 90%.**

**Hai dous meses o BNG preguntou por que estaba valada unha obra que debía terse recibido hai máis dun ano. Pedirá depuración de responsabilidades.**

**A Deputación, que financiou a obra a través do POS 2018, debería investigar o sucedido.**

**O incumprimento dos pregos de contratación é habitual nas obras municipais. Hai máis obras que están sen recibir e abertas ao público, coa responsabilidade conseguinte para o Concello.**

A cuberta do parque das Brañas rompeu tras non ter resistido as primeiras borrascas do outono. Algo inexplicable nun proxecto en teoría redactado por equipo técnico, supervisado por dirección de obra e executado pola empresa máis competente escollida nun proceso de licitación entre a concorrencia de varias.

O BNG presentará solicitude de depuración das responsabilidades e comparecencia dos técnicos que interviron na cadea de realización do proxecto. Tamén remitirá por escrito á Deputación, unha petición de que este organismo se implique na depuración de responsabilidades por estar en xogo os cartos públicos do Plan de Financiamento de Obras e Servizos POS 2018.

Procede saber que fallou nunha cadea de responsabilidades para que rompa unha estrutura que fora pagada xa nun 90% e que non estaba recibida polo Goberno Municipal malia pasar longamente do prazo de execución.

Hai dous meses, o BNG pediu explicacións ao Alcalde de por que a obra seguía valada máis dun ano despois de finalizar o prazo de execución, e tamén, por que se permitía que os rapaces se colaran dentro para seguir usando o parque malia non ter a garantía da entrega da estrutura que a cubría. Vemos agora que íamos ben. Que o Goberno Municipal está cheo de irresponsables que lles dá igual como deben facerse as cousas que están perfectamente reguladas.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

O BNG leva anos advertindo de varias obras que se executan sen axustarse aos pregos de contratación, algunhas delas sen recibirse aínda como é o caso da esollera do Río Trabe diante do pavillón municipal ou o pavimento do Residencial A Ría. Irregularidades que poden derivar en prexuízos para os usuarios das vías e de haber accidentes, tamén responsabilidades patrimoniais para o Concello.

Algo cheira a podre no Goberno Municipal de Culleredo cando non son quen de ter explicacións a estas irregularidades que xa son un clásico na xestión municipal do Goberno de Rioboo.

## **A obra de construción da cuberta que rompeu nas Brañas levaba meses paralizada**

10 de outubro de 2020

**A obra non fora recibida, pero si pagada ao 90%.**

**O proxecto tiña un prazo de execución de 6 meses que a adxudicataria reduciu a 2.**

**O contrato establecía penalizacións por demora na entrega.**

O 2 de outubro de 2020 a estrutura rompe e hai que desmontala, non se sabe a cargo de quen, 15 meses despois de que se tivera que ter entregado. O proxecto tiña un prazo de execución de 6 meses que a adxudicataria reduciu a 2 na súa oferta e foron aceptados e xustificados pola mesa de contratación. A entrada en vigor do contrato era o 13 de maio de 2019, a partir de aí contaban os dous meses. O 18 de decembro de 2019 (7 meses fóra de prazo) unha resolución de alcaldía aproba a certificación pola que se pagan 59.802,19€ dos 64.467,41€ nos que fora adxudicada. É dicir, pagouse o 90% do valor da obra, en base a uns informes de certificación, cuxo contido temos que coñecer.

O contrato establecía penalizacións por atraso na construción, polas que a empresa debería pagar 0.60 euros por cada 1.000 euros contratados, polo que se sumarían miles de euros que deberían ir ás arcas municipais. Porén, oito meses despois, nin a obra estaba recibida polo Concello, nin completamente pagada. É necesario coñecer o motivo que explique a paralización. Esta demora é bilateral, xa que a empresa debería ter requirido que a Administración acudira a recibir a obra, seguindo a obriga establecida pola Lei de Contratos.

O BNG de Culleredo investigará todos os detalles desta obra e o escurantismo ao seu redor, vista a paralise do goberno local, e demandara copia dos informes contrarios da Secretaria aos que alude a acta da Mesa de Contratación. Dous meses atrás, xa denunciou que o parque estaba sendo utilizado pola rapazada, a pesar da súa non finalización, sen que o Concello tratase de impedilo de xeito activo.

A rotura da Cuberta do Parque das Brañas pode considerarse a punta do iceberg do funcionamento habitual das contratacións en Culleredo. A veciñanza de Culleredo debe coñecer como se administran os seus impostos e, por iso, os detalles deste contrato poden servirles de exemplo de como se fan as cousas no goberno de Rioboo.

## Rioboo abre o camiño a suprimir a participación cidadá

17 de outubro de 2020

**Iniciouse a tramitación dun novo regulamento que empeora o anterior.**

**Desaparece o orzamento participativo.**

**Fan inviables as participacións veciñais nos Plenos. Varios parámetros obxectivos dificultan a participación con maiores esixencias.**

Ata o 24 deste mes poden facerse achegas previas para a elaboración dun borrador de Regulamento Municipal de Participación Cidadá que paradoxicamente xa está redactado polo goberno municipal.

Neste borrador vemos como desaparece ese 25% de participación veciñal na elaboración do orzamento, xa non para cambiar a porcentaxe senón para eliminalo do texto que temos vixente hoxe en día.

O Goberno Municipal, en 2017, nun alarde de modernidade decidiu que o 25% dos investimentos anuais serían decididos pola veciñanza. Pouco lles durou aquela febre pasaxeira.

O BNG ten impulsado de sempre a participación cidadá no noso Concello. Nos últimos anos temos colaborado a que puideran expresar a súa voz nos Plenos varios colectivos aos que afectaba o que alí de decidía. Tamén temos impulsado a participación veciñal na elaboración dos orzamentos.

O texto tamén converte en inviables participacións veciñais nos plenos que temos visto nos últimos anos como a participación do colectivo de mariscadores, a ANPA do colexio Sofía Casanova, as asociacións de Orro e Ledoño, o alumnado do bacharelato da Universidade Laboral e outras.

No novo articulado, requirírase acordo da asemblea de cada asociación para facer unha intervención. Algo imposible, xa que as ordes do día dos Plenos publícanse con só 5 días de antelación e celebrar unha asemblea dunha asociación require un mínimo de 15 días de convocatoria.

Outras cuestións que empeoran obxectivamente son a Iniciativa Popular, que pasa do 10% ao 30% dos maiores de 16 anos (7800 sinaturas co censo actual), ou a creación dunha “audiencia pública” que requirirá a sinatura do 3% (780 sinaturas co censo actual).

E todo iso faise invocando “os valores éticos, humanos e democráticos” segundo recolle o texto presentado cinicamente polo Goberno Municipal.

Desde o BNG iniciamos unha campaña para informar á veciñanza de que compre pararlle os pés ao Sr. Rioboo neste novo chanzo de autoritarismo e desprezo cara á veciñanza.

## Riobóo quiere rematar coa participación veciñal

22 de outubro de 2020

### Comunicación ás asociacións do noso municipio:

Pode parecer que coa proposta dunha nova Ordenanza de Participación Cidadá o goberno local procura aumentar a capacidade de participación da veciñanza...

NADA MÁIS LONXE DA REALIDADE! Sabías que existe xa un Regulamento de Participación Cidadá MOITO MÁIS PARTICIPATIVO que a nova proposta do goberno local? Antes de que chegase a "moda" da participación veciñal aos concellos, Culleredo contaba xa cun Regulamento ambicioso aprobado durante o cogoberno do BNG, pero que o goberno de Culleredo deixou en papel mollado. E agora, coa nova proposta:

- QUEREN ELIMINAR O ORZAMENTO PARTICIPATIVO! Até o de agora, as asociacións de Culleredo podían decidir o destino dun 25% do orzamento de investimentos do Concello, que coa nova proposta pretenden eliminar de raíz.
- QUEREN DUPLICAR A ESTRUCTURA DE CONSELLOS SECTORIAIS con novos foros e observatorios locais nos que o goberno decidirá quen participa, para que lles dean a razón cando as asociacións do concello non concorden coas súas ideas.
- QUEREN DIFICULTAR AS INTERVENCIÓNS VECIÑAIS EN PLENO con requerimentos que fan imposíbel que unha asociación cumpra cos requisitos en tempo e forma para poder participar coas súas preguntas.
- QUEREN ENDURECER OS REQUERIMENTOS PARA A SOLICITUDE DE INICIATIVAS POPULARES E DE AUDIENCIAS PÚBLICAS.

Consulta aquí a proposta do goberno local para a nova Ordenanza e compara co actual Regulamento vixente. E cando alucines e penses... Que se pode facer?, valora enviar un correo electrónico a [participacionciudad@culleredo.es](mailto:participacionciudad@culleredo.es) co asunto "Consulta previa borrador de Regulamento municipal de Participación Cidadá" para amosar a túa disconformidade ou a das asociación nas que participedes.

Desde o BNG queremos un Orzamento Participativo de verdade, e que as posibilidades de participación da veciñanza aumenten, e non que se recorten.

Se tes calquera dúbida, non deixes de preguntarnos a través deste correo electrónico.

## **A veciñanza de Culleredo esixe un subministro de auga potábel de calidade e a fin dos episodios constantes de turbidez**

27 de outubro de 2020

**O BNG propón bonificacións para as persoas afectadas.**

**As posibles deficiencias na rede poderían solucionarse coa licitación do servizo, que leva varios anos sen contrato.**

O BNG de Culleredo colabora cunha iniciativa veciñal que pide que goberno municipal esixa á empresa concesionaria que solucione os problemas que orixinan a turbidez da auga, que se poñan en marcha bonificacións ou descontos para os usuarios que se ven prexudicados e que se licite de inmediato o contrato de subministración de auga potable, que leva varios anos sen contrato por ter rematado o anterior.

Así, o pleno ordinario do xoves debaterá unha proposta do BNG para incluír bonificacións aos usuarios nos días no que a calidade do subministro sexa deficiente, modificando a ordenanza fiscal 14, que establece a taxa da auga. O grupo nacionalista xa ten preguntado por estas incidencias en incontables ocasións ao goberno local e urxiu a tomar medidas para poñer solucións. Nin hai respostas convincentes, nin parece que se estea a traballar para mellorar a calidade do servizo.

A veciñanza de Culleredo sofre constantemente episodios de turbidez na auga potable dos seus domicilios desde hai varios anos. As queixas e reclamacións son constantes, xa que cando a auga vén suxa, os electrodomésticos ou a hixiene persoal teñen que pospoñerse. Ante esta situación, a empresa Gestagua, encargada de prestar o servizo de subministro de auga no concello de Culleredo, non ofrece explicacións aos usuarios, nin contraprestacións polas deficiencias.



## **O goberno municipal rexeita ofrecer compensacións ás persoas afectadas pola constante deficiente calidade da auga**

29 de outubro de 2020

**O BNG propuña contrapartidas para os reclamantes verificados.**

**Tamén se pediu a adecuación dos prezos da auga, tendo en conta que a empresa non paga canon por falta de contrato.**

O goberno municipal de Culleredo rexeitou a posibilidade de implantar compensacións para as persoas afectadas polos constantes episodios de turbidez na auga e tampouco accedeu a actualizar os prezos públicos á baixa. Estas eran as propostas do BNG para compensar á veciñanza pola deficiente calidade da auga no concello.

A empresa Gestagua, que presta o servizo de subministración da auga en Culleredo, non paga o canon municipal, xa que o contrato está rematado desde 2014 e sen dereito a prórroga. É dicir, o beneficio da empresa está sendo superior do previsto e o servizo non está cumprindo os mínimos, polo que sería viable unha actualización de prezos proposta polo BNG.

O Goberno local limitouse a votar en contra da moción presentada polo BNG sen ofrecer argumentos nin alternativa algunha que compense á cidadanía afectada por esta problemática, nin presentar proposta para a licitación dun novo contrato que garanta uns mínimos de calidade ou contemple compensacións ás persoas que reclamen. Unha vez máis, queda patente a incapacidade e inoperatividade do PSOE para gobernar Culleredo.

## O BNG de Culleredo demanda do concello actuar e informar sobre a nova pegada sonora do aeroporto canto antes

7 de novembro de 2020

**O BNG solicitou informes técnicos e xurídicos para coñecer a afectación a propiedades.**

**O prazo para alegacións remata o 28 de decembro.**

O BNG solicitou no último pleno ordinario do Concello de Culleredo a elaboración dos informes técnicos e xurídicos necesarios para poder valorar a afección que a nova pegada sonora do aeroporto de Albedro vai ter sobre as propiedades que existen na contorna. Unha vez elaborada a documentación, debería convocarse a comisión especial do aeroporto, coa fin de avaliar esa información e enviar alegacións desde o concello. O novo mapa de servidumes aeronáuticas acústicas vén de ser publicado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, no BOE 278 de 21 de outubro de 2020.

O prazo para presentar alegacións remata o vindeiro 28 de decembro. O BNG urxe ao goberno municipal para informar á veciñanza antes de que venza o prazo e non deixar aos posibles afectados sen apoio e coa única alternativa da autoorganización, como xa sucedeu coa tramitación do Plan Director do aeroporto ou co proxecto do Vial 18, e coa ampliación ao dobre de carrís da AP-9 que trae consigo.

Este procedemento coincide no tempo coa tramitación da modificación do Plan Director do aeródromo coruñés, arredor do cal xa xurdiron serias dúbidas de como afectaría á contorna. Sobre esta cuestión a iniciativa tamén correspondeu ao BNG e o goberno municipal só soubo actuar a remolque unha vez máis.

## **O BNG inclúe moitas demandas de Culleredo nas emendas do grupo aos Orzamentos Xerais do Estado**

14 de novembro de 2020

**A ría do Burgo e o seu saneamento seguen a ser protagonistas.**

**Problemas enquistados, como o transporte ou a mobilidade, tamén merecen inversión canto antes.**

O BNG de Culleredo colaborou activamente co deputado Néstor Rego para elaborar unhas emendas ao documento de Orzamentos Xerais do Estado que teñan presente ao municipio. Ao saneamento da ría do Burgo súmaselle unha cobertura para os traballadores do marisqueo para o tempo que duren as obras. Nesta liña, engádese a proposición de crear unha infraestrutura verde que devolva o recheo da antiga fábrica da Bunge ao río.

Por outro lado, en materia de transportes, o BNG propón a creación de dous novos apeadoiros de tren nos lugares de Fonteculler e Boedo (ata hai uns anos funcionaba a estación ferroviaria en Bregua), alén da elaboración dun proxecto que estenda o ferrocarril proxectado para o porto de Langosteira ata o Centro Loxístico de Transportes de Culleredo en Ledoño, para que verdadeiramente faga realidade o seu nome.

No apartado de infraestruturas, o BNG insiste na apertura dunha conexión da AP-9 co Burgo e o aeroporto de Albedro, aproveitando os accesos á área de servizos. A principal vía de comunicación que cruza Galiza segue sen ter acceso desde Culleredo a día de hoxe, a pesar de atravesar o concello nun dos seus tramos máis concorridos. Tamén se pide a insonorización e a mellora da mobilidade na contorna da autoestrada, no Burgo, en Vilaboa, e en Castro e Laxe, que acumula o tráfico desde a inauguración da Terceira Rolda da Coruña.

## O BNG solicita que o Concello de Culleredo se presente como acusación particular na instrución da denuncia da Garrocha

21 de novembro de 2020

**Vólvese pedir tamén depuración de responsabilidades.**

**A débeda elevouse a 326.000 euros, só polo concepto de impago do canon anual.**

O BNG de Culleredo solicita ao concello que tome a iniciativa na denuncia polas instalacións deportivas da Garrocha e que presente denuncia como acusación particular na instrución xudicial iniciada a raíz da denuncia interposta pola Fiscalía. O procedemento segue o seu curso e os intereses da veciñanza deben ser defendidos.

Paralelamente, tamén se demanda que se incoe un expediente de depuración de responsabilidades polas cuantiosas perdas derivadas deste caso, debido á nefasta xestión –ou falla dela– da concesión das instalacións deportivas situadas no monte Costa, máis comunmente coñecidas como A Garrocha.

A concesión do complexo foi rescatada tras as reclamacións do BNG, despois de varios anos de contrato. O canon anual levaba dez anos sen ser pagado, nin se lle requiriu que o fixera en todo ese tempo, polo que a débeda por este concepto ascendían a 326.000 euros. Os informes do concello tardan ou non chegan a coñecemento do pleno, malia a insistencia do BNG, que leva case dous anos solicitando esa documentación sobre o deterioro das instalacións por falta de mantemento; así que queda por saber canto sumarían eses conceptos á cantidade final de perdas.

Este proceso de depuración de responsabilidades xa foi solicitado en marzo de 2019, aínda na anterior lexislatura. Mais daquela, a proposta foi rexeitada en pleno. Coa constitución do equipo de goberno tras as eleccións, este debería ter a oportunidade para que esixa a transparencia que predica e defenda activamente os intereses municipais.

## O BNG alerta sobre a nova pegada sonora de Albedro e as súas consecuencias e urxe á veciñanza a alegar

1 de decembro de 2020

**Miles de bens inmobles quedarán afectados por unha mingua de valor nos arredores do aeroporto.**

**O prazo de alegacións remata o 28 de decembro.**

Aviación Civil vén de publicar o documento da delimitación das servidumes aeronáuticas acústicas do aeroporto de Albedro, comunmente coñecido como a “pegada sonora”, xa que inclúe o mapa de ruído. Esta nova delimitación significa que os usos urbanísticos quedarán condicionados á actividade aeroportuaria, polo que a cualificación do solo ou o réxime das edificacións actuais quedarán afectados. A mingua de valor dos inmobles chegaría ao 20%, sempre segundo o alcalde de Culleredo, quen citou estudos técnicos sobre os documentos publicados no BOE.

As edificacións existentes actualmente dentro do perímetro seguirán sendo legais, mais “fóra de ordenación”, segundo o alcalde de Culleredo, respondendo á pregunta do BNG. É dicir, que cando a vida útil dun inmovible chegue ao seu fin, ese solo xa non terá posibilidades de volver edificarse. Tampouco poderán ser modificadas se ese cambio supón un maior número de persoas afectadas pola delimitación acústica.

Así, tendo en conta que a maioría do solo afectado é de uso residencial, veríanse afectadas perto de 5.000 mil vivendas, das que case 3.000 nin sequera están dentro do plan de insonorización actual, e case 10.000 persoas serían prexudicadas. Os núcleos de poboación máis afectados serían O Burgo, Acea de Ama, Almeiras, Liñares, A Hermida ou Tarrío (Culleredo), Montrove ou Liáns (Oleiros) ou o Graxal (Cambre). En definitiva, un tercio da poboación e do territorio de Culleredo se verían directamente afectados.

O contido deste documento de pegada sonora puido preverse no proxecto de Plan Director publicado en 2018, no que se adiantaba que o solo dentro dese perímetro sería “incompatible cos novos usos residenciais, asistenciais, educativos ou sanitarios, así como as novas edificacións ou modificacións das existentes que incrementen o número de persoas afectadas”.

Actualmente xa existe un documento de servidumes aeronáuticas acústicas do aeroporto de Albedro, na que só se reconece unha pequena parte da afectación que suporía esta nova delimitación, que data de 2007. Pero tampouco neste caso hai información abonda e ninguén en Culleredo coñece sobre ela nin as súas implicacións, nin foi informada á cidadanía desde o goberno municipal.

## O BNG de Culleredo solicita a suspensión da tramitación da pegada sonora ata facer os datos accesibles aos afectados

5 de decembro de 2020

**A xente está consultando ao BNG por que o Concello non está informando.**

**A lei establece que a información ha de ser clara, intelixible e de fácil acceso.**

**Ten que poder consultarse a referencia catastral de cada un e que se obteña a información completa.**

O BNG de Culleredo registrou unha solicitude á Dirección Xeral de Aviación Civil, na que reivindica o dereito dos cidadáns á unha información clara, intelixible e de fácil acceso, polo que solicita que suspenda a actual tramitación da 'pegada sonora' do aeroporto de Albedro ata que se poña a disposición da veciñanza afectada un mapa dixitalizado fusionado co catastro. É dicir, que o plano de afectación sonora sexa accesible coa superposición das referencias catastrais, o que faría moito máis doado entender se unha propiedade está dentro da delimitación proposta.

Así o establece a Directiva Europea sobre avaliación e xestión do ruído ambiental, en base á cal o BNG de Culleredo propón o aprazamento das alegacións. En plena era tecnolóxica e co contexto da pandemia mundial é necesario que as dúbidas poidan ser consultadas utilizando todos os medios dos que dispoñen as administracións. Ademais, os prazos tamén han de ser razoables para que a poboación dispoña de tempo abondo para intervir na defensa dos seus intereses segundo proceda.

A petición do BNG tamén inclúe que os datos dixitais se proporcionen en formatos abertos, para facilitar que se poidan elaborar diferentes tipos de planos, con utilidades variadas, segundo as necesidades da cidadanía.

## O BNG de Culleredo reclama ao alcalde que aclare por que as vivendas na 'pegada sonora' quedarían fóra de ordenación

12 de decembro de 2020

**Debe aclarar canto antes por que dixo no Pleno que as vivendas do ámbito da pegada sonora quedaban "fora de ordenación".**

**O alcalde incumpre o compromiso do pasado 26 de Novembro de convocar a Comisión Municipal do Aeroporto.**

**O prazo de alegacións da pegada sonora remata o 28 de Decembro e do goberno municipal nada se sabe.**

O BNG de Culleredo celebrou unha palestra telemática con asistencia de expertos en Dereito que negaron que as autoridades de aviación teñan a competencia para decidir o planeamento urbanístico de Culleredo. De ningunha maneira poden decidir se os inmobles ou solares quedan "Fora de ordenación" pois iso tería que ser unha decisión municipal e nada se ten tramitado ao respecto.

Pero así foi como o afirmou o alcalde no Pleno de novembro cando o BNG lle trasladou as preocupacións da veciñanza, e manexando un informe técnico que se comprometeu a enviar por escrito ao BNG pero que aínda non recibimos,.

Tamén solicitara anteriormente en Pleno o BNG que se convocase canto antes a Comisión Especial do Aeroporto para a que o Goberno Municipal debería aportar informes técnicos que permitiran elaborar alegacións á recente publicación das Afeccións Acústicas Aeronáuticas no BOE. A día de hoxe, transcorridas sete das nove semanas de prazo, aínda non se convocou. Mesmo falou daquela de que estaba "contratando" a asesoría dunha empresa especializada para avaliar e redactar as alegacións. Ao BNG nada se lle volveu trasladar ao respecto.

Non é a primeira vez que sucede. Xa en 2018, diante do inicio da tramitación do novo Plan Director do Aeroporto, pasou o mesmo. Todas estas irregularidades non transmiten tranquilidade á cidadanía que ve como os seus fogares están sempre nunha situación de incertidume diante dun Goberno Municipal que non os defende. Mentres tanto, o BNG de Culleredo xa está preparando o seu propio modelo de alegacións coas achegas e conclusións extraídas da palestra organizada con expertos o pasado xoves.

## **O BNG de Culleredo demanda un pleno extraordinario urxente para axilizar as alegacións municipais á ‘pegada sonora’**

17 de decembro de 2020

**O goberno local prometeu convocar a Comisión Especial do Aeroporto e o seu comité técnico, mais segue na inacción.**

**Convida ao resto da oposición a unirse á petición.**

**O BNG ten listas as súas alegacións para a veciñanza, a falta do que se poida engadir tras esa sesión técnica.**

O BNG de Culleredo urxe ao Concello de Culleredo a presentar alegacións á ‘pegada sonora’ do Aeroporto de Albedro, e exercer a defensa de boa parte da súa veciñanza. É por iso polo que solicita a convocatoria dun pleno extraordinario e urxente para tratar esta cuestión, antes de que acabe o prazo o próximo 28 de decembro, e convida ao resto de grupos da oposición a sumarse a esta demanda. O ROM –Regulamento Orgánico Municipal– prevé que se teña que convocar un pleno deste tipo se a solicitude a subscribe unha cuarta parte dos concelleiros da Corporación Municipal. Os tres do BNG xa a presentaron por rexistro.

O alcalde de Culleredo prometeu, no pleno extraordinario de novembro, que convocaría a Comisión Especial do Aeroporto, na que participaría o comité técnico asesor para elaborar as alegacións oportunas desde o propio concello. A pesar da insistencia do BNG, e a cinco días hábiles vista de que expire o prazo para facelo –o día 28–, aínda non hai noticias de esa convocatoria nin de ningunha outra acción desde o goberno municipal para axudar, asesorar ou simplemente informar á cidadanía afectada. Nin sequera hai unha mísera anotación na web municipal.

Pola súa banda, o BNG de Culleredo preparou o seu propio documento de alegacións, a partir de traballo propio e coas conclusións da palestra online, con avogados coñecedores da materia, que se celebrou hai uns días. Este modelo porase a disposición de todas as persoas que o desexen. Entre as propostas inclúense, entre outras, que se amplíen os prazos do proceso e a calidade da información para facilitar o acceso por parte da cidadanía afectada; que se prepare unha memoria económica para compensar aos afectados con definición e prazos; que se revise o horario operativo do aeroporto para limitalo ao intervalo de 7 a 23 horas, o que permitiría a redefinición da afectación á veciñanza; ou que se cree un grupo de traballo para avaliar a posibilidade de compensacións aos municipios que soportan os efectos do aeroporto coruñés.



## O Concello de Culleredo presenta alegacións sen buscar o consenso sobre a 'pegada sonora'

29 de xaneiro de 2021

**As alegacións non piden o peche nocturno do aeroporto, tal e como anunciara o goberno local.**

**Foron presentadas aos grupos este venres, último día do prazo xa prorrogado.**

**O expediente non acredita que a asesoría contratada "esteá capacitado para a execución do contrato".**

**O alcalde non entregou o informe que indicaba que as vivendas quedarían fora de ordenación, e que leu no pleno.**

O Alcalde de Culleredo recúa e non pedirá o peche nocturno do aeroporto, tal e como prometera. As alegacións elaboradas polo goberno municipal non piden limitar o horario de 7 a 23 horas no aeroporto, o que evitaría o nivel de ruído que determina a isófona dos 45dB Ln, e que implica afectacións de servidumes legais a unha gran parte do territorio municipal con restricións urbanísticas.

Despois de incumprir o compromiso do Sr Rioboo de levar as alegacións a Pleno, de adiar varias veces a reunión da Comisión Especial do Aeroporto e de convocala, por fin, o último día do prazo, –que xa antes fora prorrogado a petición do BNG á Dirección Xeral de Aviación Civil–, reuniuse por fin a Comisión Especial do Aeroporto de Culleredo para “A toma de coñecemento das alegacións...”, é dicir, que non se sometía a votación. Iso a pesar de ter pedido a semana pasada achegas dos grupos políticos municipais. O BNG atendeu esa petición coa achega das súas propias alegacións que por outra parte xa presentou no rexistro da Dirección Xeral de Aviación Civil. O Sr Rioboo quériase do labor da oposición pero cando se lle fan propostas que eles mesmos demandan, rexeitaas con total desprezo.

O alcalde anunciara que se contrataría unha asistencia técnica especializada para a redacción das alegacións, pero no expediente non consta a acreditación da capacidade técnica da asistencia contratada. Así o explica o informe da Secretaria Municipal. A contratación tamén leva reparo da Interventora e é informado tamén polo Xefe de Servizo de Economía como “Non é posíbel emitir informe dirixido ao organo de contratación favorable á contratación proposta”. Tampouco quixo aportar Rioboo o informe que leu no Pleno de novembro, mentras contestaba ao BNG que as vivendas quedarían “fora de ordenación”; tal como se comprometera naquel momento.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

As alegacións do BNG foron contrastadas con técnicos xurídicos e con veciñanza afectada. Serven de modelo para a alegación xenérica que puxemos a disposición da xente. Teñen chegado peticións do formulario mesmo de Concellos veciños. Recollen a petición dunha exposición pública onde non sexamos os veciños quen busquemos as implicacións por medio dunha maraña legal, senón que sexa a administración quen nos proporcione todos os datos relevantes para a afectación ás nosas vivendas. Tamén un plan de insonorización e compensacións como é debido e o horario que descarte a franxa nocturna de 23 a 7 horas, o que eliminaría a maior parte da afectación.

## **O BNG de Culleredo denuncia uns orzamentos pouco cribles, repetitivos e sen consenso coa veciñanza**

6 de febreiro de 2021

**Anuncian outra vez proxectos que foron orzamentados en varios exercicios anteriores.**

**O orzamento de Culleredo foi aprobado unicamente polo PSOE, sen consenso, nin na corporación nin na participación veciñal.**

**Ao entender do BNG, o orzamento non cumpre as obrigas legais.**

O orzamento do Concello de Culleredo para 2021, foi aprobado inicialmente o pasado xoves co voto en contra dos tres grupos da oposición. Xa antes carecera de consenso coas asociacións veciñais o orzamento participativo tratado no Consello Xeral de Participación Cidadá. O Goberno de Rioboo esqueceu o compromiso e a modificación das ordenanzas, que subían do 15% ao 25% a participación no orzamento de investimentos. A Concelleira de Facenda expresou o malestar do goberno municipal porque a veciñanza expresara en exercicios anteriores o seu dereito de alegar durante o proceso de exposición pública, porque “total, vanse aprobar igual”. Mesmo lles achacou os retrasos na aprobación. Iso despois de presentar ela os orzamentos deste ano no mes de febreiro, e de que os de 2020 foran presentados en Xullo e aprobados en Outubro pola maioría absoluta do Sr. Rioboo.

O anexo de investimentos repite ano tras ano gran parte das partidas, como os 92.000€ para unha actuación na Torre de Celas. Os mesmos 620.000€ para instalacións deportivas que non se executaron en 2020. Os mesmos 233.263,80€ que en 2020 e 2019 para un centro de maiores en Celas. Seguen a incluírse 42.000€ para pagar aos redactores do PXOM, que iniciaron ese contrato en 2011. Reserva 70.000€ para adecuar a escenografía do Edificio de Servizos Múltiples no Burgo, cando ese inmovible foi reformado hai catro anos. Varias partidas carecen de denominación, algo recriminado pola Interventora e a Secretaria...

Finalmente tiveron que consignar a partida para atender a sentenza xudicial que condena ao Concello de Culleredo a reparar a Praza de Galiza, tal como xa dixera o BNG na tramitación do orzamento de 2020 e que non quixeron aceptar. Sentenza que reprende unha historia de anomalías na enaxenación do subsolo, construción do aparcamento e aceptación da praza resultante. Así e todo, o BNG entende que os 246.632,93 € son insuficientes para cumprir a obriga legal de dotar unha partida que cubra os 371.657,02€ aos que se sumarán os xuros a que obriga a sentenza.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

En ningún momento respostou o Goberno Municipal á pregunta do BNG sobre a ausencia dun plan para regularizar os servizos sen contratos, que son practicamente a totalidade. Anunciaron tamén que se ía vender un terreo municipal na rúa Moncho Reboiras, sen aclarar os motivos de proceder á venda de patrimonio municipal. Desde o BNG de Culleredo non entendemos que vendan patrimonio público para facer caixa cando dedicaron 250.000€ a unha paga extra aos funcionarios.

## **O BNG de Culleredo denuncia a construción dunha gasoleira no cauce do Río Valiñas**

13 de febreiro de 2021

**As obras de construción, xa iniciadas, deixaron en evidencia que os terreos forman parte do cauce anegable do Río, quedando totalmente recubertas de auga.**

**O BNG de Culleredo cuestiona a pertinencia da autorización do Concello e de Augas de Galiza para dita construción, e reclamará a reversión da autorización e a recuperación do estado previo do cauce do Río.**

**Esta é só unha máis das continuas aldraxes contra este Río por parte do goberno municipal e Augas de Galiza, que levan anos sen atender as denuncias veciñais de verquidos no Río.**

Nos últimos días, a veciñanza de Ledoño, Celas, Rumbo... e todos os usuarios da estrada que une a A6 con Cerceda e Mesón do Vento, puideron observar como o Río Valiñas ocupaba de xeito natural o seu cauce anegable nunhas parcelas en construción, formando unha lagoa natural. Neses terreos foi autorizada polo Concello de Culleredo e por Augas de Galiza, a construción dunha nova gasoleira. A propia natureza tivo que poñer sentido común a esta negligencia por parte das autoridades.

Xa en novembro de 2018, ante a apertura do período de exposición pública por parte de Augas de Galiza para dita autorización, o BNG de Culleredo uniuse á veciñanza presentando alegacións que solicitaban a denegación de tal autorización, ao atoparse a parcela para a construción da gasoleira no cauce do Río Valiñas e en terreos declarados polo propio proxecto de PXOM, aprobado inicialmente polo Concello de Culleredo, como "Rústicos de Protección de Augas". As alegacións da veciñanza, que non foron estimadas por Augas de Galiza, sumábanse ás múltiples denuncias presentadas ao longo dos anos por verquidos incontrolados no Río.

O BNG de Culleredo solicitará novamente a paralización das obras de construción iniciadas e a reversión da súa autorización, así como a restitución dos terreos e do cauce do Río Valiñas ao seu estado previo. A pesar de ter Augas de Galiza desatendido as múltiples chamadas de atención por parte da veciñanza sobre esta nova infraestrutura, é agora o propio Río quen da a razón ás veciñas e veciños de Culleredo. Cómpre lembrar asemade, que esta infraestrutura non ven a cubrir ningunha necesidade para a poboación do noso municipio, xa que na contorna contamos con outras dúas gasoleiras en menos dun kilómetro á redonda.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

Os nacionalistas poñerán a disposición da veciñanza que desexe unirse a esta demanda un modelo de presentación dun Recurso Extraordinario de Revisión para presentar diante de Augas de Galiza. Do mesmo xeito, agardan que o goberno municipal se sume a esta iniciativa para a protección do medio natural do noso concello e tome as medidas precisas para a paralización inmediata das obras de construción, despois de que o Alcalde non ofrecese explicación algunha ante as preguntas do BNG no último pleno.

## **O BNG de Culleredo leva a pleno a revisión da autorización á gasolinera xunta o río Valiñas**

23 de febreiro de 2021

**Reclamará a Augas de Galiza a revisión da autorización para a construción, como paso previo para revocar a licenza municipal.**

**As obras, xa iniciadas, deixan en evidencia que os terreos forman parte da zona anegable do río, quedando totalmente recubertas de auga.**

**O documento hidrolóxico para o proxecto de PXOM de Culleredo, aprobado inicialmente e co visto bo de Augas de Galiza, declara a zona como "solo rústico de protección das augas".**

As obras para a construción dunha gasolinera en Ledoño, comezadas hai apenas unhas semanas provocaron o desbordamento do río e o asolagamento da parcela. Os efectos son visíbeis para calquera que pasa pola zona, á beira da estrada AC-253 que une a A-6 co Mesón do Vento. A actuación conta con licenza municipal e autorización previa de Augas de Galiza. Mais, xa en novembro de 2018, ante a apertura do período de exposición pública por parte de Augas de Galiza para dita autorización, a veciñanza da zona e colectivos ecoloxistas mobilizáronse para presentar alegacións, ás que se uniu o BNG, facendo ver que se trataba dunha zona anegable.

O BNG de Culleredo vén de presentar unha moción para o seu debate no pleno municipal que terá lugar este xoves, 25 de febreiro, ás 13:30 horas, reclamando a revisión por parte de Augas de Galiza da autorización para esta construción, como paso previo á anulación da licenza.

O propio proxecto de PXOM aprobado inicialmente pola corporación cullerdense, e que conta con informe favorábel de Augas de Galiza, clasifica os terreos como "solo rústico de protección das augas", o cal entra en total contradición coa autorización emitida polo mesmo organismo. Na Memoria Medioambiental emitida pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o PXOM, faise especial fincapé no valor ambiental do espazo no que agora autorizan a construción dunha gasolinera con frases como "En canto aos valores naturais, malia que no concello non existe ningún espazo natural protexido, o PXOM reconece o valor ambiental dos Montes do Xalo, da ría do Burgo e do sistema fluvial que conforman o río Mero co seu principal afluente, o río Valiñas." ou "Naqueles ríos que son masa de auga (río Valiñas e río Trabe) non se debe reducir a protección de 100 metros, salvo xustificación motivada". Cómpre lembrar asemade, que esta infraestrutura non vén cubrir ningunha necesidade para a poboación do noso municipio, xa que na contorna contamos con outras dúas gasolineras en menos dun kilómetro á redonda.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

Os nacionalistas agardan contar co apoio de toda a corporación municipal para rematar coa aldraxe ao noso medio natural, poñendo os intereses da veciñanza e a protección dos nosos ríos e montes por diante de intereses particulares e especulativos.



## **A incapacidade do goberno local imposibilita a celebración do pleno telemático, que tivo que ser adiado**

25 de febreiro de 2021

**Estreábase a nova plataforma de videoconferencia e non foi posible poñela en funcionamento.**

**O BNG levaba case un ano pedíndo a celebración telemática, como noutros concellos da Comarca ou en Concellos do BNG.**

O pleno ordinario do Concello de Culleredo non puido celebrarse debido á incapacidade dun goberno municipal coa maioría absolutísima do Sr. Rioboo para dispoñer de todos os recursos municipais sen traba algunha, como reiteradamente dicían no pasado.

Malia ser probada en reunións menos numerosas nas pasadas semanas, e terse posto todos os concelleiros e concelleiras da oposición a disposición para facer as probas necesarias, a celebración, prevista para hoxe xoves, 25 de febreiro, ás 13.30 horas, non puido levarse a cabo e no seu lugar convócase un pleno extraordinario presencial para o vindeiro luns 1 de marzo, ás 10.30 horas, tal como comunicaron nos últimos momentos despois de terse acordado para o mércores 4, por que o alcalde "esquecera" un convenio co Concello da Coruña, para a realización dun proxecto de emprego con xente moza, que ten prazo de presentación.

O BNG de Culleredo viña demandando unha plataforma para a emisión segura dos plenos desde hai case un ano, ao fío do contexto pandémico. Non foi ata o pasado mes de xaneiro cando se aprobou a posibilidade de realización de plenos e xuntas virtuais.

A veciñanza merece unha explicación de por que non son capaces de poñer en marcha un sistema que leva funcionando hai tempo noutros concellos, se foi probada antes e tamén unha xustificación sobre como e en que se gastan os recursos municipais.

## **O BNG fai que o Concello de Culleredo reclame a revisión da autorización da gasoleira de Ledoño a Augas de Galiza**

10 de marzo de 2021

**O PP votou en contra escudándose en que as alegacións veciñais foron rexeitadas.**

**O PSOE só aceptou a proposta previa emenda para que a petición fora condicional.**

O Concello de Culleredo reclamará ante Augas de Galiza a revisión da autorización para a construción dunha gasoleira a carón do río Valiñas, en Ledoño, como consecuencia dunha proposta do BNG, na que ademais se pon de manifesto o valor ambiental da zona e os riscos de contaminación.

Tanto PP coma PSOE se aliñaron co argumento de que as alegacións veciñais foran rexeitadas e tentaron dar carpetazo e silenciar a cuestión, tratando de evitar o debate. Pero Tono Chouciño, voceiro do BNG, valeuse de documentos oficiais, como a Lei do Solo de Galiza, para protexer as ribeiras fluviais, ou o propio proxecto de PXOM de Culleredo, no que se indica a zona de especial protección precisamente nesas parcelas.

Tendo en conta iso, o PSOE de Culleredo propuxo a emenda de condicionar a licenza municipal ao que responda Augas de Galiza. O BNG aceptou a achega e a votación final situou a todas as forzas a favor, agás o PP, que se enrocou no non.

## **O BNG de Culleredo reclamará explicacións polas deficiencias na apertura do parque da igrexa de Vilaboa**

20 de marzo de 2021

**A apertura do parque de Vilaboa non pasou o control de calidade da veciñanza.**

**Hai aspectos do proxecto que presentan deficiencias apreciable a simple vista. O propio goberno municipal di que está sen rematar.**

**O BNG esixirá explicacións, desculpas á veciñanza e depuración de responsabilidades.**

Acaba de abrirse ao público o parque da Senra en Vilaboa despois dunha demora de máis un ano para unha reforma ben cativa. A apertura do parque de Vilaboa non pasou o control de calidade da veciñanza. Máis alá de que no mellor dos casos poida haber cen papeis grises que digan que a obra está lista, a xente está escandalizada de como se gastaron os cartos públicos en facer unha reforma cativa, que non aborda todo o proxectado, e que presenta deficiencias antes de pasar a usarse.

Unha obra de mais de 200.000€ que foi adxudicada con oferta temeraria desde os 269.000 que partía, como xa sucede habitualmente, con resultados que deberían facernos pensar qué está pasando coas obras municipais, como a cuberta do parque das Brañas que acabou rompendo antes de ser entregada, ou o pavimento do Residencial A Ría que se fixo con pavimento impreso cando tiñan que ser adoquíns colocados a man, ou a pista de skate de Fonteculler, que con un ano presenta deterioros, ou a escollera do río Trabe que non nos consta que fora recepcionada aínda a día de hoxe. É importante lembrar que a obra debía ser executada en tres meses desde a formalización o 21 de xaneiro de 2020.

Principalmente as familias con rapazada en idade de parque, máis tamén da xente maior, estiveron privados un tempo moi superior ao establecido nos pregos de contratación para rematar a obra, como para que aínda por enriba se teña que ver unha obra mal executada e polo tanto non conforme aos cartos acordados; e todo eso sen unha desculpa, sen unha explicación sen outra saída do goberno municipal que as publicacións triunfalistas habituais, comunicados nos que parece que o goberno de Rioboo estea inaugurando pantanos, para a continuación recoñecer que “cando o permita o tempo darase a segunda man de revestimento na zona da pista deportiva”.

Por suposto que desde o BNG de Culleredo habemos de pedir explicacións e responsabilidades. Se isto pasa co que se ve a simple vista sen necesidade de coñecementos técnicos, o que non pasará con aquelas partes que non podemos apreciar a ollo, como puidemos ver cando rompeu a cuberta do parque das Brañas?

## **O xulgado ordena executar a sentenza que anulou a liquidación do CLT de Ledoño**

10 de abril de 2021

**A sentenza do contencioso administrativo do mes de setembro, anulaba a liquidación da concesión do Centro Loxístico de Culleredo en Ledoño e mandaba repetila.**

**A concesionaria, Obralar, apelou ese fallo. O Concello de Culleredo non.**

**O Goberno Municipal permitira á concesionaria vender as parcelas resultantes, algo que un informe da Secretaria municipal declaraba nulo de pleno dereito.**

Un auto do xulgado contencioso administrativo nº 2 da Coruña ordena a execución provisional da sentenza de setembro de 2020 na que revoca a liquidación que se fixo da concesión en 2017.

Naquela liquidación, establecíase que a concesionaria debía ao Concello de Culleredo máis de 1 millón de euros como saldo da concesión; porén a concesionaria Obralar reclamou 17 millóns de euros ou subsidiariamente 6 millóns en base a cálculos alternativos, por non agotar os 25 anos de tempo da concesión e rescatarse pasados 15 anos..

A resolución da concesión tivera que ir varias veces ao Pleno entre 2015 e 2017 por caducar o expediente e por que o Concello non quixo aplicar o motivo que máis beneficiaba aos intereses municipais, é dicir, os incumprimentos da concesionaria, que non construiu o comprometido: un hotel de 4 estrelas, unha estación intermodal, unha ITV, un área comercial, entre outras. Uns incumprimentos que non se lle reclamaron nunca. Agora veñen as consecuencias.

Xa durante a tramitación do rescate da concesión e posteriormente da liquidación do contrato de concesión, a Secretaria Municipal reiteraba en varias ocasións o que xa en 2004 informara: que o contrato de concesión era nulo de pleno dereito por ter permitido vender parcelas resultado de expropiacións, xa que o destino do que se expropia debe ser para patrimonio público e nunca para patrimonio privado. Agora parece que esas vendas non computan para establecer o saldo que pertencería a Culleredo.

Mentras tanto, o Concello de Culleredo segue sen ter tomado posesión dos bens que lle pertencen do resultado do rescate da concesión: o aparcadoiro de camións, os edificios de usos administrativos e de recepción de visitantes, a báscula... mentras os rendementos deses bens non repercuten en beneficio público senón dunha xente á que non pertencen.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

O BNG reclamou por dúas veces a depuración de responsabilidades que os informes da Secretaría Municipal indican que proceden, sen que prosperaran pola oposición do PSOE. Seguiremos insistindo, posto que nesta desfeita hai que coñecer e demandar as responsabilidades de todo tipo que puidera haber en toda esta secuencia de irregularidades que pode hipotecar o futuro de Culleredo.

## O BNG de Culleredo propón en Pleno dar impulso ao CLT de Ledoño

24 de abril de 2021

**O BNG reclama a toma de posesión dos bens públicos tralo rescate da concesión.**

**Os nacionalistas propoñen a ampliación do camiño de ferro desde o CLT até o porto exterior e a creación de prazas de estacionamento e servizos para camións.**

O BNG de Culleredo presentará no vindeiro Pleno Municipal unha moción con propostas para impulsor o Centro Loxístico de Transportes de Culleredo. O CLT, situado na parroquia de Ledoño, foi obxecto de múltiples irregularidades desde a súa xestión até o momento actual, no que acabamos de saber que o Concello de Culleredo pode perder millóns de euros polas reclamacións da exconcesionaria.

É hoxe o día que aínda non se tomou posesión do pouco que se salvou para o patrimonio público tras o rescate da concesión. Desde o grupo nacionalista non só non damos por perdido aquilo que sempre defendimos que deba revertir para o patrimonio público, senón que neste momento queremos facer fincapé en novas propostas para relanzar o seu potencial económico.

O BNG de Culleredo propón aproveitar a conexión ferroviaria do porto exterior da Coruña co polígono de Vío para estender esa rede até o CLT de Culleredo. O traxecto do camiño de ferro xa existe posto que por alí xa pasaba o tren. O propio proxecto técnico do CLT así como o acordo de concesión para a súa construción contemplaba facer nos terreos que lindaban coas vías, unha estación intermodal de mercancías que finalmente non foi construída.

Por outra banda, o próximo e progresivo traslado das infraestruturas do porto da Coruña vai levar aparellada a necesidade de novos espazos para a loxística de transporte por camiión. Segundo cálculos do sector precisaríanse 800 prazas de estacionamento para camiións nun futuro próximo. As asociacións do sector do transporte por estrada están a reivindicar aparcadoiros seguros para os vehículos pesados. Por todo isto, o BNG propón avanzar nos estudos de viabilidade necesarios para a creación no CLT de Culleredo dos aparcadoiros de vehículos pesados necesarios para a demanda da comarca, así como das instalacións necesarias para complementar unha verdadeira cidade do transporte.

É imprescindible que o Concello de Culleredo sexa o motor de desenvolvemento da capacidade do CLT para cumprir o obxectivo para o que foi concebido; ser unha auténtica cidade do transporte e así proporcionar as utilidades que precisan os servizos loxísticos actuais así como os traballadores e traballadoras, e cumprir a súa misión de vertebrar Galiza na vertente da loxística e a distribución de mercadorías.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

Para todo o anterior, o goberno municipal ten que poñer da súa parte o impulso á toma de posesión dos bens que lle pertencen como resultado do rescate da concesión, e tamén debe esclarecer que dereitos existen para aqueles terreos que foron expropiados ou adquiridos pola concesionaria baixo o poder que lle outorgaba ser o beneficiario da expropiación. Non debe darse nada por perdido e é preciso que o que ía ser unha instalación pública o sexa.

## **O concello de Culleredo, condenado a repagar, unha vez máis, por parcelas do colexio Vila de Rutis**

1 de maio de 2021

**A parcela nº 5 cuadriplicará o seu prezo final e case 200.000 euros sairán das arcas municipais.**

**O BNG pregunta como afectará ao orzamento e se queda algunha sorpresa máis sobre estes terreos.**

**Tamén houbo que engadir pagos pola parcela nº 7.**

Os terreos nos que se construíu o CEIP Vila de Rutis seguen aumentando de prezo varios anos despois da finalización das obras para erguelo. Agora, o concello de Culleredo vese condenado firmemente a pagar 189.360,58 € á Fundación Barrié por unha das parcelas sobre as que se construíu a nova escola de Vilaboa, incluídos os xuros, e alén do montante xa aboado no seu momento.

A sentenza ten data de 5 de febreiro de 2019, polo que non se entende que non se procedera ao seu pago ata o de agora; polo que, o BNG de Culleredo insta ao goberno municipal a aclarar se quedan máis pagos pendentes e como van afectar estes pagos ao orzamento municipal en curso.

Non é a primeira vez que se ten que pagar sobre o xa aboado polos terreos deste centro educativo, xa que por outra das parcelas tamén houbo que pagar por riba do seu prezo fixado inicialmente. Neste sentido, o BNG tamén pregunta ao goberno municipal se haberá máis sorpresas e as arcas municipais terán que facerse cargo de máis pagos aos expropiados para a construción desta escola.

### CEIP Ría do Burgo

O caso fainos lembrar os 1.560.000 € que o concello de Culleredo foi condenado a pagar por terreos que foron usados para a ubicación do colexio Ría do Burgo hai uns poucos anos. A historia vai camiño de repetirse, coa sangría de cartos públicos que supón.



## **O Concello de Culleredo é condenado a pagar outros 237.791,57€ nunha nova sentenza**

19 de maio de 2021

**O BNG pedirá acceso á sentenza, xa que o goberno local non ofrece detalles.**

**A sentenza non era firme no momento de sérmonos transmitida a información.**

O BNG pedirá acceso á sentenza na que o goberno de Rioboo perdería 237.791,57€, cantidade á que habería que engadir os xuros, nun contencioso-administrativo que presentara a empresa SETEX-APARKI S.A.

Tamén reclamará explicacións de que está sucedendo para que levemos perdidos centos e centos de miles de euros en procedementos xudiciais. Hai pouco soubemos doutra sentenza que condena ao Concello de Culleredo a reparar a superficie da Praza de Galiza no Burgo por filtracións de auga aos garaxes no soto, debido a defectos de construción de responsabilidade municipal. Tamén coñecemos o caso dos 60.000€ de indemnización para o propietario do Muíño da Fonte da Balsa; ou os 200.000€ de sobreprezo que hai que pagar por unha das sete parcelas adquiridas para o colexio Vila de Rutis, sobre o que xa houbera que sobrepagar outra das parcelas anteriormente. Neste último, o goberno municipal evitou, no último Pleno municipal, concretar o que levamos perdido debido ás sentenzas condenatorias a pagos en proporción de 1 a 4.

Esta nova sentenza, que obriga a pagar a SETEX-APARKI S.A. 237.791,57, non era firme no momento da dación de conta desa información por parte do goberno municipal. Agardemos que presentaran recurso de apelación e que se evite o pago desa cantidade.

## O concello de Culleredo convoca un proceso selectivo sen garantías de transparencia

20 de maio de 2021

**A secretaria xeral avisa de que non se garante a correcta comunicación cos candidatos.**

**Tamén falta establecer criterios claros para valorar as probas.**

O BOP vén de publicar “Convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha lista de substitución de auxiliar administrativo/a (persoal funcionario interino)” para o concello de Culleredo. A secretaria xeral do municipio advertiu que esta proposta non se axusta ás garantías mínimas de transparencia.

Por unha banda, a funcionaria avisa sobre o procedemento para efectuar os chamamentos, xa que só se prevé a vía telefónica, cando debería existir algún outro medio para a comunicación que permita acreditar de xeito fidedigno a súa realización (como por exemplo, a publicación da oferta no taboleiro electrónico do concello), e ofrecendo un prazo para que os interesados expresen a súa intención e que quede constancia, tamén, das renuncias, de ser o caso.

Por outro lado, a secretaria tamén fai observacións sobre a fase de oposición. As bases deberían expoñer con claridade a puntuación para cada pregunta acertada ou a penalización para os erros. Tamén recomenda que se prevean preguntas de reserva.

Con todo isto, os hipotéticos participantes no proceso selectivo municipal non coñecen como se valorará o seu desempeño nas probas, ou se esa valoración se decidirá sobre a marcha, e que criterios se seguirán, polo que non se pode garantir nin transparencia nin igualdade de oportunidades.

## **Análise do BNG de Culleredo de dous anos de lexislatura: incapacidade, parálise e promesas incumpridas**

29 de maio de 2021

Esta semana cumpríronse dous anos das últimas eleccións municipais, nas que a veciñanza cullerdense decidiu triplicar a súa confianza no BNG, pasando de 1 a 3 concelleiros na corporación municipal. Mais o goberno municipal quedaba encomendado a un PSOE con maioría absoluta.

Desde ese mesmo momento, desde o BNG de Culleredo non deixamos de traballar arreo polos intereses de Culleredo e da súa veciñanza. Nos dous anos que seguirán seguiremos a traballar na mesma liña, poñendo por diante os intereses da maioría aos de particulares e especuladores.

Mais nestes dous anos, Culleredo segue estancado en promesas dun futuro que nunca se chega a facer realidade. Os mesmos grandes retos nos que o noso concello está a xogar o seu futuro seguen a estar paralizados, e o goberno municipal non parece ter ningún interese en traballar por sacalos adiante:

- Despois de varios anuncios con datas para a aprobación definitiva do PXOM, hai máis dun ano que ninguén ten noticias del.
- O servizo de auga potable segue en mans dunha empresa sen contrato que non proporciona un servizo de calidade.
- O servizo de limpeza viaria segue sen contrato.
- O servizo de atención domiciliaria de servizos sociais segue sen contrato, nun momento de extrema gravidade no que non podemos reclamar un mínimo de calidade á empresa que presta o servizo sen contrato.
- A contratación de obras e servizos a dedo alcanza xa un 68% do orzamento, a pesar das constantes advertencias da intervención e secretaria municipais.
- Seguen aumentando as obras executadas sen axustarse a proxecto, nalgún caso con graves consecuencias como a caída da cuberta do Parque das Brañas.
- Acumúlanse as sentenzas xudiciais nas que o Concello de Culleredo perde millóns de euros, como a dos terreos do CEIP Ría do Burgo, a do CLT de Ledoño, as expropiacións para o CEIP Vila de Rutis, a reforma da Praza de Galiza...
- O rescate de concesións como a da Garrocha ou a do CLT, na que non só perdemos servizos e centos de miles de euros, se non que recuperamos instalacións municipais totalmente deprezadas e con grandes destrozos que non se reclaman ás concesionarias.
- A indefensión nas continuas pretensións de ampliación do Aeroporto de Albedro e da súa pegada no noso territorio.
- A indefensión ante a intención do Ministerio de Fomento de destruír a Laxe coa construción do Vial 18 e o seu proxecto de ampliar a AP9 ao dobre de capacidade ao seu paso por Almeiras, O Burgo, Vilaboa, Castro e A Laxe.

# Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

- A falta de calidade democrática, coa anulación de Plenos Municipais e Comisións Informativas sen razón xustificada, a non asistencia do Alcalde a moitos destes órganos, e a continua reclamación dos dereitos da veciñanza ante a Valeduría do Pobo.

A enumeración podería continuar.

Consideramos que é tremendamente complicado e difícil que un goberno municipal en maioría absoluta sexa incapaz de resolver ningún, nin o primeiro dos problemas e numerados, e sobre os que tantas promesas vacías fixeron durante a campaña daquelas Municipais de maio de 2019. Nin sequera lograron presentar unha soa vez os orzamentos e tempo e forma.

E agora o Alcalde, nun novo xiro de acontecementos sen consenso, sen razoamento, sen ningún tipo de información, decide anunciar a retirada do Concello de Culleredo do Consorcio das Mariñas, sen un mínimo análise dos custos que esta decisión pode supoñer para a veciñanza cullerdense, sen contar coa viabilidade da planta de xestión de residuos de Nostián e dos traballos a ela relacionados. Ante esta análise dos primeiros dous anos desta lexislatura, non podemos confiar en que este goberno municipal sexa quen de organizar os servizos de xestión da recollida e tratamento de basuras.

A veciñanza cullerdense non pode ser a vítima da incapacidade do goberno municipal do PSOE de Culleredo. Desde o BNG seguiremos a traballar para reclamar que o Alcalde e as súas concelleiras e concelleiros fagan o traballo que lles foi encomendado. Seguiremos tamén a traballar por unha alternativa de goberno efectiva e beneficiosa para o noso concello.

## **O BNG de Culleredo denuncia o cobro irregular de impostos municipais nas licenzas de apertura**

19 de xuño de 2021

**O BNG de Culleredo ven de presentar unha moción solicitando a modificación da Ordenanza Fiscal 17 que regula as licenzas de apertura, para axustala á legalidade.**

**O goberno municipal está a cobrar a través desta ordenanza taxas pola aplicación das tarifas do Imposto de Actividades Económicas (IAE) do que están exentas aquelas empresas con menos de 2 anos de actividade ou cunha cifra de negocio anual por baixo do millón de euros.**

**Os nacionalistas tamén reclamarán a devolución dos impostos recadados indebidamente.**

O BNG de Culleredo ven de presentar unha moción para a súa votación no vindeiro Pleno Municipal reclamando a modificación da Ordenanza Fiscal que regula as taxas por licenzas de apertura. Esta taxa está en parte composta polo pago dun imposto do que a meirande maioría das/dos comerciantes de Culleredo están exentas/os. A moción inclúe a solicitude de devolución dos impostos recadados indebidamente.

Teñen chegado ao BNG queixas de comerciantes polo elevado importe das taxas polas licenzas de apertura de establecementos en Culleredo en comparación con outros concellos da contorna. Desde o BNG temos revisado a Ordenanza Fiscal Número 17, que regula a taxa por outorgamento de licenzas de apertura de establecementos,, comprobando que como parte da taxa súmase o 100% da cota mínima municipal pola aplicación das tarifas do Imposto de Actividades Económicas (IAE).

Liquidar o IAE na primeira anualidade é contrario á lei posto que os dous primeiros anos dunha actividade están exentos dese imposto. E ademais, por se fora pouco, están exentos por partida dobre, xa que unha gran parte dos establecementos que abriron en Culleredo, non acadan unha cifra de negocios anual de un millón de euros, outro dos motivos de exención do IAE.

O Goberno Municipal de Culleredo leva moitos anos cobrando de maneira irregular un imposto as/aos comerciantes que abren o seu negocio con grandes traballos, dificultades e ilusións. Procede reparar a inxustiza á que se lles someteu e segue sometendo.

Sabemos que entraron no rexistro reclamacións ao respecto desde hai meses e non foron contestadas. Todo aquel que teña pagado un tributo indebidamente ten o dereito á devolución no prazo de catro anos desde que fixera o ingreso, tal como establece para o prazo de prescrición dese dereito a Lei Xeral Tributaria, que tamén establece que o procedemento poderá iniciarse de oficio.

## O BNG de Culleredo revisará a autorización da Feira Medieval no contexto de ascenso de casos COVID

2 de xullo de 2021

**Preocupa a evolución do número de casos.**

**A veciñanza non entende que se convoquen eventos de masas.**

**Contradición entre o anuncio de plan de control noutros puntos con eventos multitudinarios.**

O BNG de Culleredo solicitou por rexistro acceso ao expediente no que se tramitou a autorización da Feira Medieval no paseo marítimo.

Sen chegar os días nos que se agarda máis afluencia de público, xa chegaron ao BNG avisos de preocupación da xente que se pregunta como é posible que se promocionen eventos de masas coa evolución que leva o noso municipio. En Culleredo cuadruplicáronse os casos activos en tres semanas, con unha evolución de casos activos no noso municipio de 9 casos o pasado 9 de Xuño ate os 41 o pasado xoves.

Temos a traballadores e propietarios de hostalaría locais extremando medidas, pendentos do cumprimento rigoroso das normas e preocupados e de como vai repercutir a evolución das cifras de casos activos nas autorizacións de aforos para os seus locais. Todos temos posta a atención nos efectos que teñen chegadas de contaxios do exterior como o caso das excursións de escolares a Mallorca. Temos localidades en Galiza que volven atrás volvendo impoñer restricións que críamos que non volverían.

E mentres, o Sr. alcalde de Culleredo parece que prefire a foto de ser o que vai por diante en pórlle fin á pandemia, posando na inauguración dun evento de masas mentres anuncia medidas especiais de control de reunións en determinados puntos do concello.

Mentres o alcalde anuncia “un dispositivo especial da policía local” para determinados puntos do concello como o galpón de Celas, presenta fotos nas redes sociais municipais abrindo a Feira Medieval na que non parece que haxa control algún nuns corredores moi estreitos entre os postos.

O voceiro Tono Chouciño afirmou, “Queremos ter acceso ao expediente para verificar que informes técnicos que avalaron a convocatoria, cales foron as condicións que se lle impuxeron, e se se están cumprindo”.

## **O BNG de Culleredo denuncia o descoñecemento das condicións nas que se celebrará o Morriña Festival**

16 de xullo de 2021

**A pesar de terse anunciado o patrocinio do Concello de Culleredo ao Morriña Festival, non existe documento de ningún tipo no que se especifiquen as condicións para a celebración deste evento.**

**O BNG de Culleredo ten solicitado acceso á documentación, tendo recibido por resposta que non existe máis que unha solicitude de uso do espazo por parte da promotora.**

**Segundo o protocolo marcado pola Xunta, é preciso e ineludible un Plan de Prevención de Riscos que recolla as medidas fronte á COVID-19 para a celebración de eventos deste tipo.**

Nas últimas semanas o BNG de Culleredo ven preguntando ao goberno municipal polas condicións para a celebración do Morriña Festival, anunciado para a segunda quincena do mes de agosto no Paseo Marítimo do Burgo. Os concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do BNG de Culleredo foron coñecedores do patrocinio do Concello de Culleredo a este festival única e exclusivamente a través dos medios de comunicación. Desde ese momento, tanto nas Comisións Informativas como no Pleno Municipal, teñen solicitado o acceso ao expediente no que se recolla a documentación necesaria para a celebración deste evento, e no que deberían constar os documentos requiridos polo protocolo da Xunta para a celebración de espectáculos ao aire libre, como o Plan de Prevención de Riscos no que se deben recoller todas as medidas que se levarán a cabo fronte á COVID-19.

No último requerimento para ter acceso ao expediente, despois de que nun primer intento o goberno municipal respondese cunha folla en branco, o Alcalde informa "que de momento só existe unha solicitude de uso de terreo para a celebración do festival, feita por parte da empresa organizadora. Non existindo así ningún expediente referido a ningún contrato, convenio de colaboración nin convenio de patrocinio." Esta confirmación, negro sobre branco, da inexistencia da máis mínima documentación para a celebración deste evento e do seu patrocinio por parte do Concello de Culleredo, resulta indignante.

Observamos con preocupación como nas últimas semanas a incidencia da COVID-19 no noso concello ven elevándose cada día máis, levando a Culleredo a escalar até o nivel medio de alerta, provocando graves consecuencias no sector hosteleiro do noso municipio. Os nacionalistas teñen tamén solicitado o acceso ao expediente para a autorización da celebración do Mercado do Faro, que tivo lugar hai un par de semanas e ao que o goberno municipal aínda non deu acceso.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

Parece que estamos novamente ante unha grave negligencia por parte do goberno municipal, que anuncia a bombo e pratillo, con roldas de prensa e fotografías a esgalla, un evento con entradas xa vendidas pero que non conta coa documentación mínima imprescindible para a súa autorización. Parece temerario o anuncio do patrocinio dun festival sen contar cun documento no que se delimiten de forma clara as concesións que o Concello fará á empresa organizadora, e no que se recollan de forma transparente as obrigas desta e do propio Concello.



## O BNG de Culleredo reclama a revisión das autorizacións municipais para a celebración do Morriña Festival

25 de agosto de 2021

**Tras telo solicitado durante meses, o BNG puido comprobar que no momento de ter acceso ao expediente non existía licenza municipal asinada polo Alcalde para a celebración do Morriña Festival.**

**No momento de acceso ao expediente, non había informe do servizo municipal de medio ambiente que verificara que se dan as condicións para poder celebrar ese evento nese lugar e nas condicións propostas, máxime na situación de afectación de pandemia por COVID19 no noso concello nestes días.**

**O BNG de Culleredo ten solicitado á Dirección Xeral de Saúde Pública que exerza o seu labor de inspección de tramitación e execución das autorizacións para este tipo de eventos durante a pandemia.**

Nos últimos meses o BNG de Culleredo veu preguntando ao goberno municipal polas condicións para a celebración do Morriña Festival, anunciado desde o mes de xuño para a segunda quincena do mes de agosto no Paseo Marítimo do Burgo. Finalmente o goberno municipal autorizou o acceso ao correspondente expediente entre os días 16 e 17 de agosto, escasas horas antes do inicio do festival. Na revisión da documentación incluída no expediente, os concelleiros nacionalistas puideron comprobar como non se inclúe licenza asinada polo Alcalde para esta actividade. Do mesmo xeito, non se recolle o preceptivo informe do servizo municipal de medio ambiente que tería que ter verificado que se dan as condicións para poder celebrar ese evento nese lugar e nas condicións propostas, máxime na situación de afectación de pandemia por COVID19 no noso concello nestes días.

Calquera actividade debe contar coa correspondente licenza, é o que garante que se dan as condicións para salvagardar os intereses públicos perante calquera situación que puidese ocorrer durante a celebración do evento, por iso o BNG volveu rexistrar o luns un escrito de solicitude para que o Goberno Municipal lle acredite a existencia de licenza, sen ter resposta ate agora.

Por todo isto, o BNG de Culleredo ten solicitado á Dirección Xeral de Saúde Pública, responsable da normativa aplicable a este tipo de eventos durante o período de pandemia, que exerza o seu labor de inspección da tramitación e execución das autorizacións pertinentes para a celebración deste festival.

Non pode ser que a hostaleira teña unhas restricións de exixencias altísimas mentres se consinte que se celebre un evento que move miles de persoas durante varios días sen que poidan acreditar que as cousas están ben feitas.

## O BNG pide que o Consello de Participación Cidadá decida sobre os 5 millóns de remanente

15 de setembro de 2021

**O goberno local anunciou o emprego de 5,2 millóns de euros, a metade do aforrado na última década, e segue sen informar nin aportar ningún detalle á Corporación Municipal.**

**Os regulamentos prevén a participación cidadá en cuestións deste tipo.**

O BNG solicitou por escrito ao Goberno Municipal que convoque o Consello Xeral de Participación cidadá para deliberar sobre o destino dos 5,2 millóns de euros, procedentes do remanente dos últimos dez anos. O alcalde anunciou en prensa que se empregarían e os grupos da oposición aínda esperan detalles sobre o plan de uso.

O Regulamento de Participación Cidadá vixente prevé que “Debater e informar o Plan de Actuación Municipal que no seu caso elabore o Concello e os orzamentos municipais” e tamén “Debater os proxectos con transcendencia desde o punto de vista económico e social para o municipio” son funcións propias do Consello de Participación Cidadá. Tamén hai que engadir que os orzamentos participativos prevén que o 25% dos investimentos sexan decididos pola veciñanza a través deste organismo.

Unha cantidade tan extraordinaria —a metade do aforrado na última década— merece un tratamento extraordinario pero non é ese o camiño que está escollendo o Goberno Municipal. Os grupos da oposición non teñen outra constancia da proposta agás o comentado na prensa e redes sociais municipais. O alcalde non celebrou nin o pleno extraordinario anunciado para “os remanentes” a primeira quincena de agosto, nin o pleno que tocaba o 26 de agosto, nin tampouco o do 9 de setembro, como el mesmo anunciara ao adiar o anterior.

Para facernos unha idea da magnitude extraordinaria deste plantexamento, o orzamento de Culleredo foi en 2021 de 25 millóns de Euros dos que só se destinaron a investimentos pouco máis de 3 millóns. Os fondos europeos EDUSI acadados hai catro anos eran 3,8 millóns para empregar en 4 anos e con grandes restriccións no seu emprego.

No BNG dicimos que debería decidirse o uso deses fondos co maior consenso e participación cidadá. Os regulamentos municipais non só o permiten senón que o obrigan, e por tanto a proposta debería someterse a debate e informe tanto pola súa condición de plan de actuación municipal como de proxecto con grande transcendencia desde o punto de vista económico e social para o municipio.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

Eses 5,2 millóns de euros proceden dos fondos do remanente de tesourería, o aforrado polo concello debido as restricións de gasto que, trala crise económica, se impuxeron as corporacións locais. O goberno de Culleredo tería que preparar unha modificación de crédito e que fora aprobada en pleno, tal e como estaba anunciado. Sen embargo, a cuestión continúa paralizada e sen ofrecer máis información que a que apareceu en prensa.

## **O BNG reivindica unha circunvalación para acabar cos atamentos de tráfico na Laxe**

28 de setembro de 2021

**Rúas estreitas e exceso de tráfico, con autobuses incluídos, provocan fastío diario a condutores e veciños.**

**A idea da nova estrada está recollida no novo PXOM, que leva case unha década estancado en tramitación; pero Rioboo suxeriu que podería non ser necesario renovar o plan.**

**O goberno local negouse a incluír a proposta na orde do día do pleno ordinario deste mes de setembro.**

O BNG de Culleredo propón a construción dunha estrada de circunvalación que circundaría a Laxe e que conectaría Vilaboa co acceso á Terceira Rolda. A idea xa está recollida no proxecto de PXOM que leva varios anos en tramitación, sen data de aprobación definitiva no horizonte. Sen embargo, o alcalde agora suxeriu a posibilidade de desbotar este documento, o que suporía descartar as solucións proxectadas para problemas evidentes e tan urxentes coma este.

Con todo, a proposta non será debatida no pleno municipal debido á negativa do goberno local de incluílo na orde do día. En contra desta decisión, o BNG vén de presentar un recurso de reposición, xa que non existe razón que o xustifique.

O núcleo da Laxe, na parroquia de Rutis, sofre atascos diarios de tráfico, con autobuses e outros vehículos. Trátase dun lugar con edificacións antigas e rúas estreitas, onde aumentou a circulación exponencialmente en poucos anos debido á apertura da Terceira Rolda de circunvalación da Coruña, cun acceso a pouca distancia, na Zapateira. Só un semáforo regula o sentido do tránsito na parte máis estreita.

O PXOM vixente data de 1987. O novo documento foi aprobado inicialmente en 2013 e leva desde 2018 paralizado debido ás obxeccións da Consellería de Medio Ambiente e do arquitecto municipal. O BNG solicitou volvelo expoñer ao público en varias ocasións, así como respostar as alegacións veciñais. O goberno local sempre alegou que iso dilataría no tempo a súa aprobación, mais finalmente se consumirá ese tempo sen termos solución aos problemas urbanísticos de Culleredo.

## **O BNG leva ao Parlamento a necesidade dunha nova planificación escolar para Culleredo**

2 de decembro de 2021

**A comunidade escolar de Culleredo leva tempo a demandar maior atención educativa por parte do goberno do PP.**

**Entre as súas demandas está a creación dun centro de Ensino Secundario Obrigatorio (ESO) na zona rural do concello.**

**A inspectora de zona, reunida co Consello Escolar Municipal, recoñecía recentemente que a planificación de Culleredo "está obsoleta" e que cabería revisala antes da entrada en vigor da nova Planificación Xeral de Culleredo.**

**A nova planificación debería refacer a distribución e asignación aos centros de referencia, e mellorar as condicións de estudo do alumnado residente na zona rural.**

O Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada Mercedes Queixas, ven de rexistrar diversas iniciativas no Parlamento Galego para trasladar ao goberno da Xunta a necesidade dunha nova planificación escolar no Concello de Culleredo.

Estas iniciativas son consecuencia das demandas que ano após ano ven a manifestar a comunidade escolar, debido á insuficiente atención educativa por parte do goberno do PP a un concello que presenta un crecemento demográfico continuo e unha importante dispersión dos seus núcleos de poboación.

No pasado mes de novembro, a comunidade educativa de Culleredo recibía a boa nova de que o Consello Escolar Municipal conseguira o compromiso da Xunta para "revisar a planificación escolar e o catálogo do profesorado".

Asemade, a inspectora de educación recoñeceu que a planificación de Culleredo "está obsoleta", e que cabería revisala antes do 1 de marzo, que é cando entra en vigor a nova Planificación Xeral de Culleredo. Esa nova planificación debería refacer o mapa de distribución e asignación aos centros de referencia en función dos centros a día de hoxe, mais tamén recoller a previsión dun futuro centro que imparta ESO na zona rural.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

O novo centro, reivindicado pola comunidade escolar dos núcleos máis alonxados do centro urbano, permitiría a desconxestión do IES Blanco Amor e a súa compensación co IES Rego de Trabe. Redundaría tamén en menores tempos de desprazamento para o alumnado residente neses núcleos, co conseguinte incremento do seu tempo para o descanso, lecer e estudo.

## **Apoio unánime á moción do BNG en demanda dun novo plan de escolarización para Culleredo**

4 de decembro de 2021

**O Pleno Municipal aprobou demandar á Xunta o comezo inmediato dos traballos precisos para a elaboración dunha nova planificación escolar de Culleredo.**

**A iniciativa é froito dos contactos do BNG coa comunidade educativa do Concello.**

**A moción do BNG aprobada polo Pleno inclúe a necesidade de impartir ESO no rural.**

**O novo plan de escolarización debe consensuarse e elaborarse de xeito democrático coa comunidade educativa.**

**O plano actual foi definido como “obsoleto” pola inspectora de zona.**

O Pleno Municipal celebrado o xoves 25 de novembro aprobou a moción presentada polo BNG de Culleredo, en demanda o inicio inmediato dos traballos precisos para a elaboración dunha nova planificación escolar de Culleredo.

A moción aprobada demanda da Xunta que teña en conta que se debe impartir Ensino Secundario Obrigatorio na zona rural. Esta é unha demanda da comunidade escolar das zonas máis alonxadas do centro urbano, xa que todos os institutos que o imparten están na zona urbana, e que redundaría en favor das condicións de estudo do conxunto do alumnado.

Para Tono Chouciño, voceiro do BNG en Culleredo, “o novo mapa de escolarización debe ser elaborado de xeito democrático, dando voz a todos os elementos que compoñen a comunidade escolar. É unha oportunidade para refacer o mapa escolar. Cun novo IES no rural equilibraríase o alumnado dos outros centros”.

O concelleiro nacionalista lembra que se están a refacer os itinerarios educativos, polo que o novo mapa de escolarización debería contemplar a oferta de todas as modalidades, tanto de ESO como de Bacharelato, nos centros públicos de Culleredo.

## O Centro de Día prometido por Riobóo para Celas, non será Centro de Día

11 de decembro de 2021

**Rioboo e o seu goberno comprometeuse coa Comunidade de Montes en Man Común de Celas en decembro de 2017 a realizar un Centro de día naquela parroquia.**

**Catro anos despois presentan un proxecto de algo que non será un Centro de Día, senón un "centro rural dinamizador", que ninguén sabe en que consistirá.**

**Culleredo carece dunha residencia pública de persoas maiores e de recursos para asegurar o respiro familiar.**

**O BNG de Culleredo está preparado para desenvolver o traballo rigoroso que poña fin a estas carencias e asegure ás familias o seu dereito á conciliación.**

O Goberno Municipal convocou o pasado xoves un Pleno Extraordinario co único obxecto de aprobar un trámite necesario para o prometido Centro de Día de Celas. Este Centro de Día era un vello compromiso esixido pola Comunidade de Montes de Celas polo convenio para extraer auga do monte, e unha necesidade coa que o BNG de Culleredo está plenamente de acordo.

Malia os 4 anos pasados dende que se comprometeran coa Comunidade de Montes, o Goberno municipal negou xa que o que finalmente se levará a cabo sexa o que se encadra na definición de "Centro de Día". Segundo o Alcalde José Ramón Rioboo, o que se fará "é un centro rural dinamizador de persoas maiores e que non ten nada que ver cun centro de día".

Para o BNG de Culleredo trátase, máis unha vez, dun engano do actual equipo de goberno do PSOE á veciñanza do noso Concello. Confírmase, lamentablemente, o que xa se advertiu hai 4 anos, que o convenio asinado polo Concello coa Comunidade de Montes era papel mollado, pois non contaba cos preceptivos informes para ter validez legal.

O BNG de Culleredo é consciente da necesidade de proporcionar coidados ás persoas maiores do noso Concello e ofertar ás súas familias posibilidades de conciliación. Por iso levaba no seu programa electoral traballar para acadar a posta en funcionamento dunha residencia e dun centro que aseguraran o respiro familiar e a cobertura desas necesidades.

Para acadalo é preciso un traballo rigoroso, para axustarse ás pautas e aos estrictos requisitos legais, que o actual goberno municipal é incapaz de realizar.



# Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

O BNG de Culleredo, a través do su voceiro, Tono Chouciño manifestou o seu compromiso coa veciñanza de Culleredo, "faremos propostas para que o que agardaba a xente se convirta en realidade. Estamos aquí para traballar a prol dos nosos veciños e non fuximos dos nosos compromisos, como fai Rioboo e os seus compañeiros de goberno".

## **O BNG de Culleredo solicita ao Delegado do Goberno a publicación da información sobre o Vial 18**

7 de xaneiro de 2022

**Os nacionalistas solicitan que se faga público o informe ao que o Delegado do Goberno fai referencia na prensa sobre os avances no Vial 18.**

**Mentres as alegacións presentadas ao Estudo de Impacto Ambiental seguen sen resposta, os responsables políticos falan dun informe ao que a veciñanza non pode ter acceso.**

O Grupo Municipal do BNG de Culleredo ven de solicitar ao Delegado do Goberno na Galiza, Don José Miñones, que se fagan públicos os avances dos que ven comentando na prensa no denominado Vial 18 de conexión entre a AP-9 e a Terceira Rolda. Tanto o Sr. Miñones como o Alcalde de Culleredo, falan dun “pacto” para a construción desta infraestrutura. Un acordo recollido nun suposto expediente, denominado “de información pública” pero que non pode ser consultado na web do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, nin forma parte da documentación do Anteproxecto, e que os nacionalistas reclaman sexa feito público.

O Anteproxecto “Vial de Conexión AC-14/AP-9 entre la Autovía AC-14 (enlace de Zapateira) y la Autopista AP-9”, sometido a estudio de impacto ambiental xa en dúas diferentes ocasións ao longo dos últimos cinco anos, está a causar gran preocupación entre a veciñanza de Culleredo, concello no que terá lugar a totalidade desta intervención. A razón para esta preocupación é que o novo vial terá un efecto altamente perxudicial tanto a nivel de mobilidade, como ambiental e no deseño territorial do noso concello, provocando unha división antinatural dun monte e do territorio e conexións dunha parroquia. A cidadanía de Culleredo tense mobilizado nos últimos anos para esixir o estudio de alternativas con menor afección e que oferten acceso a estas vías á veciñanza de Culleredo.

Mentres as alegacións presentadas á tramitación do Estudo de Impacto Ambiental do proxecto seguen sen resposta, descubrimos, con malestar, pola prensa a existencia de información que aínda non foi posta a disposición da veciñanza. Segundo recolle a prensa, citando en varias ocasións declaracións do Alcalde de Culleredo e do Delegado do Goberno, dito expediente recolle un acordo para dotar ao Anteproxecto dun novo vial a maiores, paralelo ao xa proxectado. As novas falan de que existen xa estudos preliminares realizados pola Demarcación de Carreteras, e de que o Anteproxecto tense modificado para contemplar as alegacións realizadas polo Concello de Culleredo, as cales incluían o estudo de alternativas ao propio Vial 18.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

Non é propio dunha administración seria utilizar uns trámites que deben ser públicos para lanzar globos sonda pola prensa. Aínda que sexa unha práctica habitual do Alcalde de Culleredo, desde o BNG de Culleredo non contabamos con que o Delegado do Goberno se prestara ao seu xogo.

## **Malestar por cambios no Centro de Saúde asignado e no horario de atención sen previo aviso**

15 de xaneiro de 2022

**O Servizo Galego de Saúde modificou, sen previo aviso, o Centro de Saúde e o horario de atención médica a un cupo enteiro.**

**Ademais de cambiarlles a estas persoas o profesional de medicina de familia asignado, deixóuselles co profesional de enfermaría previo noutro centro e con diferente horario de atención.**

**Unhas 1600 persoas viron gravemente dificultado o seu acceso aos recursos sanitarios nun momento de máxima tensión pola pandemia.**

**O BNG reclama maior responsabilidade na xestión dos recursos e unha solución axeitada ás necesidades das persoas afectadas.**

Varias persoas trasladaron ao BNG a situación vivida nestes días en primeira persoa pola falta de previsión do Servizo Galego de Saúde na planificación da Atención Primaria e a súa falta de respecto para coas usuarias de Culleredo.

A finais do ano pasado a dirección do SERGAS decidiu o traslado dun cupo médico, que tiña a súa consulta en horario de tarde no Centro de Saúde de Acea de Ama, para o Centro do Portádego, en horario de mañá, sen previo aviso ás persoas que pertencían á súa cota.

Por se non fose de abondo con isto, só se lles cambiou o cupo médico, non o profesional de enfermaría asignado, dificultando o acceso aos coidados da saúde ás persoas que se encontraron de súpeto coa súa médica e a súa enfermeira en distintos centros e en distintos horarios.

Todo isto motivou numerosas disfuncións na asistencia sanitaria prestada e xerou a normal confusión e malestar entre as persoas afectadas por estes cambios, agravados por producirse nun momento de máxima tensión sanitaria en plena sexta onda da pandemia.

O BNG de Culleredo reclama ao Servizo Galego de Saúde unha mellor planificación dos recursos, maior previsión para avisar dos cambios con antelación ás persoas usuarias, e que se lles facilite ás persoas afectadas unha solución satisfactoria.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

O voceiro nacionalista, Tono Chouciño, lembra que este cambio únese á eliminación recente dunha das consultas de saúde mental (a adicada á prevención do suicidio), no Centro de Saúde do Portádego, presentada no seu día como o gran logro e unha grande mellora. "A dirección do SERGAS debería saber que en temas de saúde non podemos estar xogando ao quita e pon e debe amosar unha maior responsabilidade e respecto polas persoas usuarias".

## **O BNG de Culleredo esixe a dimisión da concelleira de Seguridade Cidadá e Persoal**

27 de xaneiro de 2022

**A gravidade do caso Vellón, noticia nos medios de comunicación, só é a punta do iceberg da súa incompetencia manifesta e mala fé na xestión de persoal.**

**Sae á luz un expediente disciplinario a un funcionario que se dilatou anos sen concluir ata a xubilación do traballador.**

**Amosou incapacidade e opacidade para xestionar as ofertas de emprego da administración municipal e as listaxes de substitución.**

**Tamén é a responsable de que os problemas de convivencia con locais de copas se volvan endémicos en Culleredo.**

A concelleira de Seguridade Cidadá e Persoal do Concello de Culleredo, Marta Figueroa, ten que dimitir ou ser cesada do seu cargo sen escusa. O BNG esixe o seu relevo inmediato a raíz das novas coñecidas estes días, que ademais de seren moi graves, amoréanse xa de xeito alarmante ao que a veciñanza vén padecendo durante varios anos.

Estes días confirmouse que a asesora xurídica Belia Vellón tiña que ter sido apartada do seu posto laboral, tal e como viña insistindo o BNG durante meses. O Tribunal Supremo condenáara a oito anos de inhabilitación para emprego ou cargo público na Administración Local, debido a un delito de prevaricación. O goberno municipal evitou activamente facer efectiva esta senteza, aducindo suposta falta de especificidade do texto. A Audiencia Provincial da Coruña deixouno claro e confirmou a gravidade da sentenza.

Tamén estes días, coñecemos o caso dun expediente disciplinario a un funcionario, que se dilatou anos sen xustificación ata que chegou a xubilación do afectado, ao que xa non procede aplicar as medidas que corresponderían. Aínda por riba manipulan o que nos contan do expediente, intentando pasalo como un mero incumprimento horario, para restarlle gravidade e ocultar que procedería unha sanción moito maior, xa que a causa real sería a incompatibilidade co seu cargo de administrador dunha promotora inmobiliaria.

En materia de selección de persoal, xa vén de lonxe a demora na xestión das substitucións do profesorado do Conservatorio, sobre o que o alumnado e as súas familias veñen manifestando as súas queixas. Despois de caducar as listas de substitucións, aínda non foron quen de publicar unhas novas.

É tamén pública a caducidade da Oferta Pública de Emprego de 2017, despois dunha impugnación. Ao ter a persoa recorrente toda a razón, preferiron deixar que o expediente caducase antes que rectificalo. Aínda así, a convocatoria recentemente anunciada en 2021 incurre nos mesmos vicios, polo que corre o risco de ser novamente impugnada.

Por último, pero non menos importante, en materia de Seguridade Cidadá, hai que seguir lembrando os problemas de convivencia denunciados de xeito continuo durante anos por grupos veciñais, por mor de ruidos e inseguridade relacionados con locais de copas na Urbanización A Ría e na rúa Anxo Senra do Burgo, e que lonxe de ser solucionados parecen empeorar co paso do tempo, ante a inactividade municipal que non é quen ou non quere facer cumprir os regulamentos e acadar a convivencia e o descanso veciñal..

Todos estes feitos, cada un de xeito individual xa de suficiente gravidade, lévannos a solicitar a dimisión da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e Persoal, Marta Figueroa, ou o seu cese inmediato, por ter aamosado a súa total incapacidade e mala fé para exercer dun xeito eficaz e eficiente as funcións propias do seu cargo.

## **A ESO para o rural de Culleredo, rexeitada polo PP**

29 de xaneiro de 2022

**A iniciativa do BNG elevaba unha demanda popular con máis de mil sinaturas de apoio.**

**Sindicatos educativos levan anos reclamando unha nova planificación para Culleredo, sendo a actual definida como "obsoleta" pola inspectora de educación.**

**O BNG lamenta a curta data de caducidade dos compromisos do PP con Culleredo.**

O Partido Popular rexeitou, o pasado xoves, a iniciativa do BNG de Culleredo en apoio da demanda veciñal, apoiada por máis de mil sinaturas, dun centro que imparta Ensinanza Secundaria Obrigatoria na área rural do noso Concello.

A deputada nacionalista Mercedes Queixas lembrou as distancias que teñen que percorrer os menores dende os seus domicilios até os centros educativos situados na zona rural, que nalgún caso os obriga a desprazamentos de máis dunha hora de duración.

Esta situación rompe, para a deputada do BNG, co principio de igualdade de oportunidades, constituíndo un agravio comparativo. Tamén rompe co discurso do Goberno Galego de "fixar poboación no rural", pois para isto fai falla dotar ao rural dos servizos indispensábeis.

O BNG de Culleredo lembra que a necesidade dun novo mapa educativo no noso concello é unha demanda histórica, que os sindicatos educativos demandan dende hai anos, e que mesmo a inspectora de educación manifestou que a planificación de Culleredo "está obsoleta".

Os nacionalistas lamentan a curta data de caducidade dos compromisos do PP con Culleredo, xa que a Xunta se comprometera en novembro a "revisar a planificación escolar e o catálogo do profesorado", e reiteran o seu compromiso para continuar a traballar para acadar unha mellora que beneficiaría ao conxunto da comunidade escolar.



## **O BNG destaca que se pagaron 50.000€, de forma ilegal, polo Morriña Festival**

5 de febreiro de 2022

**No expediente consta unha autoliquidación, a nome do Concello de Culleredo, dun Canon de ocupación do dominio público, por valor de 17.391,28€, Canon que debería ter sido abonado pola empresa promotora.**

**Entre as facturas pagadas con reparos da Intervención constan 2 por valor de 32.360,90€, en concepto de compra de entradas para o Festival.**

**En total son case 50.000€ sen que conste contrato algún que respalde o gasto realizado polo Goberno de Culleredo**

**As asociacións e entidades culturais de Culleredo levan 2 anos agardando pola convocatoria das subvencións para o mantemento das súas actividades.**

O BNG de Culleredo constatou que o Morriña Festival tivo para o Concello de Culleredo un custe de 49.752,18€ en concepto de compra de entradas e de pago da "Tasa Canon de ocupación y aprovechamiento en el dominio público marítimo-terrestre".

Malia a negativa do Goberno Municipal, no Pleno do pasado mes de xaneiro, de ter realizado o pagamento desa taxa, no expediente do Festival consta unha autoliquidación da mesma perante o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Autoliquidación na que o Concello de Culleredo figura como suxeito pasivo, por un importe de 17.391,28€, e que debía ser pagada polos organizadores do Festival.

O sr. Alcalde, que negou que o Concello abonara ese Canon malia figurar no expediente, debería saber que unha autoliquidación é unha débeda firme e esixíbel, e de non terse pagado levará recargo e pode pasar en calquera momento á vía executiva podendo chegar ao embargo.

Ademais o Concello de Culleredo abonou 32.360,90€ en concepto de compra de entradas, tal e como se recolle na listaxe de facturas pagadas con reparos da Intervención. Isto significa que foron pagadas sen contar cun procedemento legal que asegure que se respectaron os trámites requeridos pola Lei de Contratos do Sector Público, e non houbo nengún informe que avalara o interese cultural, económico e/ou xurídico de financiar o evento.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

Case 50.000€ gastados sen documento algún que conteña un contrato, sen nengún tipo de estudo do retorno económico para o Concello e as empresas locais, e cando as asociacións e entidades culturais de Culleredo levan 2 anos agardando polas convocatorias das subvencións necesarias para o desenvolvemento das súas actividades e pasando grandes dificultades para a súa supervivencia.

O BNG non puido localizar nengún documento que conteña un contrato entre o Concello e a empresa organizadora. Esta contaba cunha previsión de beneficios, antes da realización do festival, duns 70.000€. Finalmente parece que foron cubertos en grande medida polas aportacións do Concello de Culleredo, aínda que Alcalde negou no Pleno Municipal que o Concello fora patrocinador do Festival, malia figurar como tal nos carteis promocionais.

É preciso que o Goberno de D. José Ramón Rioboo aclare de xeito convincente as dúbidas que envolven todo o referente á celebración deste festival e que, por outra parte, poña mans á obra para liquidar as súas débedas coas asociacións e entidades culturais do noso Concello.

Os cartos gastados irregularmente deben ser aportados polos membros do goberno municipal. Teñen unha débeda coa xente que paga os seus impostos para ter servizos e infraestruturas e non para financiar a campaña permanente do Sr. Alcalde.

## **Outro modelo de xestión e de participación cidadá é posíbel**

19 de febreiro de 2022

**Rematou estes días o prazo para a achega de aportacións ao Orzamento Municipal de 2022, que debía estar en vigor dende o 1 de xaneiro.**

**O Goberno Municipal, que conta con maioría absoluta, recorta a posibilidade de deliberación e de escolla polo Consello de Participación Cidadá.**

**As múltiples persoas e entidades coas que contactou o BNG dixeron descoñecer o prazo e amosaron o seu interese en participar, con propostas que fuxen da grandilocuencia e da megalomanía.**

Rematou estes días o prazo dado polo Concello para a achega pola cidadanía de aportacións ao Orzamento Municipal de 2022, proceso de recollida de propostas que apenas se divulgou dende o Goberno Municipal, evidenciando que para o Goberno de D. José Ramón Rioboo é un tributo a pagar para aparentar progresismo e non unha convicción.

Aínda queda, despois desta recollida de propostas un proceso de valoración das mesmas para a inclusión de aquelas que resulten finalmente elixidas na proposta de Orzamento que o Goberno Municipal leve a Pleno para a súa aprobación.

Isto último non debiera ser problema, xa que o Goberno de Rioboo conta con maioría absoluta no Pleno Municipal.

Chama a atención que un Orzamento que xa debiera estar en vigor dende hai máis dun mes e medio, dende o día 1 de xaneiro, aínda estea nesta fase de achega de propostas e careza de data certa de aprobación.

É unha anomalía que só se explica pola propia incapacidade do Goberno Municipal e polo seu interese de acomodar o trámite ao novo regulamento de participación cidadá, no que se recorta a posibilidade de deliberación e de escolla por parte do Consello de Participación Cidadá, dándolle carta de legalidade ao que xa facía nos últimos anos este goberno, infrinxindo o regulamento anterior.

Tono Chouciño manifestou que "todas as persoas e entidades coas que falamos da participación na elaboración dos orzamentos dixeron descoñecer este procedemento e os seus prazos e tiveron unha actitude positiva e propositiva, sen propostas grandilocuentes nin megalómanas, senón que maiormente solicitan investimentos austeros para cubrir necesidades básicas, demostrando unha grande corresponsabilidade no emprego dos fondos públicos. A veciñanza responde, pero o Goberno non está á altura".

## **O BNG pide o adiamento da obra de Vilaboa até asegurar a existencia de aparcamento alternativo**

26 de febreiro de 2022

**Na xuntanza cos veciños e comerciantes, o Alcalde improvisou a ocorrencia de eliminar as paradas de bus, e que os buses fagan as paradas nunha vía que soporta máis de 21.000 vehículos ao día, sen ningún estudo que o avale.**

**A promesa de creación dun aparcadoiro alternativo, co desenvolvemento da UA16, depende dun Departamento de Urbanismo que acumula retrasos na concesión de licencias, e da aprobación dun novo PXOM paralizado na súa tramitación dende a chegada ao goberno municipal de José Ramón Rioboo.**

**A veciñanza e os comerciantes de Ribados aínda están a agardar polos aparcadoiros prometidos en reiteradas ocasións dende 2018.**

O BNG de Culleredo pediu no Pleno do pasado xoves o adiamento da obra da Avenida de Vilaboa, entre a ponte de autoestrada AP9 e a Igrexa, até que o Concello concretara a dotación de prazas de aparcamento alternativo.

A petición trasladouse logo de acudir á xuntanza convocada polo Concello, a petición dos comerciantes de Vilaboa, no Conservatorio. O Goberno Municipal acudiu acompañado, para avalar as súas posturas, dun enxeñeiro que leva cobrado do Concello dende 2019 150.000€ con contratos menores que contan con reparos da Intervención e da Secretaría.

Segundo os datos do propio Concello, a N550 soporta máis de 21.000 vehículos ao día, polo que a ocorrencia que o Alcalde farfullou na xuntanza cos comerciantes, de eliminar as paradas dos buses para gañar prazas, e que os buses fagan as paradas na propia vía, é unha improvisación que carece de calquera xustificación ou estudo que a avale.

Tampouco se sustenta a creación dun aparcadoiro alternativo mediante o desenvolvemento da UA16, dado o graves retrasos que se acumulan no Departamento de Urbanismo para a concesión de licencias, e cando o propio Goberno Municipal amosa un interese nulo por impulsar o novo PXOM, que leva 9 anos paralizado. Os mesmos que leva D. José Ramón Rioboo nese Goberno Municipal.

Ademais da reposición das prazas de aparcamento perdidas débese asegurar, antes do comezo das obras, que vai pasar cos cables de electricidade e telefonía que hai que soterrar, e como vai solventar o uso dos soportais, que son propiedade privada das distintas comunidades.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

Toda precaución é pouca cando o concurso priorizaba o prezo sobre a capacidade técnica, e a experiencia previa coa empresa adxudicataria, noutras obras municipais, lévanos a falar de demoras, como no Centro Social de Sueiro, e de obras que non se axustan ao proxectado de forma ostensíbel, como a reposición de baldosas do Paseo Marítimo, realizada de forma moi parcial.

O voceiro do BNG, Tono Chouciño, reclamou do Goberno Municipal o cumprimento dos seus compromisos coa veciñanza e cos comerciantes de Vilaboa e lembrou, entre outras obras, como "en Ribados, que aínda están a agardar polos aparcadoiros alternativos, que o Sr. Alcalde leva prometendo e anunciando dende 2018. Con estes antecedentes, como se van fiar de vostedes en Vilaboa?"

## **O Goberno de José Ramón Rioboo fai uso partidista dos locais sociais municipais**

5 de marzo de 2022

**Obstaculízase o uso do Local Social de Orro á Asociación Veciñal da parroquia, restrinxíndolle datas.**

**Impoñenselle obrigas inéditas, como a de comunicar á Policía Local o inicio e remate das actividades.**

**O BNG denuncia o emprego de recursos municipais para castigar a unha asociación que reivindica melloras na parroquia, denunciando os incumprimentos, demoras como a das obras na DP-0510 ou os problemas co subministro de auga potábel.**

**O BNG reclama un reparto transparente do uso dos locais municipais e o cumprimento dos convenios coas asociacións.**

O BNG de Culleredo levou ao último pleno o trato discriminatorio que está a sofrer a Asociación Cultural e Veciñal de Orro, á que se lle está a limitar e restrinxir o uso do local social, para o que teñen un acordo de cesión co Concello, dificultando o reinicio das súas actividades trala crise sanitaria.

Así, mentras outras asociacións e centros sociais retoman as súas actividades con certa normalidade, a esta asociación respondíasele con evasivas ás súas peticións de uso, impoñéndolle obrigas que a outras asociacións non se lles esixe, como a de comunicar á Policía Local o momento de comezo e de remate da actividade.

Por se fora pouco, o Goberno Local, a través da concelleira Jéssica Méndez, autorizou actividades nese mesmo local e nese mesmo horario organizadas por outra asociación, provocando que a Asociación Cultural e Veciñal de Orro, nun exercizo de responsabilidade, tivera que suspender as súas.

O BNG lamenta a xestión escurantista do Goberno do Sr. Rioboo no eido asociativo e participativo, que só busca crear enfrontamento e división entre os veciños e veciñas. Utilízanse os recursos municipais para castigar ás asociacións que defenden os intereses veciñais, neste caso denunciando o abandono da parroquia, os problemas co subministro de auga potábel ou os retrasos nas obras da estrada DP-0510, entre Orro e A Garrocha.

As asociacións veciñais son entidades sen ánimo de lucro que contribúen ao benestar social no seu ámbito de actuación. É preciso que se clarifiquen as normas de uso dos locais sociais, que se respecten os convenios existentes coas distintas asociacións, e que se é preciso se estableza un calendario no que, dun xeito transparente, todas poidan ter o seu oco.

## **O BNG de Culleredo apoia a proposta para a fibra óptica impulsada pola plataforma Somos Rural**

16 de marzo de 2022

**O BNG felicita á veciñanza pola iniciativa popular e ofreceuse a levala a pleno se o goberno municipal non acepta tramitala.**

**A fenda dixital afecta a estudantes do rural nas súas actividades, a persoas que precisen teletraballar e á creación de empresas.**

O BNG de Culleredo púsoxe en contacto coa plataforma Somos Rural para darlle os parabéns por promover a iniciativa popular que máis dun milleiro de sinaturas apoiaron para a instalación de fibra óptica nas parroquias do rural de Culleredo.

O BNG esixirá que se tramite a proposta como iniciativa popular tal como recolle o regulamento de participación cidadá, e se Rioboo pon obstáculos o BNG estará a disposición da plataforma para elevar a iniciativa a pleno no seu nome.

Sumámonos así ás reivindicacións da plataforma e concordamos cos argumentos expostos no manifesto, no que se expoñía a necesidade de acabar coa fenda dixital que ten que soportar a veciñanza que habita nestas parroquias, que agrupan a meirande parte do territorio municipal.

O BNG de Culleredo tamén concorda coa idea de que as institucións –tanto estatal, como galega e local– xa perderon o creto respecto de dar solución á desigualdade de acceso a internet que padece esta parte da poboación, impropia dos tempos que vivimos, e que supón que a rapazada non poida complementar formación por vía telemática ou acceder ao teletraballo, entre outras desvantaxes.

Iniciativas coma esta esixen ao goberno municipal que estea á altura do que se lle supón. Neste caso, coma noutros, é necesaria só un chisco de vontade política para tratar con eficacia as necesidades veciñais.

A idea de que o Concello de Culleredo condicione a contratación dos servizos de telefonía e comunicacións –que suman uns 100.000 euros anuais– á que a empresa adxudicataria cablee todos os núcleos do municipio vai na liña propositiva do BNG, é dicir, de utilizar a contratación municipal de xeito estratéxico para conseguir melloras nos servizos que repercutan positivamente na calidade de vida das persoas.

## Carta aberta a José Ramón Rioboo, alcalde de Culleredo

19 de marzo de 2022

Esta semana asistimos asombrados a un programa radiofónico onde vostede participou e no que, falando das obras de humanización da Avenida de Vilaboa, foron lanzadas afirmacións que nos parecen de certa gravidade pola súa forma de retorcer a realidade.

En primeiro lugar, indicarlle que o BNG non está en contra de ningunha humanización urbana. Antes ben, as actuacións de humanización urbana dos gobernos BNG en distintos concellos do noso país gañan premios e son postos de exemplo en numerosos foros internacionais. Por iso podémoslle informar da necesidade de ter en conta as prazas de aparcamento alternativo para que residentes e visitantes poidan deixar os seus vehículos.

Por certo, aínda lembramos a posta en marcha en Culleredo dun "Camiño Seguro" que buscaba promover que os nenos e nenas das zonas urbanas fosen a pé aos centros escolares, fomentando estilos de vida saudábeis, e que vostede deixou esmorecer tan pronto puido.

Tamén ouvimos como vostede e o seu interlocutor no programa falaban de "intencionalidade política nas protestas veciñais". Chócanos que un político acuse á veciñanza de politizar asuntos derivados de decisións políticas, máis aínda cando vostedes afirmaron que esa obra se ía levar adiante porque era a súa promesa electoral.

As persoas que formamos parte do BNG estamos na política para axudar aos nosos veciños e veciñas. Pode ser que vostede entenda por "política" outra cousa, e de aí que empregue a palabra "politizar" cun significado negativo. Para nós a politización dos nosos veciños e veciñas non debería ser considerado un problema, senón un obxectivo, un síntoma de boa saúde dun sistema democrático. Queremos unha veciñanza informada e participativa.

Facémoslle un chamamento a buscar solucións reais aos problemas que lle foron expostos polos representantes veciñais. Solucións que non dependan de fallos xudiciais nin da vontade de terceiros.

Para rematar lembre que, aínda tendo obtido nas últimas eleccións a maioría absoluta, é o alcalde de todos os veciños e veciñas de Culleredo, incluso daqueles que non obtiveron representación, votaron en branco, nulo ou se abstiveron, e débelle un respecto e unha consideración.

Cos nosos mellores cumprimentos,

Asdo.: Alba Pérez, Responsábel Local do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo



## **O BNG lamenta o continuo esquecemento dos problemas endémicos no orzamento municipal**

30 de marzo de 2022

**O crecemento económico das contas non se traduce nun esforzo para solucionar os retos que seguen agardando.**

**A mellora de Fonte da Balsa, a cuberta da pista de Ledoño, ou o saneamento para todo o concello seguen pendentes.**

**O BNG felicita á veciñanza pola súa gran participación e pola inclusión de varias das súas demandas no documento.**

Os orzamentos para 2022 chegan a Culleredo con aire primaveral, como xa vén sendo tradición. O goberno municipal non é quen de presentar o documento en tempo apropiado, que sería antes de comezar o exercicio anual. E volve esquecer os problemas que xa son endémicos en Culleredo, como xa é tradición tamén.

As contas municipais para este ano ascenden a 28 millóns de euros. Isto supón un aumento duns 5 millóns con respecto ao exercicio anterior. Sen embargo, o documento continúa a liña dos anteriores e non achega nada para as eternas promesas e as reclamacións veciñais persistentes.

A veciñanza da Fonte da Balsa, en Vilaboa, volve reclamar que se adecente a contorna do seu lugar de residencia. O goberno local ameazou con iniciar as actuacións necesarias na última campaña electoral, incluso levando material de obra á zona. Mais todo desapareceu despois da data dos comicios. A xente non oculta o seu malestar.

Ademais, varias demandas crónicas seguen sen resposta. A cuberta da pista polideportiva de Ledoño, prometida durante varios anos, parece desvanecerse no horizonte; o saneamento do 100% do concello segue sen chegar en pleno século XXI; ou a instalación de fibra óptica nas parroquias do rural, que seguirá acumulando retraso.

O máis positivo destes orzamentos é a gran participación e implicación da veciñanza proponendo melloras para seren incluídas no documento, en gran parte grazas á campaña que puxo en marcha o BNG de Culleredo. Aínda así, moitas delas non entraron, e entre elas estaban as demandas comentadas anteriormente.

## O BNG acada o acordo de que o Concello avalía as consecuencias do aproveitamento hidroeléctrico do lago de Meirama

2 de abril de 2022

**O Pleno Municipal aprobou a moción do BNG de Culleredo para que os servizos municipais avalíen as posibles afectacións do proxecto.**

**Débase estudar se a central hidroeléctrica reversíbel entre o lago de Meirama e o encoro de Cecebre aumentaría o aporte de lodos á Ría do Burgo.**

**O proxecto inclúe a creación de infraestruturas que poden afectar os acuíferos de onde o Concello de Culleredo capta auga para o consumo humano.**

O Pleno Municipal celebrado o pasado xoves aprobou a petición do Bloque Nacionalista Galego de avaliar, polos servizos técnicos municipais, as posibles afectacións do proxecto de concesión para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no lago de Meirama, polo posible aumento do depósito de lodos na Ría do Burgo e o posible impacto nas captacións de auga subterránea para consumo humano no Concello de Culleredo.

Dito proxecto pretende crear unha central hidroeléctrica reversíbel entre o lago de Meirama e o encoro de Cecebre. O Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC) alerta sobre a posibilidade da chegada de novos lodos á Ría a través do encoro e do río Mero.

Este aporte iría en contra da obra que agora está a comezar para rexenerar a Ría, cun importe de 36 millóns de euros. Cómpre ser extremadamente cautelosos para asegurar a longo prazo os efectos desa rexeneración.

O proxecto de central hidroeléctrica reversíbel contempla a creación dunha balsa, un túnel e unha entulleira en terreos próximos ás lindes con Culleredo e ás Comunidades de Montes en Man Común de Xalo e Castelo. Débense estudar as posibles afectacións desas novas infraestruturas ás augas freáticas do Xalo, de onde o Concello de Culleredo fai na actualidade captación para auga potábel.

A moción, aprobada cos votos de BNG e PSOE, solicita a implicación do Ministerio de Transición Ecolóxica para o estudo dos posibles efectos das obras proxectadas.

## O BNG demanda a exposición pública dos proxectos relacionados co Vial 18

23 de abril de 2022

**A engádegas dun novo viario, acordado entre o Goberno de Rioboo e o Ministerio, sen sometelo a exposición pública, xera indefensión entre as persoas afectadas.**

**A exposición debera incluír tanto ese novo vieiro paralelo ao proxectado inicialmente, como o proxecto de duplicación da AP9 ao seu paso por Vilaboa, até a área de servizo.**

**Os proxectos do Estado e da Xunta para o Vial18 e a Vía Ártabra parecen encamiñados a xerar tráfico na AP9, en beneficio da empresa explotadora.**

**As infraestruturas viarias deben planificarse consensuadamente a nivel comarcal, sempre buscando o beneficio social do conxunto da cidadanía.**

**As contínuas engádegas e modificacións do proxecto do Vial18 veñen a demostrar a súa improcedencia, debendo retomarse a opción de conexión en Almeiras a través da área de servizo e do vial do aeroporto.**

O BNG de Culleredo ven de presentar unha moción para o seu debate en Pleno, na que solicita o apoio de toda a Corporación municipal para que se someta a exposición pública o proxecto completo do Vial 18. Isto ten que incluír o vieiro paralelo, acordado entre o Goberno municipal e o Ministerio, e tamén o proxecto de duplicación da AP9 até a área de servizo.

No escrito da moción faise referencia ao caso da Vía Ártabra, no que as decisións unilaterais da Consellería e do Goberno Feijoo levaron á Xustiza á declaración de nulidade do proxecto, en base ás deficiencias na tramitación, ignorando as afectacións ambientais e desprezando o trazado consensuado previamente cos Concellos.

No caso do Vial18 a engádegas dun novo viario, paralelo ao proxecto inicial, sen sometelo a exposición pública, deixa en condicións de indefensión a persoas que inicialmente non estaban afectadas e que agora pasan a estalo directamente.

Esa vulneración do dereito de información dos cidadáns reitérase coa ausencia de avaliación ambiental, unha temeridade procesual, xa que a incorporación dun novo vial supón un cambio substancial do proxecto inicial que a ninguén lle pasa inadvertido.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

Tanto no caso da conexión do Vial18 como na Vía Ártabra, os proxectos dos gobernos do Estado e da Xunta parecen primar o feito de dirixir o tráfico a un vial privado, co conseguinte beneficio económico para a empresa explotadora do mesmo.

Tanto no caso da conexión do Vial18 como na Vía Ártabra, os proxectos dos gobernos do Estado e da Xunta parecen primar o feito de dirixir o tráfico a un vial privado, co conseguinte beneficio económico para a empresa explotadora do mesmo. Débese primar unha planificación das infraestruturas a nivel comarcal, cuns trazados consensuados, ao servizo do conxunto da cidadanía e respectando todos os seus dereitos.

Para o BNG de Culleredo as contínuas engádegas e modificacións do proxecto do Vial18 veñen a demostrar a súa improcedencia. Debe retomarse o estudo da conexión en Almeiras a través da área de servizo e do vial do aeroporto, opción que ten custos económicos, sociais e medioambientais moi inferiores.

## Regreso ao pasado. O Culleredo de José Ramón Rioboo

7 de maio de 2022

**O proxecto presentado polo Concello para o Pazo dos Correa confirma o nulo interese do Goberno Rioboo por aprobar o novo PXOM e a súa querencia por un concepto de urbanismo anclado no pasado.**

**O proxecto desbarata as previsións de preservar un espazo verde de gran valor para o disfrute dos veciños e veciñas de Vilaboa.**

**Ingnóranse as advertencias da Xunta sobre o impacto da construción de edificios de até 6 alturas nun entorno con vivendas unifamiliares e edificacións catalogadas.**

**O BNG solicitará o acceso e a publicación na Sede Electrónica de todo convenio existente entre os propietarios dos terreos e o Concello e elaborará un documento de alegacións que poñerá ao dispor da veciñanza.**

Vimos de nos enterar dun proxecto no que o noso alcalde disque levaba meses traballando. Meses nos que non acudía aos Plenos, Xuntas de Voceiros nen comisións informativas. Meses nos que se ausentaba do seu traballo, no que ten un réxime de adicación exclusiva. Neses meses estaba "colaborando" cunha promotora urbanística propiedade do Banco Santander e do grupo Blackstone e parece que mesmo os animou a desenvolver o proxecto antes de que se aprobara o novo PXOM.

O proxecto anunciado afecta a un ámbito á beira do Camiño de Santiago, rodeado de construcións unifamiliares e edificacións catalogadas, como son o Pazo de Vilaboa, a Vila dos Ramallal ou o propio Pazo dos Serrano. As construcións previstas, de até 6 alturas, xerarán un impacto significativo sobre estes bens, aspecto sobre o que a Xunta xa incidiu na memoria ambiental do PXOM en trámite.

Co novo proxecto o impacto, lonxe de reducirse, increméntase. Exemplo disto é a Rúa do Souto, onde se propón que a edificación se eleve 20 metros sobre o nivel da propia rúa.

O proxecto desbarata as previsións do novo PXOM de dotar o núcleo de Vilaboa dun espazo verde para o disfrute da súa veciñanza, conservando a gran variedade e cantidade de arborado existente, dotado dun incalculábel valor paisaxístico (como se recoñece no propio proxecto).

Confírmase o nulo interese do actual alcalde na aprobación dun Plan Xeral que leva sen avances significativos dende a súa entrada no goberno municipal, esquecido nalgún caixón, malia as súas reiteradas promesas e anuncios de aprobación inminente. Parece confirmarse tamén a súa querencia por un urbanismo ancorado no pasado, na era dos pelotazos urbanísticos e do todo vale, fronte a unha concepción moderna do urbanismo que prime o benestar dos veciños e veciñas.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

O BNG de Culleredo procederá a elaborar un documento de alegacións, que será posto ao dispor da veciñanza, para reclamar a preservación deste espazo de inmensa riqueza arquitectónica e natural. Ao mesmo tempo, solicitará a publicación na sede electrónica do Concello de calquera convenio existente entre este e os propietarios dos terreos.

## **Rexeitadas as alegacións veciñais ao orzamento**

20 de maio de 2022

**Malia a defensa do BNG da validez, xustiza e sensatez das alegacións feitas pola veciñanza de Culleredo ao orzamento 2022, o goberno de Rioboo rexeitou todas.**

**A veciñanza de distintos lugares do noso Concello solicitaba adecuación de camiños a núcleos urbáns, completar a rede de saneamento e de subministro de auga potable.**

**O Goberno Municipal segue sen dar solución a demandas veciñais históricas.**

O BNG defendeu as alegacións que presentaron diversas persoas e colectivos de diversos lugares do territorio municipal. As alegacións veciñais veñen reafirmar ao BNG en que a nosa veciñanza non conta cos servizos básicos asegurados e o desleixo do goberno de Rioboo por darlles solución.

O feito de rexeitalas todas, sen aceptar a proposta do BNG de debatelas e sometelas a votación por separado, vén confirmar que máis alá dese desleixo do alcalde, existe unha prepotencia e unha falta de respecto ao exercizo dos dereitos democráticos da xente. Chégase, un ano máis, a acusar a quen exerce o dereito de alegar de retrasar a aprobación do Orzamento. Nada menos que un goberno municipal que non foi quen de traer a Pleno os orzamentos municipais en ningún dos tres exercicios que leva gobernando con maioría absoluta.

As emendas facían referencia a distintas necesidades ao longo de toda a xeografía do noso Concello. Así, a veciños e veciñas da Fonte da Balsa achegaban unha recollida de sinaturas para reivindicar o arranxo dos accesos e melloras na contorna da urbanización. A veciñanza de Orro presentou distintas alegacións reclamando cuestións fundamentais, de obrigado cumprimento na Lei de Bases de Réxime Local. A de Ledoño, que ano tras ano ve incumpridas as promesas do noso alcalde. A do rueiro da Avda da Corveira, con peticións ben elementais de adecentamento urbano. As relativas a unha base de execución nº10 que pretende asentar, como está a pasar, o contrato menor como norma, retirándoo da fiscalización da oposición e da transparencia obrigada na contratación pública para que os pequenos empresarios poidan participar coa oferta dos seus produtos e servizos nos contratos públicos. Todas estas cuestións foron rexeitadas pola maioría absoluta sorda ás chamadas do pobo.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

A anécdota do debate foi a emenda aos orzamentos presentada polo anterior alcalde, Julio Sacristán, para quen o Partido Popular e o PSOE pediron unha rúa. O antigo rexedor, que tanto ten criticado, igual que o actual, á xente que presentaba alegacións porque “retrasaba” a aprobación do orzamento, solicitou a inclusión de case 14.000€ para compensar os gastos xurídicos que lle ocasionaron preitos na súa etapa de alcalde. Entre outros, os gastos orixinados polas denuncias do Sr Rioboo, das que non se deu coñecer nunca á xente como remataron, malia que si sabemos todos que hoxe en día o Sr Rioboo é o alcalde sucesor de Sacristán.



## O BNG convoca concentración informativa sobre o Pazo dos Serrano

28 de maio de 2022

**O alcalde anulou o Pleno Ordinario de maio.**

**O BNG ía pedir explicacións sobre a operación urbanística no Pazo.**

Este mércores 1 de Xuño ás 20:30, o BNG de Culleredo convoca unha concentración informativa en Vilaboa, fronte ao Centro Social de Rutis, diante do muro do Pazo dos Serrano, para reivindicar mediante o coñecemento da situación, que se free a operación especulativa nos terreos do Pazo.

O PXOM que se aprobou inicialmente en 2013 prevía obter para patrimonio público o conxunto dos 10.000 m2 do recinto do pazo, que conta cun xardín extraordinario e está protexido polo Camiño de Santiago. Non hai explicacións para saber que pasou co acordado pola Corporación. Cando o proxecto do PXOM foi á Xunta para a avaliación medioambiental esta emitiu un informe no que se lle indicaba ao Concello que alí non se pode construír en altura.

O alcalde, que anunciou hai uns días o inicio dunha operación especulativa nos terreos do Pazo dos Serrano, non convocou o Pleno Ordinario de maio para evitar a fiscalización ao respecto polo BNG. O Grupo Nacionalista solicitou hai semanas copia dos convenios urbanísticos que existan coa inmobiliaria propietaria dos terreos e non tivo resposta. O BNG tamén solicitaba que se fixeran públicos estes convenios para que a xente poida coñecer as hipotecas do goberno municipal.

Causa asombro saber que Rioboo levaba varios meses traballando coa empresa para sacar adiante o proxecto cando cada vez son máis quen acoden ao BNG para que lles axudemos reclamar polo estado de tramitación das licenzas que teñen solicitado, con ata 2 anos de agarda. Veciños e veciñas que cando solicitan reunirse co alcalde para pedir explicacións, non obteñen máis que escusas para non darlles cita. Agora a xente xa pode saber a que se dedica o alcalde de Culleredo e de parte de quen está.

## Pazo dos Serrano. Información e presentación de alegacións

4 de xuño de 2022

Un dos piares básicos da actuación do BNG é o fomento da participación cidadá, e que a cidadanía faga parte activa no autogoberno.

Nesa liña, e tal e como se comprometeu o BNG de Culleredo, poñemos ao dispor da veciñanza documentos con información sobre o Pazo dos Serrano, que podedes descargar a través desta ligazón.

Achegamos co correo un modelo para a formulación de alegacións ao Plan de reforma interior presentado pola inmobiliaria Aliseda (froito da alianza entre o Banco Santander e o fondo de inversión estadounidense Blackstone) en colaboración do Goberno Municipal.

As alegacións poden ser presentadas diante da Xunta de Galiza por dúas vías:

- Na Sede Electrónica da Xunta (<https://sede.xunta.gal/portada>), para o que é preciso un método de identificación electrónico (chave365, certificado dixital ou DNIe).
- Na páxina da Consellaría de Medioambiente, Territorio e Vivenda, onde tamén se pode consultar a documentación do proxecto presentado ([https://cmatv.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto?p\\_p\\_id=aaeOpen\\_WAR\\_aae&p\\_p\\_lifecycle=0&p\\_p\\_state=normal&p\\_p\\_mode=view&p\\_p\\_col\\_id=column-2&p\\_p\\_col\\_count=1&\\_aaeOpen\\_WAR\\_aae\\_\\_spage=/portlet\\_action/aae/detalleProxecto?id=2512&\\_aaeOpen\\_WAR\\_aae\\_id=2512](https://cmatv.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto?p_p_id=aaeOpen_WAR_aae&p_p_lifecycle=0&p_p_state=normal&p_p_mode=view&p_p_col_id=column-2&p_p_col_count=1&_aaeOpen_WAR_aae__spage=/portlet_action/aae/detalleProxecto?id=2512&_aaeOpen_WAR_aae_id=2512)).

## O BNG pide explicacións pola tramitación urbanística dun centro educativo privado en Sésamo

18 de xuño de 2022

**Unha empresa privada pretende construír un centro educativo privado en zona de policía de río na Ribeira en Sésamo (Culleredo).**

**Durante a exposición pública do Plan especial de dotacións requirida para a autorización desta construción diferentes veciñas, veciños e colectivos presentaron alegacións a este procedemento. Todas as alegacións foron "denegadas polo goberno municipal sen o debido estudio da súa argumentación.**

**O BNG de Culleredo ven de reclamar que o expediente completo se someta a estudio na vindeira Comisión de Urbanismo.**

O BNG de Culleredo ven de reclamar o estudio completo das alegacións presentadas pola veciñanza do noso concello, a nivel individual e a través de diferentes colectivos, e que foron "denegadas" polo goberno municipal. O uso do verbo "denegar" na súa resolución, en lugar dos verbos "estimar" ou "desestimar" segundo corresponda, reflicte a falta de estudio e as súas argumentacións por parte do goberno municipal. O uso do verbo "denegar" nega directamente o dereito a presentalas, inexplicablemente.

Como en calquera outro procedemento aberto á presentación de alegacións por parte da veciñanza, as mesmas requiren de estudo en profundidade das súas argumentacións, dado que son a oportunidade da cidadanía para expresar a súa opinión sobre o mesmo, e a oportunidade do goberno para solventar calquera erro que se poida ter cometido. Por respecto á veciñanza e pola súa vontade de transparencia, o BNG de Culleredo presentou solicitude para que se poña a disposición da Comisión de Urbanismo o expediente completo para poder someter a estudio todas as cuestións expostas nas alegacións presentadas.

Ademais, o BNG de Culleredo denuncia a deturpación dos nomes de varios alegantes que ven castelanizado o seu nome, constituindo unha falta gravísima de respecto, no que semella un acto de desprezo intencionado para quen exerce o lecítimo dereito de presentar alegacións.

O voceiro de BNG de Culleredo, Tono Chouciño, lembra ao Alcalde a súa "esquecida vontade de transparencia, anunciada na súa primeira entrevista como Alcalde. Naquel momento anunciaba un cambio de rumbo no goberno municipal a este respecto pero actos como este demostran que a falta de transparencia estase a transformar nunha negación dos dereitos da cidadanía".

## **O BNG leva ao Parlamento de Galiza a protección do Pazo dos Serrano fronte á especulación inmobiliaria**

16 de xullo de 2022

**A Deputada Mercedes Queixas ven de rexistrar varias preguntas sobre a postura da Xunta fronte ao Plan Especial iniciado pola promotora que se contrapón á lexislación vixente de protección do patrimonio e do Camiño Inglés.**

**O Plan iniciado a petición da empresa constructora, contrasta coas demandas da Xunta de Galicia para a revisión do PXOM do Concello de Culleredo en trámite, nas que rexeitaba a construción nos terreos pacesgos.**

**O BNG demanda a protección do conxunto histórico do Pazo dos Serrano, as súas construcións, xardíns e árbores senlleiras, para o seu disfrute pola veciñanza.**

O Bloque Nacionalista Galego, a través da súa Deputada Mercedes Queixas, ven de rexistrar varias preguntas e presentar unha Proposición non de lei para o seu debate no Pleno do Parlamento de Galiza, reclamando a protección do Pazo dos Serrano en Vilaboa. Nos últimos meses iniciouse a tramitación dun Plan especial de reforma interior dos terrenos do conxunto pacego, promovido pola empresa construtora Aliseda, froito da alianza entre o Banco Santander e o fondo de inversión estadounidense Blackstone.

Estes terrenos atópanse na franxa de protección do Camiño Inglés a Santiago, segundo se recolle na Lei 3/1996 e no Decreto 110/2014 que marcan a súa delimitación. O Camiño Inglés percorre a Avenida de Vilaboa, tal e como figura no seu trazado, e este conxunto é referido como ben catalogado no asentamento tradicional de Vilaboa na Memoria Ambiental, emitido pola Consellería de Medio Ambiente para o PXOM de Culleredo, actualmente en trámite. Na tramitación deste PXOM por parte do Concello de Culleredo xa se tentaba autorizar a construción de edificios de vivendas de entre 5 e 8 alturas nos sectores mencionados, mais a avaliación ambiental da Xunta de Galiza impediuno, paralizando a tramitación do PXOM.

É por todo isto que o BNG demanda da Xunta de Galiza aclarar a súa valoración a respecto do Plan Especial, a súa compatibilidade coa lexislación vixente de protección do patrimonio cultural e do Camiño de Santiago, así como da súa responsabilidade na protección do conxunto do Pazo dos Serrano. O BNG presenta tamén unha Proposta non de lei co fin de instar a Xunta a non autorizar a edificación dentro do recinto do Pazo dos Serrano, declarando nula e arquivando a tramitación do anunciado Plan, esixindo dos propietarios o cumprimento da Lei 5/2016 de patrimonio cultural, para conservar e manter en boas condicións o conxunto pacego evitando a súa progresiva deterioración e perda.

## **O BNG impulsa a convocatoria dun Pleno Extraordinario sobre a situación da UA16**

3 de setembro de 2022

**A Xustiza declara "non conforme a dereito" a resolución dictada pola alcaldía en xaneiro de 2017 sobre a UA16.**

**Os terreos son causa de varias controversias e causas xudiciais, que afectan ao ex-alcalde Julio Sacristán e ao empresario inmobiliario Antonio Fontenla.**

**A iniciativa está asinada por concelleiros e concelleiras dos 3 grupos da oposición, que superan o número legal esixido para a convocatoria dunha sesión extraordinaria.**

O BNG, xunto cos restantes grupos da oposición municipal, presentou por rexistro solicitude para a convocatoria dun Pleno Extraordinario para que o Goberno Municipal dé explicacións da situación da Unidade de Actuación 16 (UA16), en Vilaboa.

A solicitude está motivada ao declarar a Xustiza "non conforme a dereito" a resolución adoptada pola alcaldía do Concello de Culleredo o 25 de xaneiro de 2017, sendo o actual alcalde Tenente de Alcalde con Julio Sacristán.

Queda así sen efecto a aprobación definitiva do proxecto de bases e estatutos da xunta de compensación de dita unidade, polo que é preciso aclarar públicamente cal é a situación deses terreos, que son motivo de varias controversias e causas xudiciais, nas que se viron salpicados persoaxes como o ex-alcalde Julio Sacristán ou o empresario inmobiliario Antonio Fontenla, presidente da Confederación de Empresarios.

Os e as concelleiras que asinan o escrito, impulsado polo BNG após reunirse coas persoas afectadas, demandan a posta a disposición de todos os grupos do Pleno Municipal dos expedientes relacionados coa UA16, así como os convenios que poida haber con propietarios anteriores ou posteriores.

Para o voceiro nacionalista, Tono Chouciño, "estamos ante unha mostra máis dos escuros intereses que parecen gobernar o urbanismo en Culleredo, que nos leva a estar rexidos por un Plan Xeral totalmente desfasado".

## **O BNG reúne coas familias afectadas pola falta de persoal de apoio no Rego de Trabe**

15 de outubro de 2022

**Tono Chouciño, voceiro do BNG de Culleredo, e Mercedes Queixas, deputada nacionalista, reuníronse esta semana coas familias afectadas.**

**Mercedes Queixas recolleu as demandas para darlles traslado no Parlamento de Galiza.**

**O BNG xa ten denunciado que o IES Rego de Trabe impartira clases en dous edificios separados por unha rúa con tráfico rodado.**

**Culleredo segue sen ter un mapa escolar acaído á súa realidade.**

O voceiro do BNG de Culleredo, Tono Chouciño, e a parlamentaria nacionalista Mercedes Queixas reuníronse esta semana coas familias do IES Rego de Trabe afectadas polas carencias de persoal especializado no apoio ao alumnado con diversidade funcional.

Tono Chouciño trasladou ás familias o apoio da fomación ás reivindicacións solicitadas e a que a Corporación municipal se pronuncie para reclamar da Consellaría de Educación os recursos precisos para cubrir as necesidades de apoio.

Mercedes Queixas, que estivo presente na manifestación de Bergondo, recolleu as demandas das familias para darlles traslado ao Parlamento de Galiza, pois teñen dereito á Educación en condicións de igualdade.

O BNG local xa denunciou públicamente no seu momento e rexeitou que este IES tivera dous edificios separados por unha rúa con tráfico rodado e importantes carencias de mobilidade, para as que se reclamou solución a través de emendas aos orzamentos da Xunta dos últimos anos.

Situacións coma esta son consecuencia da carencia dun mapa escolar adaptado á realidade de Culleredo, e que tantas veces se ten reclamado.

O BNG de Culleredo convida a toda a veciñanza, tanto a nivel particular como de colectivos e asociacións, a solidarizarse co alumnado afectado, xa que ninguén está libre de atoparse nesta situación en calquera momento.

## **O Concello de Culleredo aínda non ten contratadas as actividades culturais e deportivas municipais**

9 de novembro de 2022

**O Goberno municipal anunciara o comezo das súas actividades en outubro.**

**O Concello aprobou a iniciación do proceso de contratación o 28 de outubro, e as empresas aínda teñen até o 14 de novembro para presentar as súas ofertas.**

**A día de hoxe descoñécese cando poderán empezar a funcionar.**

**Verifícase, unha vez máis, o desleixo e a incapacidade deste goberno municipal para levar a cabo até as tarefas máis rotineiras e previsíbeis da xestión municipal.**

Despois de afirmar no Pleno municipal que a demora nas escolas municipais era debido a "un problema nas inscricións" e a "problemas de índole informática", o Goberno Municipal publicou, o 30 de outubro, a convocatoria para contratar a empresa que impartirá as escolas culturais e deportivas no curso 2022-2023.

Tal e como calquera pode constatar na Plataforma de Contratación do Sector Público ([https://contrataciondelestado.es/wps/portal/!ut/p/b0/04\\_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtUlJLEnNyUuNzMpMzSxKTgQr0w\\_Wj9KMyU1zLcvQjg8M9\\_JyKjZwCnPPygvNDIoyrVA3Myx1tbfULcnMdAVz0WYA!/](https://contrataciondelestado.es/wps/portal/!ut/p/b0/04_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfIjU1JTC3Iy87KtUlJLEnNyUuNzMpMzSxKTgQr0w_Wj9KMyU1zLcvQjg8M9_JyKjZwCnPPygvNDIoyrVA3Myx1tbfULcnMdAVz0WYA!/)), o Concello aprobou a iniciación do proceso de contratación o 28 de outubro, publicándose no perfil do Contratante o día 30, e dispoñendo as empresas aínda até o día 14 de novembro para presentar as súas ofertas.

Tendo en conta que aínda se deberá facer unha valoración das distintas propostas e que as empresas poderían ter que presentar documentación adicional, algo habitual en calquera licitación pública, dificilmente poderán comezar as actividades antes do mes de decembro, máxime tendo en conta a axilidade que caracteriza a esta administración local.

Tampouco se coñece aínda o resultado do sorteo das prazas das actividades que o Sr. Alcalde dixo no último Pleno que se ía "realizar nos próximos días".

Todo isto dá como resultado que unhas actividades que o propio Concello na súa páxina anunciaba que comezarían no mes de outubro (<https://www.culleredo.es/node/7602>), teñan a día de hoxe unha data de comezo totalmente incerta.

# Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

Constátase que a veciñanza de Culleredo non pode agardar nada do actual Goberno Municipal do Sr. Rioboo, incapaz de realizar as tarefas máis rotineiras e predicíbeis da xestión municipal.

O BNG de Culleredo lamenta o desleixo amosado polos responsábeis municipais e fai fincapé na necesidade de conformar unha nova equipa de goberno capacitada para sacar o Concello de Culleredo da parálise na que o teñen instalado.



## O BNG demanda a rápida cobertura da praza de Secretaria Municipal

19 de novembro de 2022

**A Secretaría é a encargada de velar pola legalidade dos actos que emanan do Concello**

**A súa ausencia ven agravar a parálise na que xa está instalado o noso Concello.**

**O BNG solicita que se recorra ás solucións que a lexislación prevé para dar cobertura definitiva a este tipo de vacantes, do xeito máis áxil posíbel.**

**É a segunda Secretaria Municipal que deixa o Concello en 6 meses.**

O BNG demanda do Goberno Municipal que emprenda as acción oportunas para a cobertura da praza de Secretaria Municipal no prazo máis breve e do xeito máis áxil legalmente posíbel.

A praza está vacante pola dimisión da última persoa que desenvolveu esas funcións, durante un breve período de tempo, logo do traslado voluntario da súa antecesora.

A Secretaría Municipal é un posto reservado a funcionariado con habilitación de carácter estatal, e é a encargada de velar pola legalidade dos actos que emanan do Concello. Ten reservadas as funcións de dar fé pública e de prestar o asesoramento legal preceptivo.

Se xa a actividade municipal no Concello de Culleredo caracterízase pola súa escasa axilidade, a ausencia de Secretaria Municipal implica agravar esa parálise.

É por isto que o BNG solicita do Goberno Municipal que recorra ás solucións que a lexislación prevé para dar cobertura definitiva a estas vacantes sobrevidas, solicitando do órgano ministerial encargado que a vacante se inclúa no próximo concurso, ben sexa no unitario ben no ordinario.

## **Acto informativo sobre o novo Plan Director do aeroporto**

26 de novembro de 2022

**Celebrase o luns 28, ás 19.00h, no Salón de Actos do Edificio de Servizos Múltiples.**

**Abordaremos as consecuencias e servidumes do novo Plan Director e as posíbeis accións a levar a cabo polas persoas afectadas.**

O BNG de Culleredo organiza este luns día 28, ás 19.00h., unha palestra informativa sobre as implicacións do novo Plan Director do Aeroporto de Albedro, no Salón de Actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo.

Acompañarán a Tono Chouciño o profesor de Dereito Administrativo da UdC, Carlos Aymerich, e o avogado Xoán Antón Pérez Lema.

No acto falarase das consecuencias e servidumes que traerá a aprobación de dito Plan Director sobre as propiedades incluídas no ámbito de afección da pegada sonora e as posíbeis accións a levar a cabo polas persoas afectadas.

Para Tono Chouciño "a veciñanza non pode ficar á espera do cumprimento dunhas difusas promesas que, coñecendo como coñecemos ao señor Rioboo, pronto se han transformar en excusas e lamentacións"

No último Pleno, celebrado este xoves, puidose comprobar como o Goberno de José Ramón Rioboo amosara o seu escaso interese en dar cumprimento ás resolucións aprobadas polo anterior Pleno Municipal e mesmo se negaba a apoiar financeiramente ás asociacións veciñais para que puideran reclamar contra o texto aprobado polo Ministerio.

## Recheos sen licenza na Rúa Pablo Picasso

10 de decembro de 2022

**A autorización de Augas de Galiza, actualmente en trámite, é previa á concesión de calquera licenza de obra.**

**Trátase da parcela da rúa Pablo Picasso na que xa houbo recheos hai meses e constátase agora o que dicía o BNG que eran sen licenza.**

**O recheo efectuado provoca, nos días de chuvia, escorrentías de lama que rematan na Ría do Burgo.**

**O BNG de Culleredo xa preguntou en varias ocasións polas obras efectuadas e visitou o solar coa deputada Mercedes Queixas e representantes de asociacións naturalistas.**

O día 1 de decembro publicouse no Boletín Oficial da Provincia o anuncio de Augas de Galiza da solicitude de autorización para efectuar recheos e obras na parcela da rúa Pablo Picasso.

A concesión desta autorización debe ser previa á concesión da licenza de obras e, por suposto, á realización dos recheos e das obras. Constátase, á vista da publicación no BOP, que os recheos efectuados até o momento carecían de licenza.

Na parcela xa se efectuaron recheos polos que preguntamos en varias ocasións ao Alcalde no Pleno Municipal. A primeira vez, no mes de Xuño, o Sr. Rioboo contestou que o que se estaba a realizar era unha "limpeza subsidiaria dunha parcela forestal" e que non tiña coñecemento de ninguna licenza para obras nesa parcela.

O BNG, que ten recibido numerosas queixas veciñais polas obras efectuadas, e que xa realizou unha visita ao solar coa deputada Mercedes Queixas e representantes de asociacións naturalistas, esixe do Goberno Municipal que se aclare a legalidade das obras realizadas nesa parcela.

Tono Chouciño, voceiro nacionalista, manifesta a súa preocupación polas escorrentías de lama que, en días de chuvia, se orixinan no solar e van rematar na Ría do Burgo, "índo na dirección contraria ao saneamento da Ría mediante a dragaxe".

## **O Goberno Municipal modifica ilegalmente a Mesa de Contratación de Culleredo**

14 de xaneiro de 2023

**A modificación foi feita para avaliar a presunción de temeridade da oferta que resultou finalmente adxudicataria da licitación das Escolas Municipais.**

**A composición da Mesa de Contratación foi modificada por resolución da Concelleira de Facenda, cando a competencia é do Pleno.**

**Calquera das empresas que non foron adxudicatarias podería recorrelas e meter nun problema económico (outro máis) ao Concello de Culleredo.**

**Tanto os servizos xurídicos, nos seus informes, como a oposición, advertiran xa das irregularidades.**

A contratación das Escolas Municipais Culturais e Deportivas 2022-2023 tráenos unha nova mostra da incapacidade e o desprezo do Goberno Municipal polos procedementos legais para a contratación pública, desprezo que lles fai perder as formas e os tempos para dispor dos servizos públicos en forma e prazo.

As Escolas Municipais 2022-2023 comezaron con retraso debido a non ter contratada unha empresa para impartir as aulas. Este atraso levounos a facer unha barbaridade máis coa contratación das Escolas Municipais que podería acabar tendo consecuencias para as arcas municipais.

O 25 de novembro de 2022 a Concelleira delegada nas áreas de Urbanismo e Facenda, D<sup>a</sup> Marta Iglesias, asina unha resolución na que acorda "modificar a composición da Mesa de Contratación". Nesa resolución nomea como Presidenta á funcionaria que figuraba xa como suplente dunha vogal da mesma Mesa. Este acto é ilegal pois modifícase a composición da Mesa de Contratación por un órgano incompetente, non polo órgano legalmente competente que é o Pleno.

Non foi casualidade que tiveran problemas coa composición da Mesa de Contratación e os levara a estas decisións impropias cando lles apertaron os prazos. É o resultado desta (des)organización na que navega a maioría absolutísima de Rioboo. Unha (des)organización na que titulares de postos na Mesa de Contratación eran tamén suplentes para outros postos nesa mesma Mesa, nunha iteración na que unha baixa por calquera motivo levaría a unha desfeita.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

A súa composición foi xa informada desfavorabelmente pola Secretaria Municipal, pois figuraban, como vogais suplentes, dous funcionarios municipais, que ocupaban (e aínda ocupan) as xefaturas do servizo de Cultura e Educación e do servizo de Dinamización, Formación e Emprego. O motivo dese informe desfavorábel era que desempeñaban postos de traballo "cuxa especialización non garda relación coa contratación pública, [...] non se cumpre o requisito de especialización propio da mesa de contratación".

Agora, nunha volta máis a esa irregularidade, a un deles encomendáronlle o informe no que se xustifica que unha das ofertas non incorre en baixa temeraria, e á outra nomeárona, saltándose ao órgano legalmente establecido para facelo, para a presidencia da Mesa de Contratación que propón outorgar a esa empresa o contrato das Escolas Municipais 2022-2023.

Agardamos que este novo desvarío do Goberno Municipal non teña consecuencias para o funcionamento das Escolas Municipais que xa empezan cun trimestre de atraso e tampouco para as arcas municipais.

## O BNG solicita a rectificación das bases dun proceso selectivo

21 de xaneiro de 2023

**A lei especifica as titulacións precisas para o acceso á Subescala Técnica da Escala de Administración Xeral.**

**O Concello de Culleredo abre a participación no proceso selectivo a persoas con titulacións que non están entre as admitidas polo Real Decreto Legislativo 781/1986.**

**Unha norma de rango de Lei, como é o RDL 781/1986, non pode ser modificada por unha norma de rango inferior, como é a convocatoria dunha oposición.**

**É preciso iniciar a revisión de oficio do expediente e paralizar as actuacións do proceso selectivo, para evitar lesionar os intereses tanto das persoas interesadas no proceso como do propio Concello, que se pode ver inmerso en novos procedementos xudiciais.**

O BNG solicitará, no vindeiro Pleno Municipal, a rectificación da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de técnica/o de administración xeral, subescala técnica, persoal funcionario de carreira con vínculo fixo.

A lei, concretamente o Real Decreto Legislativo 781/1986, establece:

"El ingreso en la Subescala Técnica se hará por oposición libre y se precisará estar en posesión del título de Licenciado en Derecho, en Ciencias Políticas, Económicas o Empresariales, Intendente Mercantil o Actuario."

Malia isto, nas bases do proceso selectivo, no apartado dos requisitos para participar no mesmo, indícase:

"5.5. Titulación: estar en posesión, ou en condicións de obtelo o día que remate o prazo de presentación de instancias do título de grao universitario, licenciatura universitaria ou equivalente."

Con esta redacción a convocatoria queda aberta a titulacións que non son as especificadas no Real Decreto Legislativo 781/1986. Tendo esta norma rango de Lei, os seus preceptos non poden ser modificados por disposicións de rango inferior, sendo nulas de pleno dereito as que a contradigan.

Por este motivo o BNG de Culleredo solicitará a incoación dun expediente de revisión de oficio e a suspensión do proceso selectivo até a resolución do mesmo.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

O BNG vese na obriga, máis unha vez, de reclamar ao Goberno Municipal o respecto á legalidade nas súas actuacións. A reiteración de casos fai que non se poidan considerar meros despistes. O Goberno Riobo apura os últimos meses de mandato con actuacións aberrantes que saltan os procedementos. A estas alturas poucas dúbidas quedan da premeditación destas actuacións.

Lembremos que o BNG demandou recentemente que a convocatoria de 5 prazas de policía local se encomendara á Academia Galega de Seguridade Pública, petición que foi rexeitada polo PSOE contando coa abstención do PP.

## **Tono Chouciño presenta a súa candidatura á alcaldía de Culleredo acompañado por Ana Pontón e a militancia do BNG**

23 de febreiro de 2023

**Acompañano Bea Pérez e Gonzalo Méndez, que repiten e serán números dous e tres respectivamente.**

**Ana Pontón destacou a tenacidade do candidato e a gran capacidade da equipa do BNG de Culleredo.**

O BNG de Culleredo dá un paso máis cara a alcaldía de Culleredo e presenta a Tono Chouciño como firme candidato. O acto de presentación tivo como convidada de honra a Ana Pontón, voceira nacional da formación, e tivo lugar a tarde de hoxe xoves, día 23 de febreiro, no Centro Cultural de Castro e A Laxe, na parroquia de Rutis. Na súa intervención, Chouciño insistiu en que “Culleredo necesita un goberno decente que se encargue do día a día, que estea ao carón da xente”.

Ana Pontón destacou a capacidade da equipa do BNG e valora que se ten “achegado a cada rincón deste concello, ten acompañado a moitos movementos sociais, asociacións, plataformas...”, liderado por un Tono Chouciño do que “sen dúbida destaca a súa tenacidade, e podedes ter claro que a onde vai Chouciño, chega Culleredo, e escoitase a Culleredo alto e claro.” E, despois de 40 anos de “gobernos caducos, que se teñen demostrado esgotados”, engade, “o BNG conta cun modelo de xestión municipal transformador que se ten demostrado exitoso”.

O actual equipo repite e tanto Bea Pérez como Gonzalo Méndez serán números dous e tres respectivamente na lista que concorrerá ás eleccións municipais, que se celebrarán o vindeiro 28 de maio.



## **Tono Chouciño: "Culleredo precisa un goberno decente"**

25 de febreiro de 2023

**Ana Pontón, presente no acto, fixo fincapé na determinación e na capacidade de traballo de Tono Chouciño.**

**Tono lembrou os numerosos colectivos cos que ten colaborado dende a oposición para axudalos nas súas demandas.**

**Comprometeuse a dar a Culleredo o goberno decente que precisa, que estea do lado dos veciños e veciñas no día a día, facendo avanzar o Concello.**

Este xoves tivo lugar, nun Centro Social de Castro e A Laxe ateigado de veciños e veciñas de Culleredo, a presentación de Tono Chouciño como candidato do BNG ás videiras eleccións municipais do 28 de maio.

O acto contou coa participación de Ana Pontón, voceira nacional do BNG, que fixo fincapé na determinación e na capacidade de traballo de Tono Chouciño para poñer Culleredo na senda de outros concellos gobernados polo BNG, empregando o exemplo de Carballo "un concello de similares dimensións e características, que dende a chegada do BNG con Evencio Ferreiro á alcaldía se convertíu nunha referencia polo seu dinamismo e progreso".

Tono Chouciño, na súa intervención, fixo un periplo polos distintos colectivos cos que colaborou e cos que traballou para acadar unha solución aos seus problemas, dende os mariscadores e mariscadoras da Ría do Burgo, cos que se traballou para a limpeza e rexeneración da Ría, até os pais e nais do Conservatorio, aos que se está a apoiar para acadar a cobertura das ausencias do profesorado, pasando polos afectados polo novo Plan Director do Aeroporto, aos que se lles está axudar para reducir as afeccións sobre as súas propiedades.

O acto contou coa presenza de representantes de varios deses colectivos, así como tamén de persoas que se manifestaron en defensa da conservación dos xardíns do Pazo dos Serrano, ou da veciñanza burlada polo amago de obras en Fonte da Balsa, que aínda seguen sen realizarse 10 anos despois de prometidas.

Tono Chouciño comprometeuse a dotar a Culleredo "dun goberno decente, que estea ao lado dos veciños e veciñas no día a día, e que faga progresar e avanzar un Concello que ten un grande potencial que pode facer de Culleredo un referente a nivel comarcal e galego".

## **Orzamentos de Culleredo 2023: endebedamento de 7,5 millóns de euros e aparición de débedas de anos anteriores**

4 de marzo de 2023

**Despois de anos falando de superávit, aparecen débedas de exercizos anteriores (até de 2015) que suman ao redor de 1,5 millóns de euros.**

**O orzamento presentado supón un endebedamento de 7,5 millóns de euros, despois de terense fundido 10 millóns de euros dos anos anteriores.**

**Do orzamento de 2021, último ano do que se ten Conta Xeral, só fói executado o 59% dos ingresos e o 57% do gasto.**

**O proxecto de orzamentos presentado carece de participación cidadá, ao non terse convocado o Consello Xeral de Participación, como regulamentariamente está establecido.**

**O BNG rexeita o uso electoralista do orzamento municipal e dos recursos públicos empregados na súa elaboración.**

**Culleredo precisa dun orzamento comprometido, real e focalizado nas necesidades da súa veciñanza, obxectivos que fican lonxe do orzamento presentado este xoves no Pleno polo Goberno Municipal.**

O proxecto inicialmente aprobado supón un endebedamento do Concello en 7,5 millóns de euros, despois de teren anunciado durante anos superávits económicos. O goberno municipal fundiuse un aforro que cifraban en 10 millóns de euros, non sabemos moi ben en que, e agora agroman débedas que datan até de 2015, que suman ao redor de 1,5 millóns de euros e non estaban recollidas en orzamentos anteriores

O que si sabemos é que aumentan a sala salarial do Concello, non para dotar ao Concello dos recursos humanos que precisa, senón para subir os soldos a funcionarios próximos ao Goberno Municipal.

A aprobación inicial do orzamento para 2023 é, máis que acto formal do Concello de Culleredo, un acto de precampaña do PSOE e de José Ramón Rioboo. O proxecto aprobado inclúe numerosas promesas de actuación, pero en moitos casos sen concretar nen as actuacións nen as partidas que se destinan a cada unha delas.

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

Para ver o grao de credibilidade destes orzamentos, abonda dicir que en 2021, último ano do que se ten Conta Xeral, só foi executado o 59% dos ingresos e o 57% do gasto. Obras como a rotonda da Igrexa de Vilaboa, incluída nos orzamentos de 2021, aínda se están a realizar agora. A reforma da polideportiva de Tarrío, do mesmo exercizo, aínda non comezou.

Os orzamentos debían estar aprobados o 31 de decembro de 2022, hai máis de 2 meses. Aínda así elaboráronse sen contar coa preceptiva convocatoria do Consello Xeral de Participación Cidadá ("o terceiro martes do mes de outubro"), que debería poder facer propostas que "poderán supoñer ata un 25% do anexo de investimentos do orzamento". Así o recolle a normativa de participación que este mesmo Goberno Municipal aprobou, recortando o dereito ao exercizo da participación cidadá. Pero aínda recortada parécelles excesiva esa participación e por iso prescinden absolutamente dela.

O BNG rexeita o uso electoralista que o PSOE e o alcalde José Ramón Rioboo fai dos orzamentos e da administración municipal, e comprométese a realizar unha política económica e unha xestión municipal responsábel, recuperando a participación cidadá real e botando luz sobre a situación económica real do Concello.

## **O BNG de Culleredo presenta o equipo co que aspira a formar o vindeiro goberno municipal**

18 de marzo de 2023

**Tono Chouciño, actual voceiro nacionalista, encabeza unha candidatura sen ataduras, co obxectivo de facer de Culleredo o concello que os seus veciños e veciñas merecen.**

**Repiten con el os actuais concelleiros, Beatriz Mosquera e Gonzalo Méndez.**

**Entre as incorporacións a estes primeiros postos hai tres mulleres independentes, representantes dunha veciñanza chea de ganas e ilusión para transformar o noso concello co seu traballo.**

O BNG presenta os primeiros postos da candidatura para as eleccións municipais do vindeiro mes de maio, e coas que aspira a conformar o goberno municipal que saia desas eleccións.

A candidatura está encabezada por Tono Chouciño, actual voceiro nacionalista en Culleredo e informático da Xunta de Galiza.

Repiten con el nos primeiros postos Beatriz Mosquera, traballadora do Consello da Cultura Galega e emprendedora, e Gonzalo Méndez, xestor cultural especializado en proxectos de emprendemento.

A continuación, incorpóranse á candidatura Xabier Villarrenaga, profesor de Educación Secundaria e voceiro da Plataforma Somos Rural, e as independentes Carmen Otero, mestra de Educación Especial no IES Blanco Amor, Ana María Calvo, administrativa da Xunta de Galiza, e Laura Raposo, traballadora do comercio no sector textil.

Elas encabezan unha candidatura sen ataduras que aspira a constituír o vindeiro goberno municipal, que conxuga veteranía e xuventude, e na que se primou o compromiso con Culleredo e a capacidade de traballo para, con esforzo e rigor, facer realidade o concello que os seus veciños e veciñas merecen.

## **Cargan recibos á veciñanza desde o Concello sen notificar a que corresponden**

22 de marzo de 2023

**A veciñanza, tras varias solicitudes de información, puido saber que o Concello estaba a incumprir as súas propias normas e que estaba a pasar agora ao cobro as taxas polas actividades municipais do curso 2021/2022, nun só cargo e sen previo aviso.**

**Chega a darse o caso de que se pase ao cobro a taxa a persoas que causaron baixa naquelas actividades e non desfrutaron das mesmas.**

**Confírmase a incapacidade manifesta do goberno municipal para organizar estas actividades, despois de que as do curso 2022/2023 tiveranse iniciado máis de 2 meses máis tarde do previsto.**

Veciñas e veciños de Culleredo espertaron no día de hoxe cunha sorpresa na súa conta bancaria. Un cargo descoñecido do Concello de Culleredo do que non foron informados previamente, sen especificar do tipo de taxa ou imposto do que se trata. Tras varias solicitudes de información puideron saber que as taxas cobradas correspondían ás actividades municipais do curso 2021/2022. O Concello incumpriu coas súas propias normas e, no canto de cobrar as taxas correspondentes a estas actividades en períodos trimestrais durante a duración do curso, fai agora un cobro único, pasado case un ano do fin das actividades. Ao BNG acudiron veciñas e veciños preocupados por este cargo bancario, chegando a darse casos do cobro a persoas que causaran baixa naquelas actividades e que non desfrutaron das mesmas.

A incompetencia manifesta do goberno municipal para organizar estas actividades quedou xa de manifesto cando, entre excusas, non foron quen de iniciar as actividades de 2022/2023 en tempo e forma, seguindo o calendario que o mesmo Concello publicaba no inicio do proceso. As actividades que deberían ter iniciado a inicios de outubro non comezaron ata mediados do mes de decembro, provocando un desprezo absoluto ás familias e persoas maiores que teñen nestas actividades oportunidades para a socialización ou a conciliación familiar. Como era fácil prever, o proceso ordinario de asignación de prazas rematou cunhas 400 prazas vacantes.

Agora podemos comprobar ademais, que a xestión económica deste proceso é igualmente nefasto. As familias que pagaron agora a taxa correspondente ás actividades do curso 2021/2022 non foron avisadas previamente dos cambios na modalidade de pago, nin do pago a través dun único cargo nin da data prevista para o cobro, impedindo calquera planificación no caso de ser precisa. O mesmo leva acontecendo desde hai meses no cobro das taxas do Conservatorio municipal, o cal a Asociación de Nais e Pais do centro leva advertindo nos últimos tempos. Ademais de non poder saber cando se lles van a

## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

pasar as cotas correspondentes ao cobro a través das súas contas bancarias, en moitos casos, levan gran parte do curso abonando taxas por clases que o alumnado non recibe.

O BNG de Culleredo reclama ao goberno municipal unha maior seriedade na xestión destas actividades formativas e de lecer, e un maior respecto polas familias e persoas usuarias das mesmas.

## O BNG demanda a paralización das oposicións á Policía Local

1 de abril de 2023

**A resolución polo Alcalde do recurso interposto por varios interesados, é nula de pleno dereito.**

**De acordo co Tribunal Supremo, o órgano competente para resolver as revisións de actos nulos de pleno dereito é exclusivamente o Pleno municipal.**

**Débese paralizar o proceso para garantir os dereitos das persoas interesadas e salvagardar os intereses do Concello de Culleredo.**

O BNG solicitou no Pleno do pasado xoves a paralización do proceso selectivo para 5 plazas de Policía Local por, entre outros motivos, estar o procedemento incurso en causas de nulidade de pleno dereito.

O procedemento selectivo foi recurrido por varias persoas interesadas no mesmo, que solicitaban por diversos motivos a súa revisión de oficio.

Dito recurso foi resolto polo Alcalde, cando, de acordo coa sentenza do Tribunal Supremo de 13 de decembro de 2022, o órgano competente é o Pleno do Concello. A sentenza aclara mesmo que esta competencia non pode ser delegada noutro órgano.

Así pois, esta causa evidente de nulidade vén sumarse a todas as alegadas polos recurrentes, e fai necesario que o Goberno Municipal paralice todo o proceso, como solicitan os recurrentes.

A tentativa de resolución polo Alcalde ao recurso é un novo chanzo que tenta botar máis escurantismo sobre un proceso selectivo denunciado por irregularidades.

Cómpre lembrar que o BNG propuxo hai tempo delegar este proceso na Academia Galega de Seguridade como fan hoxe en día a maioría dos Concellos, pero nengún dos outros grupos da Corporación quixo apoiálo.

Para o BNG de Culleredo é preciso paralizar o procedemento para garantir os dereitos das persoas recurrentes e evitar prexuízos á propia Administración Local.

## **Culleredo precisa rescatar a súa Administración**

7 de marzo de 2023

**O BNG recibiu queixas de traballadores municipais por numerosas vacantes sen cubrir en diversos departamentos.**

**Esta falta de persoal impide o normal funcionamento da Administración local.**

**O propio Servizo de Persoal ten 4 vacantes sen cubrir de 7 postos de traballo, realizándose os trámites de nóminas e Seguridade Social dende o Concello de Pontedeume.**

**É hora de pór fin a esta situación, non sabemos até que punto buscada polo actual Goberno Municipal, e recuperar a Administración do Concello de Culleredo e poñela a traballar para garantir o benestar da súa veciñanza.**

O Concello de Culleredo é agora mesmo un cascarón vacío, unha Administración sen músculo, sen motivación, e sen unha dirección que o guíe para buscar o benestar dos seus veciños e veciñas.

Un exemplo desta situación é o Servizo de Persoal, fundamental para o funcionamento do propio Concello, pois é o encargado de organizar oposicións de ingreso ou elaborar as nóminas mensuais do persoal.

A degradación deste Servizo é tan grande que agora mesmo, de 7 postos de traballo, só hai 3 cubertos, os outros 4 (entre eles o posto de Xefe de Servizo) están vacantes.

Así, o Goberno Municipal asinou un convenio co Concello de Pontedeume para a realización das nóminas e dos trámites coa Seguridade Social. É dicir, a Administración dun Concello de menos de 8.000 habitantes, ademais de xestionar o seu propio persoal, está a xestionar o Servizo de Persoal dun Concello de máis de 30.000.

Isto tradúcese, por exemplo, no pagamento atrasado das nóminas, como aconteceu recentemente. Tradúcese tamén nas grandes dificultades para xestionar as listas de contratación ou as probas de acceso á Administración. A OPE de 2017 caducou sen que se desenvolvesen os procesos selectivos para a cobertura das prazas que figuraban vacantes.

E non só ocorre no Servizo de Persoal. O BNG ten recibido queixas de traballadores municipais polas vacantes de persoal sen cubrir noutros departamentos, que impiden o funcionamento apropiado dos



## Escolma do traballo realizado polo grupo municipal 2019-2023

mesmos. Temos mesmo recibido queixas de persoal que ten que aportar os medios para desenvolver o seu traballo, sen que dende o Goberno Municipal se tomen medidas.

É hora de pór fin a esta situación, non sabemos até que punto buscada polo actual Goberno Municipal, e recuperar a Administración do Concello de Culleredo e poñela a traballar para garantir o benestar da súa veciñanza. Este é un dos principais compromisos do BNG ao fronte do goberno que saia das eleccións do 28 de maio.

## **O BNG esixe ao Goberno Municipal respetar a legalidade na oposición a postos de Policía Local**

15 de abril de 2023

**A resposta emitida polo Alcalde ao recurso presentado por participantes na oposición, denegando a revisión de oficio dos actos do procedemento selectivo, é nula por ser competencia do Pleno Municipal.**

**O procedemento selectivo debería estar paralizado dende o 24 de marzo.**

**Na resolución da Alcaldía tivéronse en conta informes emitidos por unha persoa condenada polo Tribunal Supremo a inhabilitación para emprego ou cargo público durante 8 anos por un amaño doutro proceso selectivo no Concello de Sada.**

Varios participantes no proceso convocado polo Concello de Culleredo para a selección de novos Policías Locais interpuxeron o 24 de febreiro un recurso para a revisión de oficio do procedemento selectivo, pois consideraban que o tribunal estaba constituído de forma irregular. Pedían, ao mesmo tempo, que se suspendese calquera acto posterior a interposición do recurso. O 21 de marzo, días antes de que o proceso quedase paralizado ao exceder o límite dun mes para a resposta ao recurso, o alcalde emite unha resposta pola que inadmite a solicitude presentada por varios dos opositores.

Esa resolución do Alcalde sería nula de pleno dereito ao non ser competencia da alcaldía emitir a resposta ao recurso, se non do Pleno, seguindo a lexislación e xurisprudencia a este respecto. Por tanto, o 24 de marzo, de acordo coa Lei de Procedemento Administrativo, o procedemento selectivo debería quedar suspendido, por non haber resposta válida ao recurso presentado.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo é moi clara. A Sentencia 1646/2022, de 13 de decembro de 2022, da sala 3ª do Contencioso-Administrativo, Sección 5ª, di: "el órgano competente para conocer de las revisiones de actos nulos de pleno derecho de los Presidentes de las Corporaciones Locales de régimen común es el Pleno del Ayuntamiento", e remata: "no cabe la delegación de tal facultad".

A maiores, na resolución emitida polo Alcalde téñense en conta informes emitidos por unha persoa condenada polo Tribunal Supremo a inhabilitación para emprego ou cargo público durante 8 anos. Esta persoa estivo envolta no amaño doutro proceso selectivo no Concello de Sada.

Para o BNG de Culleredo, ante as continuas mostras acumuladas de falta de transparencia neste procedemento selectivo, é o noso deber esixir ao Alcalde e ao seu grupo de goberno que rectifiquen e obren con respecto á legalidade, polo ben da veciñanza e dos intereses do propio Concello de Culleredo.

## **Canto nos custa a nova fonte ornamental de Vilaboa?**

22 de abril de 2023

**Segundo o proxecto, o custe total ascendería a 110.408,66€**

**Descoñécese se o seu prezo foi rebaixado na oferta gañadora do contrato.**

**O retraso na execución da obra debería acarrear unha penalización económica para a empresa adxudataria.**

**Non moi lonxe desa rotonda hai rúas onde a veciñanza reclama melloras básicas que seguen sen ser satisfeitas.**

O BNG de Culleredo recibiu consultas veciñais sobre o custo da fonte de Vilaboa. No proxecto publicado comprobamos que o prezo base da fonte ornamental era de 78.863,33€. Sumados IVE, gastos xerais e beneficio empresarial, ascende a 110.000,66€.

Non se sabe canto, da rebaixa no prezo ofertado pola empresa adxudataria para facerse coa obra, corresponde ao prezo da fonte ornamental.

Tampouco se coñece a canto ascenden as penalizacións á empresa pola demora na execución da obra. O prazo de execución era de 4 meses a contar dende a entrada en vigor do contrato, o 14 de xaneiro de 2022.

O que si sabemos é que hai necesidades básicas do noso Concello que seguen sen estar cubertas. A poucos metros desa fonte, na Corveira, hai rúas sen recollidas de pluviais, sen sinalización e cun pavimento moi deficiente a pesar das continuas demandas veciñais.

Sabemos tamén das numerosas queixas pola presenza de ratas na proximidade de vivendas non moi lonxe desa mesma rotonda.

Ningunha destas peticións foron incluídas nos orzamentos do presente ano, que se acaban de aprobar con 4 meses de retraso. Orzamentos que tampouco especifican ningunha partida para a mellora da contorna da Fonte da Balsa, malia a aparición dun cartel anunciando unha obra que non figura no portal de contratación.

O BNG de Culleredo comprométese a encabezar un novo Goberno Municipal que priorice as necesidades básicas da veciñanza fronte aos derroches ornamentais do actual, avanzando da man dos nosos veciños e veciñas.